

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 56

Sesión plenaria
24 de xuño de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, segunda votación (doc. núm. 24866, 12/DXCA-000001)

Publicación, BOPG nº 199, do 19.05.2025

Publicación, BOPG nº 205, do 02.06.2025

Punto 2. Texto lexislativo

Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de reforma da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, de implantación do sistema de concerto económico para garantir o financiamento das competencias e servizos públicos básicos de Galicia (doc. núm. 20918, 12/REST-000001)

Publicación da admisión a trámite, BOPG nº 169, do 07.03.2025

Punto 3. Comparecencia

3.1 27478 (12/CPP-000053)

Da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as oportunidades e vantaxes que ofrece o medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Punto 4. Mocións

4.1 27337 (12/MOC-000068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24314, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

4.2 27402 (12/MOC-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 25091, publicada no BOPG núm. 197f2, do 14 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025



4.3 27403 (12/MOC-000070)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 24261, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Punto 5. Propositions non de lei**5.1 24126 (12/PNP-001909)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 192f1, do 30.04.2025

5.2 25541 (12/PNP-002033)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200f1, do 20.05.2025

5.3 26454 (12/PNP-002124)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da recuperación da Área Sanitaria da Mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f1, do 04.06.2025

5.4 26615 (12/PNP-002140)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación coa protección ambiental e posta en valor do río Miño no seu treito internacional

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 206f1, do 04.06.2025

5.5 26783 (12/PNP-002153)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que pida desculpas pola organización dunha recepción ao representante da embaixada de Israel tendo en conta a situación en Palestina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f1, do 11.06.2025



5.6 26904 (12/PNP-002164)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar na igualdade de trato do colectivo LGTBI nos centros de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f1, do 11.06.2025

Punto 6. Interpelacións**6.1 21722 (12/INT-000872)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

6.2 26011 (12/INT-001008)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025

6.3 26145 (12/INT-001018)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 27517 (12/POPX-000047)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a eficacia da política do Goberno galego para abordar as necesidades reais das galegas e dos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

7.2 27518 (12/POPX-000048)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o grao de contundencia do Goberno galego ante o problema da violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 27492 (12/PUP-000122)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a supresión de frecuencias nos servizos ferroviarios da estación da Gudiña-Porta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.2 26599 (12/POP-003930)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e oito deputados/as máis

Sobre a decisión unilateral do reitorado da Universidade da Coruña de crear un novo grao en Medicina e romper o acordo de 2015 respecto do modelo de formación médica na nosa comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 04.06.2025

8.3 27494 (12/PUP-000123)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre as instrucións da Consellería de Educación para o curso académico 2025-2026 en relación co control da natureza das actividades organizadas polos departamentos e o profesorado nos centros de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.4 16825 (12/POP-002595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para entender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f1, do 24.01.2025

8.5 23894 (12/POP-003533)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e oito deputados/as máis

Sobre os avances acadados a prol dos dereitos das persoas LGTBI

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f3, do 16.04.2025

8.6 16949 (12/POP-002647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f2, do 24.01.2025



8.7 19153 (12/POP-002959)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Deza Martínez, María e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da política de vivenda que está a desenvolver o Goberno de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

8.8 22341 (12/POP-003393)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre a situación da sanidade pública na comarca da Mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

8.9 26310 (12/POP-003853)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis**

Sobre o problema derivado da sentenza xudicial que anula case sete mil carnés de manipulador de produtos fitosanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 04.06.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O presidente comunica a ausencia nesta sesión plenaria do deputado don José Manuel Golpe Acuña (BNG). (Páx. 12.)

Elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, segunda votación. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente expón que, dado que non se acadou o resultado que se precisa na primeira votación, se vai proceder a unha segunda, na que cómpre acadar 45 votos a favor. De non se lograren, tería que facerse unha terceira votación na seguinte sesión plenaria, na que sería suficiente cunha maioría absoluta. (Páx. 12.) A seguir, explica o procedemento de votación, que será por chamamento. (Páx. 12.)

Logo de se repartiren as papeletas, o señor presidente rógalle á secretaria da Mesa (Vázquez Mourelle) que comece o chamamento das señoras e dos señores deputados, así como dos membros do Goberno e da Mesa, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 12.)

Rematada a votación, procédese ao escrutinio e o señor presidente anuncia o resultado.

Resultado da votación: votos emitidos, 72; votos a favor de dona María Concepción Pombo Romero, 39; votos en contra, 35. (Páx. 12.)

O señor presidente comunica que, ao non se acadar a maioría de tres quintos, se incluírá unha terceira votación na seguinte sesión plenaria. (Páx. 12.)

Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de reforma da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, de implantación do sistema de concerto económico para garantir o financiamento das competencias e servizos públicos básicos de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 16.), Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 16.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 19.).

Rolda de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 23.)

Votación do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de Lei, do G. P do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de reforma da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de auto-



mía para Galicia, de implantación do sistema de concerto económico para garantir o financiamento das competencias e servizos públicos básicos de Galicia: *rexeitada por 23 votos a favor, 48 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 24.)

Comparecencia da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as oportunidades e vantaxes que ofrece o medio rural. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez).* (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 35.), *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 37.), *Sr. Fernández Fernández (BNG).* (Páx. 41.) e *Sr. Viso Diéguez (P)* (Páx. 44.).

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez).* (Páx. 47.)

A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 51.) *Nesta rolda interveñen o señor Ojea Bouzo (M)* (Páx. 51.), *a señora Méndez López (S)* (Páx. 53.), *o señor Fernández Fernández (BNG)* (Páx. 55.), *o señor Viso Diéguez (P)* (Páx. 57.) e *a señora conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)* (Páx. 59.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González, sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción (Páx. 62.).

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Fernández González (BNG).* (Páx. 63.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 68.) e *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 68.).

A señora Fernández González (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 70.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 71.).

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 74.), *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 74.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 76.).

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 78.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 83.), Sra. Valcárcel Armesto (BNG) (Páx. 83.) e Sr. Rodríguez Conde (P) (Páx. 86.).

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 88.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González, sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra para solicitar a votación separada do primeiro punto da moción presentada por ela. (Páx. 90.)

Votación do punto número 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto número 1, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei e tamén a autoemenda presentada polo propio grupo autor desta iniciativa. (Páx. 92.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pérez López (P). (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 95.) e Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 97.).

A señora Pérez López (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 100.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou unha autoemenda. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Espinosa Mangana (S). (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 105.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 108.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 108.).

Nova intervención da señora Espinosa Mangana (S). (Páx. 111.).

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da recuperación da Área Sanitaria da Mariña. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Méndez López (S). (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 115.), Sr. Castro García (BNG) (Páx. 115.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 118.).

Nova intervención da señora Méndez López (S). (Páx. 120.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Julio García Comesaña e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación coa protección ambiental e posta en valor do río Miño no seu treito internacional. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 122.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. García Comesaña (P). (Páx. 123.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Castro Rey (S) (Páx. 126.) e Sr. Rúa-nova Vilas-Boas (BNG) (Páx. 128.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 130.).

O señor García Comesaña (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 130.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Taibo Corsanego e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que pida desculpas pola organización dunha recepción ao representante da Embaixada de Israel tendo en conta a situación en Palestina. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Taibo Corsanego (BNG) (Páx. 132.).*

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 134.), Sra. Castro Rey (S) (Páx. 134.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 136.).*

Nova intervención da señora Taibo Corsanego (BNG). (Páx. 139.)

Suspéndese as sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica inasistencia a esta sesión plenaria o deputado don José Manuel Golpe Acuña.

E, sen máis, entramos no primeiro punto da orde do día.

Elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, segunda votación

O señor PRESIDENTE: Isto sería a súa segunda votación. Imos ver, eu creo que aquí ao mellor se podía resumir. Xa fixemos unha primeira votación, non se acadou o resultado para que poida ser elixida xa a persoa proposta, e corresponde hoxe facer a segunda votación, na que necesita alcanzar un total de 45 votos; de non alcanzar eses 45 votos, tería que volverse repetir na próxima sesión plenaria unha votación, na que chegaría xa con maioría absoluta.

Entón, se lles parece, como as papeletas creo que xa as repartiron, comezamos co chamamento para ver como vai esta votación.

Teñen que baixar a vicepresidenta e a vicesecretaria.

(A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan a papeleta do seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

¿Votaron todas as deputadas e deputados? *(Pausa.)* Pois si. Pois, entón, procedemos ao recuento.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado é: votos emitidos, 72; votos a favor de dona María Concepción Pombo Romero, 39; votos en contra, 33.

Polo tanto, non acadada a maioría de tres quintos, incluírase na seguinte sesión plenaria.

O señor PRESIDENTE: Rematou aquí a votación.

Continuamos co punto segundo da orde do día, texto lexislativo.



Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de reforma da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, de implantación do sistema de concerto económico para garantir o financiamento das competencias e servizos públicos básicos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a súa portavoz, dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Hoxe desde o BNG presentamos unha proposta de reforma do Estatuto, unha vía excepcional para un asunto excepcional.

É certo que estamos ante unha reforma puntual, pero unha proposta que aborda un asunto de gran calado e de moita importancia para o futuro de Galiza. Trátase de blindar no Estatuto un concerto económico cun único propósito, que é darlle a Galiza a chave dos seus cartos, para mellorar a vida das persoas. Trátase de establecer unha nova relación co Estado que deixe atrás o centralismo financeiro, para poder decidir desde aquí sobre o cento por cento dos nosos recursos.

Esta proposición de lei é tamén unha man tendida ao diálogo e á negociación entre as diferentes forzas políticas, nun momento no que está a debate o modelo de financiamento; man tendida co ambicioso obxectivo de dotarnos dun sistema xusto, que fortaleza o noso autogoberno e o benestar das persoas, defender un concerto económico e actuar con dignidade, con ambición e eu ata diría que con sentido común. Porque, señorías, ¿algún de vostedes prefire que outra persoa decida sobre os seus cartos cando poden facelo directamente? Estou segura de que ninguén.

Galiza debe poder decidir sobre os seus recursos e definir como utilízalos, debe poder planificar os seus investimentos, priorizar gastos e establecer a súa propia política fiscal, adaptada á realidade do país.

Apostar por un concerto económico que nos dea o control dos nosos cartos é, en definitiva, apostar por unha Galiza máis forte, con máis ambición colectiva e con máis capacidade para poder afrontar os retos de presente e de futuro.

O concerto económico é a mellor alternativa para este país, despois de soportar durante décadas un modelo inxusto e discriminatorio, que nos fai perder miles de millóns de euros cada ano. E non podemos permitirnós perder eses miles de millóns de euros. Ao contrario, precisamos eses recursos que hoxe quedan en Madrid, para mellorar a vida dos galegos e das galegas, para financiar os servizos públicos, para potenciar os nosos sectores produtivos ou para darlle futuro á xente moza. En definitiva, precisamos eses recursos que hoxe quedan en Madrid para construír unha Galiza mellor para todos e para todas. *(Aplausos.)*

Temos que pasar a páxina dun modelo centralista que actúa como un lastre, porque non é só que o Estado faga caixa con Galiza, que, por suposto; é que o actual sistema nin tan sequera garante a suficiencia financeira das nosas competencias.



E isto, señorías, xa o temos debatido nesta Cámara e nolo sinalou o propio Consello de Contas nun informe que ten unha conclusión demoledora, e é que co actual sistema de financiamento Galiza perde, e perde moito. Nada menos que acumulamos un déficit de 13.975 millóns de euros entre os anos 2009 e 2021, iso se incluímos os fondos complementarios do modelo de financiamento. Porque, se temos en conta o que é o sistema de financiamento puro e duro, o déficit sobe a 18.420 millóns de euros; así desde 2009, a razón de 1.535 millóns de euros cada ano. ¿Imaxinan o que poderíamos facer con eses 1.535 millóns de euros cada ano? ¿Cantas médicas, profesores-profesoras poderíamos contratar? ¿Cantas residencias, centros de saúde ou centros de día poderíamos construír? ¿Canto poderíamos mellorar o coitado das persoas maiores, a atención á saúde mental ou as pensións máis baixas? ¿Imaxinan, señorías, o que suporía iso cada ano para o noso país?

Pero nesta situación temos o Goberno de Rueda, que, máis alá de retoques cosméticos, apoia un sistema que nos discrimina, actuando como cómplice. En lugar de pelexar por un financiamento xusto, o Partido Popular dedicouse a recortar os servizos públicos a custa de empeorar a vida das persoas. ¿Ou pensan, señorías do Partido Popular, que recortar 2.000 millóns de euros en atención primaria non está empeorando a vida da xente? Pero, aínda así, o Goberno de Rueda decidiu recortar en sanidade antes que defender un modelo de financiamento xusto.

Contar cun concerto económico é unha cuestión de xustiza e de equidade, é a mellor maneira de acabar cun sistema que nos discrimina; unha realidade na que coinciden diferentes informes, aínda que logo poidamos opinar sobre as súas conclusións.

Fíxense: o informe, ao que teñen recorrido en moitas ocasións, do Foro Económico, se analizan os datos da recadación e do que nos transfire o Estado, o que conclúe é que o Estado recada máis en Galiza do que inviste. Por certo, uns datos que son moi similares aos datos que temos aportado nesta Cámara desde o BNG, grazas ao traballo do economista Xosé Díaz.

Segundo este último, no ano 2022 a recadación do Estado en Galiza foron 15.385 millóns de euros. O que recibimos a través do sistema de financiamento nese ano foron 10.041. É dicir, que hai 5.344 millóns de euros que se recadan en Galiza pero que quedan nas arcas do Estado.

Obviamente nós sabemos que a esta cifra teríamos que restarlle o que habería que aboarlle ao Estado polos servizos que presta no noso país. Pero é que, aínda así, o saldo a favor de Galiza sería enorme. E eu pídolles que pensen: Euskadi paga un cupo de 1.490 millóns de euros; nós ao mellor poderíamos ter que pagar algo máis, si, porque temos algunhas competencias menos das que ten Euskadi. Por exemplo, nós, por culpa do Partido Popular, non temos unha Policía propia. Pero é evidente que, aínda pagando un pouco máis, Galiza tería moitos máis recursos dos que ten na actualidade. Poderíamos ter case 4.000 millóns de euros máis cada ano.

Porque si, señorías, a realidade é que, fronte a esa mentira da Galiza pobre que depende da solidariedade de Madrid, a realidade é que o Estado fai caixa con Galiza, e aí están os datos para demostralo. *(Aplausos.)*



Contar cun concerto económico é un exercicio de responsabilidade política, de autorresponsabilizarnos do noso, porque asumiríamos a recadación da totalidade dos nosos impostos e o custo do servizos, e isto permitiríanos mellorar o noso autogoberno real, porque é evidente que sen autogoberno financeiro non hai autogoberno político.

Contar cun concerto económico tamén pode ser unha ferramenta para reducir a burocracia, para gañar proximidade coa cidadanía fronte a ese centralismo rampante que soportamos.

Contar cun concerto económico permitiría unha mellor planificación orzamentaria, permitiríanos ter máis ferramentas para poder responder aos retos que temos como país, desde o envellecemento, o abandono do rural, a modernización dos nosos sectores produtivos, a loita contra o cambio climático ou mellorar o noso Estado de benestar.

Contar cun concerto económico permitiría poñer fin ao centralismo financeiro, que está baseado nunha incoherencia á que sempre lle imos poñer nome. Porque é case absurdo que Galiza teña as competencias que supoñen máis gasto, como é todo o que ten que ver co Estado do benestar, que son servizos públicos esenciais, pero é o Estado quen recada e despois é o Estado quen decide canto nos toca. E aí vemos as consecuencias: un déficit como o que temos neste momento no actual modelo de financiamento que nin tan sequera garante o financiamento dos servizos públicos esenciais e un diferencial onde vemos como cada ano o Estado queda con máis de 5.000 millóns de euros anuais entre o que aportamos e o que recibimos.

E eu pídolles que lembren esta cifra cando os apóstolos do centralismo nos falen de romper a solidariedade. ¿Que solidariedade, señorías? ¿A dun sistema que nos fai perder miles de millóns de euros cada ano? ¿A dun modelo cuxa ineficacia e inxustiza nos mantén nun PIB máis baixo que a media e que está lastrando o noso desenvolvemento e potencial? ¿Esa é a solidariedade? *(Aplausos.)*

E é certo que este modelo xa está implantado no Estado español. Euskadi e Navarra levan décadas cun sistema de concerto económico e non vexo que ninguén o cuestione. Porque as forzas centralistas, que aquí cuestionan o concerto económico, deféndeno alí. ¿Por que para Galiza non? ¿Por que vostedes queren que Galiza sexa a única nación que non teña o control dos seus recursos?

Estamos, ademais, defendendo unha reivindicación que nos une coa defensa que outros e outras fixeron antes do autogoberno galego. Aí temos unha posición na que xa avanzaron as Irmandades da Fala, desde Alfredo Brañas ou o propio Partido Galeguista, desde Castelao a Bóveda. Nós somos herdeiras e herdeiros deste pensamento político e temos claro que Galiza non pode ser a única nación no Estado que quede atrás, única e exclusivamente pola miopía e polo servilismo a Madrid de quen está empeñado en deixarnos unha Galiza bonsái. Nós non queremos unha Galiza bonsái, queremos unha Galiza en grande e que actúa en grande. *(Aplausos.)*

Cun concerto económico, Galiza non pide máis que ninguén, pide que o Estado deixe de facer caixa cos nosos recursos, pide poñer fin ao espolio fiscal e ter o control do cento por cento dos nosos cartos.



Cun concerto económico, Galiza non pide máis que ninguén, pide o que lle corresponde e é xusto: ter a chave dos nosos cartos para decidir nós sobre o noso, en lugar de que outros decidan por nós e en contra de nós. Porque hai que quitarlle a chave dos nosos cartos a Madrid para dállela aos galegos e ás galegas. E hai que ir a por todas, a pola gobernanza do cento por cento dos nosos recursos. Señorías, pensen Galiza en grande.

Por iso traemos esta proposición de lei de reforma do Estatuto nun momento no que sabemos que o debate sobre o modelo de financiamento está no Estado. E desde o BNG tendémolles a man e pedímolles ao resto de forzas políticas ambición de país, pedímolles que deixen de mirar para Madrid e miren para Galiza. Porque non valen retoques cosméticos, non vale cambiar algo para que todo siga igual no esencial, dun traxe que hai moito tempo que a Galiza lle queda pequeno, un traxe estreito porque está feito á medida do centralismo. Hai que deixar atrás ese traxe e facer un novo traxe á medida do que precisamos hoxe os galegos e as galegas.

Non podemos conformarnos con migallas. Galiza ten que negociar de xeito bilateral co Estado un sistema de financiamento que nos permita recadar todos os impostos, con decisión en materia fiscal, cunha Facenda galega con todas as funcións e para que as empresas que están explotando recursos naturais de Galiza teñan que pagar os seus impostos aquí. E isto vale para as eléctricas, vale para a banca e vale tamén para as multinacionais que espolian os nosos recursos e pagan os seus impostos en Madrid. Hai que poñer fin a este espolio fiscal, que, por certo, lle vale á presidenta de Madrid para dicir que é a máis solidaria; outra mentira máis. Co concerto económico que propoñemos desde o BNG será Galiza quen recade o cento por cento dos seus impostos e logo quen faga contas co Estado, e non ao revés.

Trátase, polo tanto, dunha alternativa ambiciosa, sen complexos e con confianza en todo o potencial que temos no noso país, e en crer que os galegos e galegas podemos autorresponsabilizarnos do noso. Trátase de escribir un futuro mellor. Deixouno xa escrito Castela: queremos ditar leis para gobernarnos por elas, sen inxerencias alleas; a liberdade é a única reserva coa que contan os pobos para crearen o seu futuro, e nós poderíamos hipotecar todo menos o futuro. Diso vai esta proposta, de defender o futuro de Galiza sen hipotecas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

(O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)

Declina a intervención.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.



Bos días a todos e a todas.

Moi brevemente, señorías, a resposta fronte á corrupción marca a diferenza. O PSOE asume, colabora e dá a cara. O PP agocha, acusa anonimamente e foxe. E temos a proba aquí neste Parlamento, sentada ao meu carón na Mesa, onde se presentou unha denuncia anónima contra Besteiro, que acabou arquivada a semana pasada, na operación Pulpo, e aquí ninguén pediu perdón. E xa se sabe que quen precisa do anonimato para acusar teme que a verdade lle dea a cara. E o laboratorio da lameira, señorías do PP, da bancada do PP, comezou aquí en Galicia, e, como é o día de San Xoán, imos dicir un lema: meigas fóra.

Dito o cal, imos ao que nos ocupa. O BNG propón implantar en Galicia un sistema de concerto económico como o que ten Euskadi e Navarra porque o permite o bloque de constitucionalidade da Constitución de 1978. Dende o PSdeG queremos dicir, con absoluta claridade, que esa non é unha solución boa para Galicia; non é bo dende o punto de vista político, non é bo dende o punto de vista económico e non é bo dende o punto de vista social.

E, señora Pontón, ese slogan de «España nos roba» xa está un pouco manido neste hemiciclo; esa premisa, esas dúas premisas, «España nos roba», evidentemente, é unha mentira, é unha mensaxe moi perigosa. Non confundamos soberanía con insolidariedade nin autogoberno con illamento. Galicia non necesita privilexios fiscais. O que Galicia necesita é un financiamento suficiente, un sistema xusto e un Estado que funcione como un proxecto común e solidario nun Estado plurinacional, como é o español, con singularidades, e plurinacional, recoñecido na nosa Constitución.

E cómpre tamén poñer enriba da mesa que no PP, ata o de agora, hai unha ausencia absoluta dunha proposta seria e rigorosa, que é cal é o sistema de financiamento para Galicia. Non hai unha proposta por parte do señor Rueda. A Xunta leva anos sen presentar un modelo alternativo e reivindicacións concretas para o noso territorio. Limítanse a repetir consignas do señor Feijóo, como se amosa na negativa partidista e absolutamente caprichosa de aceptar a quitación da débeda pública de 4.000 millóns de euros, que deixarían de ser débeda pública galega.

Isto estase a converter nun patio de colexio, xa que tanto o señor Rueda como o seu acólito, o conselleiro de Facenda, recitan como loros o que lles chega desde Génova. Galicia merece un goberno que defenda os seus intereses, con propostas serias, con sentido de país; non un executivo que prefira boicotear que dialogar.

Pero falemos das razóns de peso que implican que se rexeite o concerto económico aquí en Galicia. O primeiro, porque é un modelo excluínte, é absolutamente insolidario e, aínda que poida aparecer atractivo no slogan do nacionalismo desfasado, propio do século pasado, non é exportable nin sostible para o conxunto do Estado, porque rompe a solidariedade entre territorios, que é un ADN do Partido Socialista, e favorece sobre todo a competencia entre autonomías.

Por iso, en termos económicos, tampouco é bo para Galicia, non é bo. Hoxe Galicia é receptora neta de beneficios dos recursos do sistema, pois ingresamos un 4,37 por cento máis que



a media das comunidades autónomas. O actual modelo, impulsado no 2009 por Rodríguez Zapatero, permite que Galicia teña máis capacidade de gasto. ¿Por que? Polos mecanismos de nivelación, que non existirían baixo o concerto económico, que é agora o que propón o BNG.

Fóra do romanticismo nacionalista, señorías, non hai un só estudo económico solvente e rigoroso que apoie o modelo económico do concerto en Galicia. ¿Por que? Porque é nefasto para o noso país. De feito, o modelo económico que pretende o BNG implicaría que Galicia perdese 2.000 millóns de euros.

En segundo lugar, sen dúbida hai que reformular o modelo do sistema de financiamento, xa caduco, e temos que poñer enriba da mesa as nosas singularidades como país. Abramos o debate. Somos unha comunidade con elevado avellentamento, dispersión poboacional. Eses custos diferenciados marcan que os servizos do Estado do benestar (sanidade, educación, dependencia) sexan máis caros no noso territorio. Estes factores teñen que pesar aínda máis nesa reformulación do sistema de financiamento autonómico, que hai que necesariamente abrir.

A proposta do PSdeG é clara: reformar o modelo do 2009 para melloralo, non para substituílo, porque, se aplicamos un concerto en Galicia e deixamos de recibir fondos de nivelación, a consecuencia, como dicía, será nefasta: recortar servizos e non ampliar competencias; non haberá máis autogoberno, señorías do BNG. O noso obxectivo é claro: que Galicia reciba o que necesita en función da súa realidade social e territorial e, sen dúbida, máis autogoberno.

Ademais, temos que aproveitar que o Goberno de Pedro Sánchez, o Goberno progresista, tende a man. Non estamos falando de promesas, senón de datos incontestables. En conxunto, durante estes sete anos do Goberno de Pedro Sánchez, Galicia recibiu un 40 por cento máis que nos sete anos do Goberno de M. Rajoy, o que representa máis de 19.000 millóns de euros adicionais en recursos para servizos públicos no noso país. A semana pasada aprobouse o real decreto da actualización dos anticipos a conta e Galicia recibiu eses 700 millóns de euros, que, por certo, no Congreso o PP votou en contra o 28 de xaneiro deste mesmo ano. Iso permitirá, por tanto, máis estabilidade orzamentaria e garantía dos servizos para a cidadanía.

Mentres o BNG propón un modelo de risco e incerteza, o Goberno de España anticipa recursos, reforza a cooperación institucional coas comunidades e aposta pola singularidade e fortalecemento do noso sistema común —recalco— nun Estado plurinacional.

Por outra banda, temos que meter na ecuación a quita da débeda pública, é incuestionable, é o quilómetro cero para debater e reformular e actualizar o sistema de financiamento autonómico. Claro que é un problema a débeda pública. Temos máis de 12.000 millóns de euros de débeda pública galega, que implica que son en pagamentos de xuros e devolucións 1.700 millóns anuais, converténdose na terceira consellaría de gasto aquí en Galicia. Por tanto, esa condonación é o punto de partida, é o quilómetro cero para debater e reformular o sistema de financiamento e conseguir así máis recursos en sanidade, educación, dependencia e cohesión territorial en Galicia.



E o concerto, señorías, non resolve isto. Esta vía non é un avance, é un retroceso. Claro que tamén queremos máis autonomía fiscal, e aquí o Goberno galego non está a ser responsable. Debe de reforzarse a Atriga, dotala de máis medios e competencias para que poida xestionar os tributos con máis eficiencia e eficacia. E dende o Partido Socialista de Galicia ¿que defendemos? Defendemos unha axencia tributaria estatal descentralizada, que, evidentemente, sexa un modelo moito máis integrado, coordinado coas comunidades autónomas, e co obxectivo de combater a fraude e mellorar a eficiencia recadatoria.

Pero non compartimos, señorías, a estratexia de reducir impostos ás grandes fortunas, como está a facer o PP no Goberno galego con esas bonificacións no imposto de doazóns e imposto de sucesións, como fai, e recortar así máis recursos para fortalecer o Estado do benestar. O que defendemos é un sistema no que cada euro de impostos reverta no Estado de benestar e que non se converta en ferramenta de populismo fiscal doutras autonomía ou privilexios territoriais.

Galicia ten dereito, por tanto, a un financiamento máis xusto, a un modelo que recoñeza as nosas singularidades propias da nosa nación histórica, a un sistema que garanta a igualdade de acceso aos servizos públicos. Pero non pode ser a custa de romper a solidariedade territorial. E iso vai no noso ADN, vai ser a nosa liña vermella que non imos pasar.

O concerto económico que propón o BNG economicamente é nefasto para Galicia e socialmente perigoso e insolidario. Dende o PSdeG dicimos «si» a reformar o sistema de financiamento, a mantelo con máis equidade, «si» a condonar a débeda de 4.000 millóns de euros, «si» a garantir o financiamento que recoñece as nosas peculiaridades e singularidades do noso país.

Porque Galicia, señorías, non necesita illarse nin privilexiarse. Galicia necesita xustiza, necesita solidariedade e igualdade de oportunidades, porque quen propón un concerto económico para Galicia sabe ben que esa chave non ten máis cartos; suporía ter menos recursos, suporía ter máis desigualdades e suporía ter menos servizos públicos.

A defensa do concerto económico amosa que o BNG prefire máis unha ideoloxía nacionalista, maximalista, como dicía, propia do século pasado, que pensar por e para os galegos e as galegas. Non hai bandeira, señorías, que xustifique empobrecer o noso país.

Máis nada pola miña parte, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señora Iglesias, efectivamente, existen grandes diferenzas entre o Partido Popular e o Partido Socialista na loita contra a corrupción. O Partido Popular, cando ten coñecemento dunha denuncia, pona en coñecemento da Xustiza. (*Murmurios.*) O Partido Socialista tápaa, insulta



os xuíces, acúsaos de *lawfare*, fáltalles ao respecto e descualifica os medios de comunicación e, por suposto, concede indultos e amnistías aos corruptos, en contra do prometido antes de votar. (*Aplausos.*) Claro que hai diferenzas.

Por certo, señorías, que os vexo un tanto insistentes estes días, unha pregunta: ¿cando lles mentían vostedes aos galegos: cando dicían que o señor Besteiro voltaba á política porque estaban arquivados todos os asuntos que saían na súa contra, ou hoxe, un ano e pico despois, cando están afirmando que é agora cando se archiva a última desas denuncias? ¿Cando lles mentían aos galegos, señorías? (*Aplausos.*)

Se me permiten, voume centrar agora no tema que nos trae aquí.

Señorías, todo o fundamento intelectual que sustenta a proposta que hoxe nos trae a debate o BNG está contido na primeira frase da exposición de motivos da súa proposición de lei —abro comiñas—: «Galicia, consonte a súa condición de nación.». Esa afirmación partidista do nacionalismo galego, obxectivamente falsa, contraria ao establecido no Estatuto de Galicia —que hoxe queren reformar—, contraria á Constitución española e contraria tamén ao sentimento maioritario expresado unha e outra vez polos galegos nas urnas, bástalle ao BNG para desbotar calquera dos abundantes e moi sólidos fundamentos —fundamentos económicos, fundamentos obxectivos e fundamentos racionais— que indican que, sen dúbida, un concerto económico sería unha ruína para Galicia e que nos conduciría a unha gravísima insuficiencia financeira.

A proposta do BNG é a confirmación daquela vella advertencia realizada polo historiador británico Lord Acton cando afirmaba que o nacionalismo non aspira á liberdade nin á prosperidade, senón que, se é necesario, non dubida en sacrificar ambas ás necesidades imperativas da construción nacional. E ese, exactamente ese, é o resumo da súa proposición de lei: sacrificar o benestar e a prosperidade dos galegos para alcanzar o paraíso nacionalista dunha Galicia independente.

Pero, unha vez máis, ante as aspiracións soberanistas do BNG, esas que o impulsan a impoñer o dogma sobre o coñecemento científico —unha vez máis, repito—, será a maioría parlamentaria do Partido Popular de Galicia a que protexa os intereses de Galicia e dos galegos fronte ao cego fanatismo que a empobrecería irremediabilmente.

Señorías, Galicia, ou polo menos o Goberno do Partido Popular e o grupo parlamentario que o sustenta, levamos un tempo reivindicando un novo sistema de financiamento autonómico, un sistema máis xusto, un sistema máis equilibrado, e un sistema que atenda mellor ás nosas necesidades. Unha proposta que estableza como eixo fundamental de cálculo o custo real da prestación de servizos públicos e que compense adecuadamente factores como o avellentamento e a dispersión, que tanto elevan o custo de prestación deses servizos. Unha proposta —a nosa— que se basea nos principios de solidariedade e igualdade entre os españois e que está respaldada por estudos solventes realizados por expertos de prestixio.

Fronte a esta proposta que atenda ás necesidades reais dos galegos, fórmulasenos unha alternativa carente de todo respaldo e que foi desaconsellada por todos os expertos, que coin-



ciden unánime e categoricamente en que o sistema de concerto é letal para Galicia e que suporía unha perda de recursos inasumible.

O sistema de concerto económico foi recentemente obxecto de análise polo Foro Económico de Galicia, e foi radicalmente descartado por supoñer unha perda de financiamento de entre 2.128 millóns de euros e 2.646 millóns de euros ao ano, a pesar de que a señora Pontón intente terxiversar o informe realizado polos señores Lago e Leiceaga, que, efectivamente, señora Pontón, afirman que estamos mal financiados e afirman igualmente que a súa proposta de financiamento conseguiría financiarnos aínda peor. Iso é o que vostede non lles conta aos galegos.

O informe de don Ángel de la Fuente, elaborado en 2018, probablemente o máis prestixioso experto en financiamento autonómico de toda España, advirte dunha perda, con datos do ano 2015, de entre 1.400 e 1.600 millóns de euros ao ano para Galicia. A práctica totalidade de expertos que compareceron na Comisión de Financiamento do Parlamento de Galicia desbotan o cupo que vostedes propoñen. Pero a vostedes non lles vale o testemuño dunha exconselleira de Facenda, especialista en economía pública e interventora xeral da Xunta de Galicia. Non lles vale a testemuña do conselleiro de Facenda, especialista en economía financeira. Non lle outorgan valor á opinión do catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, investigador de Funcas e director do Foro Económico de Galicia. Non lles parece fiable a valoración do catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Sevilla, doutor en Económicas da Universidade Complutense e destacado membro de FEDEA. Desbotan, por suposto, a análise dun doutor en Economía pola Universidade de Oviedo e síndico maior de Contas do Principado de Asturias. E, por suposto, tampouco lles convencen as opinións dun profesor titular de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, membro do grupo de investigación GEN desa mesma universidade e tamén da Rede Localis. Nin, por suposto, as da profesora de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela. *(Aplausos.)*

Ningún destes comparecentes parece importarlles, porque, a pesar desta unanimidade, o BNG proponnos desoír toda evidencia científica, para embarcarnos nun experimento baseado no máis puro fanatismo; iso si, apoiándose na única opinión dun licenciado en Economía, efectivamente, un licenciado en Economía cuxo método de cálculo non comparte ninguén, pero que, iso si, comparte carné de militancia coas señorías do BNG; ese é o seu grande mérito.

Señorías, este debate non é novidoso nesta Cámara, xa foi sometido á nosa consideración en distintas ocasións, en todas elas foi amplamente rexeitado, sempre rexeitado polo Grupo Popular, case sempre tamén co apoio do Grupo Socialista, con algunha ambigüidade nos últimos tempos; pero ben, hai que acordarse dese Grupo Socialista cando non era, en fin, o naufraxio que hoxe representa. Hoxe manteñen unha calculada ambigüidade —hoxe toca que non—, xa veremos o que toca outro día, que lles permite dicir unha cousa aquí, outra distinta en Cataluña, unha cousa a semana pasada ou hai quince días e outra hoxe, pero houbo un tempo en que os seus pronunciamentos eran contundentes. O exportavoz socialista, o señor Leiceaga, nesta Cámara dicía que o cupo fiscal prexudicaría gravemente a Galicia, cunha merma de recursos para a Xunta cada ano por enriba de 2.000 millóns de euros; o señor Santín, deputado socialista, afirmaba que poderíamos quedarnos co cen por cento



da recadación e non chegar para pagar o que precisa a Comunidade Autónoma, e o señor Fernando Salgado, exconselleiro de Facenda do Goberno que vostedes compartían, afirmaba que o concerto económico está contraindicado para as comunidades que achegan menos do que reciben e son por tanto receptoras netas de recurso. Iso somos nós, señora Pontón, por moito que vostede intente cambialo.

¿Por que se cambian as posturas co tempo? Eu creo que porque aconteceron cousas nos últimos tempos que nos deberían de facer reflexionar; iso fai que determinados grupos abandonen as súas posturas do Estado para abrazar outras bastante distintas. Creo que o explicou mellor que ninguén un coñecido autor, o señor Antonio Muñoz Molina, pouco sospeitoso de simpatías coa dereita. Dicía: primeiro, fíxose compatible ser de esquerdas e ser nacionalista; despois, fíxose obrigatorio; a continuación, declararse non nacionalista converteuse na proba de que un era de dereitas; e, no gradual abaratamento e envilecemento das palabras, bastou suxerir educadamente algunha obxección ao nacionalismo hexemónico para que a un o chamasen facha ou fascista.

E niso están, señores. Os do PSOE venderon a súa alma ao independentismo para salvar o todopoderoso señor Sánchez. Esqueceron, por certo, a máxima máis coñecida do anteriormente nomeado Lord Acton: o poder tende a corromper e o poder absoluto corrompe absolutamente. ¡Que dura se lles está facendo a aprendizaxe desa lección, señorías!

Pero hoxe voltamos debater o xa debatido, porque forma parte do proceso de volta ás esencias do BNG, dun BNG que está demolendo, pedra a pedra, a fachada de moderación coidadosamente construída durante anos pola señora Pontón para convencer os galegos de que non había lobo baixo esa pel de cordeiro cando concorrián ás urnas, pero, cando as urnas os trasquilaron, aí seguía a UPG e aí seguía o lobo soberanista. *(Aplausos.)*

Señorías, xa nada queda daquel liderado *chachi* da señora Pontón, xa nada queda daquel adiaamento do soberanismo en busca de propostas máis pragmáticas para a Galicia real. Xa nada queda daquel BNG acolledor no que cabía calquera, porque había moitas maneiras de querer e amar Galicia.

Señora Pontón, ou mentía entón ou mente hoxe, ou talvez mente sempre. O caso é que hoxe é máis importante reivindicar a independencia de Galicia que reivindicar os recursos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...para a dependencia dos galegos; é máis importante atender ás consignas da UPG que ás necesidades reais dos galegos; e é máis importante reclamar as chaves da caixa que garantir que haxa cartos dentro dela.

Voume despedir pedíndolle que faga unha última reflexión. Señorías, ¿plantexáronse nalgún momento que os expertos poidan ter razón? ¿Que lles dirán entón aos galegos? ¿Que o senten moito? ¿Que non poden pagar as pensións pero que o lamentan e que erraron? ¿Que non hai servizos públicos porque o BNG se confundiu?

O señor PRESIDENTE: Non sei que pasou, eu non lle toquei ao micrófono, ¡eh!



O señor PAZOS COUÑAGO: É unha mágoa, señores, que a irresponsabilidade que amosan non lles faga ter un mínimo de prudencia á hora de facer propostas que son francamente insoportables. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, ben, eu lamento que hoxe, unha vez máis, vexamos o bipartidismo nesta Cámara repetindo a milonga de que Galiza é pobre e vive da solidariedade do Estado. *(Aplausos.)*

É que vemos de novo aquí como, cando se trata realmente de defender os intereses deste país sen pedirlle permiso a Madrid, o bipartidismo —e teño que dicírllelo— é que son como dúas gotas de auga, porque poñen a súa ideoloxía centralista por diante dos intereses dos galegos e das galegas *(Aplausos.)*, facéndonos perder miles de millóns de euros cada ano.

E é certo que se empeñan en dicir que é malo que decidamos nós sobre o noso, empéñanse; a min asómbrame que veñan aquí e que lle poñan tantas ganas a defender que Galiza non pode ter capacidade para autogobernar os seus recursos, as mesmas forzas que logo en Euskadi defenden o concerto económico; están arruinados en Euskadi, vailles fatal. Si, si, en Euskadi nin o Partido Popular nin o Partido Socialista din que o concerto económico é insolidario e perigoso. Non, non, o que din é que é unha ferramenta para mellorar o seu benestar. *(Aplausos.)* E iso é do que están privando aos galegos e ás galegas, que poidamos mellorar o noso benestar.

Porque, en fin, eu creo que é bo, efectivamente, que analicemos a realidade, que analicemos os datos e que o fagamos fóra de dogmas e apoiándonos no coñecemento científico. E sería estupendo, señorías do Partido Popular, que vostedes o fixesen, que abandonasen os dogmas, que abandonasen a manipulación e que se apoiasen no coñecemento científico.

Se o fixesen, hoxe non veríamos a vergoñenta votación na que vostedes queren impoñernos unha directora da CRTVG para seguir manipulando e impoñéndonos os seus dogmas, ou non veríamos unha orde como a que sacou o conselleiro de Educación para impoñernos a súa ideoloxía no ensino. *(Aplausos.)* Sería marabilloso, señorías do Partido Popular, que vostedes cresen que hai que facer política sen dogmas e baseándonos no coñecemento científico.

E imos, efectivamente, falar de números, imos falar de números, porque diso non queren falar nin o Partido Popular nin o Partido Socialista. Miren, o único que é letal para este país é o actual modelo de financiamento, que non garante nin a suficiencia no pagamento dos nosos servizos públicos. E vostedes o único que nos propoñen é seguir con retoques para que nos teñamos que conformar coas migallas en vez de ter ambición de país e querer autorresponsabilizarnos do noso futuro.

Fíxense —é que o di o Consello de Contas—: ten un déficit de 1.535 millóns de euros cada ano, e é que o seu Goberno nin tan sequera foi capaz de poñer esta cifra sobre a mesa á hora de enfrontar a negociación sobre un novo modelo de financiamento.



E falouse tamén de que hai un estudo que di que a Galiza lle iría mal cun concerto económico, feito polo Foro Económico de Galiza. Miren, eu ese estudo preocupeime de lelo, preocupeime de analízalo, ¿e saben que di ese estudo? Ese estudo di que, no ano analizado, Galiza aportoulle ao Estado 14.920 millóns de euros e que o Estado nos devolveu polo sistema de financiamento 10.041 millóns. ¿Como que o Estado nos está financiando a nós cando recibimos menos do que nós lle estamos aportando cos impostos que pagan os galegos e ás galegas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Como que non? Todas, señor Pazos. É que sempre está no ataque persoal, é que, de verdade, é insoportable. (*Murmuros.*) Si, si, a súa falta de argumentos, sempre na descualificación persoal, porque non soportan o debate político. (*Aplausos.*) ¡Non soportan o debate político e, en canto lles citan a realidade, xa interpelando! Eu creo que a cidadanía se merece que, por unha vez, non veñan aquí coa lameira e coa crispación que sempre nos queren traer a este Parlamento.

Fíxense, 14.920 millóns de euros, di o Foro Económico que recada o Estado en Galiza; só nos transfire 10.041. O cupo que paga Euskadi son 1.472 millóns de euros. ¿Como que saímos perdendo? É que saímos gañando miles de millóns de euros, e o que teñen que explicar é por que vostedes prefiren que con eses recursos quede Madrid, en vez de que os invistamos aquí en vivenda, en sanidade, en educación ou en dependencia. Iso é o que vostedes teñen que explicar.

Lamento, desde logo, esta votación. Lamento que, hoxe, pola súa ideoloxía, voten en contra de Galiza; que vaian permitir que, mentres Euskadi xa ten o seu concerto e Cataluña camiña cara a el, Galiza sexa a única nación —si, nación— que queda atrás. Porque si, somos unha nación, e xa o dicía Castela. ¿Non din que é de todos? Pois abracen tamén o seu ideario. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación da toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de Lei, do G. P do Bloque Nacionalista Galego, orgánica, de reforma da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, de implantación do sistema de concerto económico para garantir o financiamento das competencias e servizos públicos básicos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 48; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.



O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto terceiro da orde do día. Neste caso é comparecencia.

Comparecencia da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as oportunidades e vantaxes que ofrece o medio rural

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidente.

Deputadas, deputados; moi bos días a todos e a todas.

É unha honra para min comparecer hoxe nesta Cámara para falar sobre o medio rural e poñer o foco na relevancia que ten este sector no presente pero, sobre todo, no futuro de Galicia. A nosa comunidade é rural, e esa condición, lonxe de ser un lastre, ábrenos un abano de posibilidades para o desenvolvemento social, económico e cultural. As políticas da Xunta de Galicia ao longo das sucesivas lexislaturas, e as desta Consellería no tempo que levo á fronte, están encamiñadas a aproveitar ao máximo este potencial; a seguir impulsando un rural, como xa dixeran na miña primeira comparecencia nesta Cámara, produtivo e coidado; un rural sinónimo de calidade e innovación, e un rural con moito futuro.

Somos moi conscientes de que debemos de conservar e potenciar todas as posibilidades que ofrece a nosa terra. Así, traballamos para conseguir que os galegos e as galegas se sintan orgullosos e presuman dos éxitos e dos logros da Galicia rural.

Non cabe dúbida de que o medio rural está chamado a ser cada vez máis protagonista no desenvolvemento económico e social de Galicia, e tamén unha opción de futuro e de oportunidades para as novas xeracións. Por iso, todo o traballo desenvolvido ata o de agora estivo enfocado en convertelo nun espazo de oportunidades, de innovación e de sustentabilidade, con medidas destinadas a modernizalo e dinamizalo, tendo en conta a diversidade do noso territorio. Este propósito segue a ser o que máis nos ocupa e preocupa. Por iso, os nosos esforzos diarios céntranse en procurar que o medio rural galego sexa un ecosistema vivo, dinámico e produtivo.

Temos uns sectores agrogandeiro e forestal que son fundamentais para a conta de resultados da Comunidade autónoma e que tamén son os piares sobre os que se pode e debe desenvolver o rural galego. *(Aplausos.)*

Dende a Consellería do Medio Rural temos o firme convencemento de que todas estas iniciativas que poñemos en marcha serven para mellorar o grao de benestar das persoas e, polo tanto, son boas para o presente e para o futuro de Galicia. Cando falamos de desenvolvemento rural, este Goberno traballa cun obxectivo principal: conseguir un rural vivo. Para iso necesitamos facelo atractivo e rendible, especialmente para a xente moza, e seguir a traballar para xerar oportunidades de emprego e dotar de máis servizos o medio rural. Esta é a nosa meta, e para alcanzala contamos con tres sectores moi puxantes e que se adaptan perfecta-



mente ao modelo produtivo que queremos para Galicia: a agricultura, entendida en sentido amplo; a gandaría, e o noso monte.

A transformación e a modernización para facelos máis competitivos, rendibles e sostibles é unha prioridade para a Consellería do Medio Rural. E, para acadalo, temos unha política ben estruturada, con medidas ensambladas entre si e perfectamente definidas, que están a dar os resultados esperados. Isto é o que pretendo contarlles hoxe a vostedes, señorías, e, por extensión, a todos os galegos e galegas que están representados neste Parlamento.

Como lles acabo de dicir, un dos empeños desta Consellería é revitalizar o medio rural, e para iso é prioritario facilitar a incorporación aos sectores agrogandeiro e forestal a aquelas persoas que queren seguir no rural ou ás que queren iniciar nel o seu proxecto de vida. O noso labor é proporcionarlles todos os instrumentos que os incentiven para poder facelo e, ademais, que sexa dun xeito —como dixen— rendible, competitivo e sostible. Nesta tarefa cobra un especial protagonismo a mobilidade de terras e a ordenación do territorio.

A mobilidade de terras permite, en primeiro lugar, que o terreo improdutivo ou en desuso poida ser transferido a quen teña interese e capacidade para explotalo, e, en segundo lugar, facelas máis produtivas, eficientes e sostibles. Deste xeito, facilítase o acceso a terreos a quen desexe iniciarse no sector ou a quen queira ampliar as súas explotacións.

No ano 2021 aprobábase a Lei de recuperación da terra agraria. Os seus diferentes instrumentos propiciaron, en catro anos de funcionamento, a posta en recuperación de 10.200 hectáreas na comunidade. A maior parte desta superficie, unhas 9.500, corresponde aos polígonos agroforestais que están en desenvolvemento. O resto repártese entre as aldeas modelo e as permutas de especial interese agrario. No caso destas últimas, conseguiron mobilizar ata o momento 183 hectáreas, pero o máis interesante deste instrumento é que os propietarios de terreos rústicos poden intercambialos mediante mutuo acordo, axilizando enormemente os tempos e os procedementos. Neste sentido, quero anunciarlles que o vindeiro mes publicaremos unha nova orde de axudas a particulares para proxectos de mobilización de terra agraria, a través deste instrumento ou de calquera outro contemplado na normativa vixente. *(Aplausos.)*

Ao mesmo tempo, estanse implementando outros instrumentos de planificación, como son o mapa de usos agroforestais, o catálogo e o visor de solos agropecuarios e forestais. Ademais, promovemos programas de asesoramento e mediación para facilitar a transmisión de terras e de explotacións, garantindo que estas transferencias se realicen de maneira transparente, segura e en beneficio de toda a comunidade rural.

Non podemos esquecer os outros dous instrumentos concibidos para a mobilización de terras. Estoume a referir ao Banco de Terras e ao Banco de Explotacións.

Actualmente o Banco de Terras xestiona máis de 7.000 hectáreas de terreo, distribuídas en máis de 18.000 parcelas, mentres que o Banco de Explotacións, que acaba de poñerse en marcha, está incorporando os seus primeiros rexistros.



Estou segura de que esta ferramenta resultará de grande utilidade á hora de garantir a continuidade das granxas, dado que facilita que unha persoa que se vaia xubilar poida arrendar ou vender a súa explotación a outra que queira incorporarse á actividade ou ampliála. O seu beneficio é dobre: por un lado, dálle unha nova oportunidade ás explotacións e favorece a súa distribución polo territorio, poñendo tamén á disposición a superficie agraria vinculada a elas; por outro lado, supón un complemento á pensión de xubilación, para vendedores ou arrendatarios. Este banco conta cunha orde de axudas vinculada para facilitar esta cesión, dotada con 2,1 millóns de euros ata o ano 2029, e que convocaremos por primeira vez antes de rematar este ano 2025.

Tamén quero facer fincapé nas concentracións e reestruturacións parcelarias, que son outra das ferramentas que está a empregar a Xunta de Galicia para avanzar na ordenación do territorio e mellorar así a produtividade de cada leira. Dende o ano 2020, o Goberno galego rematou un total de 33 concentracións parcelarias, que abarcan unha superficie total de 22.800 hectáreas, beneficiando algo máis de 17.600 propietarios que recibiron uns 37.600 títulos. Ao mesmo tempo, dende o ano 2021, decretáronse 29 novas concentracións parcelarias ou reestruturacións, que abarcan máis de 24.700 hectáreas, e máis de 112.000 parcelas de arredor de 16.300 titulares. O orzamento previsto para este ano 2025 é de preto de 14 millóns de euros. Neste primeiro semestre do 2025, rematamos 4 concentracións, e outras 19 están en rexistro ou en notaría. Antes de final de ano, está previsto a entrega de títulos das parcelarias en Oroso, en Santiso ou en Lalín, e adiántolles que, antes de finalizar este ano, decretaremos outras tantas concentracións parcelarias como pechemos. *(Aplausos.)*

Todas estas accións que lles acabo de describir non só contribúen a optimizar o uso dos nosos recursos, senón que tamén fomentan a substitución xeracional; un aspecto esencial para garantir a continuidade do sector e a vitalidade das nosas comunidades rurais. Xunto á mobilidade de terras, é necesario poñer en marcha medidas complementarias que axuden a vertebrar todo o territorio galego. Os cidadáns do rural necesitan infraestruturas que xeren cohesión social e territorial.

Neste sentido, teñen especial importancia os camiños rurais. Ademais de facilitar a accesibilidade, contribúen a aumentar a produtividade agraria e forestal, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións, favorecen a comunicación e funcionan como un elemento esencial no noso territorio. Dende o ano 2016, levamos actuado en 6.042 camiños, que supoñen preto de 5.000 quilómetros de vías rurais melloradas, e levamos investidos preto de 68 millóns de euros. E seguiremos por este camiño, xa que este ano destinamos unha partida orzamentaria de máis de 19 millóns de euros ao plan Camiña Rural. Precisamente onte, no Consello da Xunta, demos conta deste programa, pois na actual convocatoria estanse a desenvolver 626 actuacións en case 513 quilómetros de vías municipais. Como ven, temos o pleno convencemento de que o impulso ao territorio ten que facerse de xeito transversal e coordinado con todas as ferramentas —como dicía— que temos ao noso dispor. O plan Camiño Rural, os pasteiros, os diferentes procedementos de mobilidade de terras, as axudas específicas para conservar a característica paisaxe vitivinícola da Ribeira Sacra ou o apoio á modernización dos regadíos da Limia ou de Lemos son só algunhas delas. Cuantificadas, suman uns investimentos de 50 millóns de euros.



Pero, como lles dicía ao inicio desta intervención, o rural galego necesita, por enriba de todo, xerar postos de traballo que redunden na fixación de poboación, sobre todo moza, porque estamos convencidos de que o rural galego ten moito futuro. Neste sentido, cabe destacar a contribución do programa LEADER, xestionado e desenvolvido dende a Consellería do Medio Rural conxuntamente en colaboración cos 24 grupos de desenvolvemento rural de Galicia. Esta intervención ten unha repercusión moi positiva sobre o tecido social e económico das zonas rurais, xa que impulsa proxectos produtivos e non produtivos que inciden directamente na creación de emprego e no asentamento de poboación no medio rural. No último período LEADER, o investimento superou os 100 millóns de euros, aprobándose máis de 1.500 proxectos, consolidándose máis de 4.000 empregos e creándose uns 1.100 novos empregos. *(Aplausos.)* Na convocatoria en curso, son preto de 600 os proxectos que concorren a recibir financiamento dos 12,6 millóns habilitados na convocatoria deste ano.

E, no marco desta convocatoria, gustaríame mencionar unha acción novidosa, como é o bono Activa Rural, porque beneficia directamente os autónomos, que tanto precisan do noso apoio. Neste caso, poden recibir ata un máximo de 18.000 euros, sempre e cando xeren polo menos un posto de traballo e manteñan a actividade durante cinco anos. Xa lles avanzo que rexistramos neste ámbito un total de trinta solicitudes.

Outro xeito de impulsar o tecido socioeconómico rural son as axudas para proxectos de investimentos en actividades non agrícolas asentadas en municipios rurais, que tiveron unha grande acollida. Estas achegas están destinadas a mellorar e modernizar as empresas asentadas nos pequenos núcleos de poboación e nas vilas de Galicia, e inciden directamente na creación de emprego, así como na prestación de servizos e na fixación de poboación. Nos últimos oito anos, o Goberno autonómico destinou máis de 20,6 millóns de euros a este concepto, o que contribuíu á consolidación de máis de 3.800 empregos e á creación de preto de 460. Para a convocatoria actual, destinamos 2,1 millóns de euros, dos que resultaron beneficiados 56 proxectos empresariais cun investimento total de 4,2 millóns de euros. Isto permitiu a creación de 56 novos postos de traballo e a consolidación de máis de medio millar de empregos. Cando falamos de territorio rural, non só falamos de terreo agrícola ou forestal; falamos tamén das nosas aldeas no seu conxunto. De aí, a necesidade e relevancia de programas como o LEADER, que axudan á dinamización dende unha óptica ampla e transversal.

En definitiva, a mobilidade de terras, xunto coas axudas e o apoio institucional, son ferramentas clave para seguir a construír un futuro prometedor para as xeracións vindeiras. Creemos firmemente que, coa colaboración de todos os actores implicados, a innovación e as políticas públicas adecuadas, o medio rural galego ten un enorme potencial para seguir medrando, xerando emprego e garantindo un desenvolvemento sostible e equilibrado. O agro galego está moi vivo, e o noso campo é cada vez máis atractivo para a xente moza, gandeiros e agricultores, así como para calquera empresario. Basta lembrar que ao redor dun terzo dos gandeiros galegos teñen menos de 45 anos e, ademais, producen máis da metade do leite da Comunidade. É dicir, están á fronte de explotacións competitivas, dinámicas e modernas.

Galicia é a principal produtora de leite de España e a novena rexión europea; en cuestión de vacún de leite Galicia é hoxe en día un espello no que mirarse, unha referencia internacional.



Por certo, seguro que lembran que no ano 2020 se presentou a Estratexia de dinamización do sector lácteo galego. Tiña, entre outros obxectivos, o de conseguir que se transformase o 75 por cento do leite en Galicia no ano 2025. Pois ben, estamos por enriba do 70 por cento, polo que isto é unha moi boa noticia para a cadea de valor. *(Aplausos.)*

Desde este Goberno, apostamos por transformar en Galicia as nosas producións, para que o valor engadido quede aquí, para que a industria xere postos de traballo e asente poboación. A transformación do leite en Galicia é unha gran noticia porque consolida o sector, mellora os prezos e xera emprego, pero tamén posiciona a nosa comunidade como un centro de innovación na industria láctea. Pero non nos conformamos con isto; queremos seguir a medrar e temos aínda marxe para optimizar un sector que está a centrar o interese de máis industrias, que ven Galicia cun gran potencial de crecemento.

Desde o Goberno galego, estamos redobrando esforzos para impulsar a remuda xeracional dun sector cada vez máis profesionalizado e competitivo, e facémolo a través da formación, das axudas á incorporación e dos plans de mellora. Na orde de 2024, incorporáronse 320 mozos e mozas, 133 novos agricultores, ao tempo que se subvencionaron 370 plans de mellora. Estas novas incorporacións súmanse aos máis de 5.000 mozos que se levan incorporado ao agro de Galicia dende o ano 2009. Precisamente mañá, mércores, publicaremos unha nova convocatoria dotada con 36 millóns de euros, un orzamento habilitado para apoiar o establecemento de agricultores mozos e de plans de mellora. A incorporación da mocidade é un dos piares desta Consellería para asegurar a remuda xeracional, e como queremos que cada unha das persoas que aposte pola continuidade ou por crear unha explotación teña... *(O son interrómpeuse durante dez segundos.)* ...realizado que os acompaña durante os primeiros anos da actividade para axudalos e guíalos. Como ven, non hai medida ou política que non estea dirixida a poñer en valor o rural. E facémolo desde o convencemento de que o futuro de Galicia pasa por un sector primario forte e competitivo no que cada vez se incorporen máis sectores produtivos.

Ademais destas axudas, xa lles avanzo que no vindeiro mes de xullo sacaremos novas ordes de axuda. Por un lado, o instrumento financeiro para dar liquidez ao sector para investimentos e capital circulante, e, por outro, unha nova orde de axudas para equipamentos en común.

Dende a Consellería do Medio Rural, somos conscientes da preocupación que existe polo benestar animal, e por iso proxectamos tamén a creación dun Centro Integral de Acollda de Animais de Granxa. Trátase de dar solución áxil, sinxela e ética a animais afectados por abandono ou en casos problemáticos de benestar. Esta nova dotación contará cos seguintes servizos: tratamentos veterinarios, cirurxías, analíticas, toma de mostra e xestión de urxencias, atención diaria dos animais nas súas instalacións, xestión e mantemento dunha base de datos sobre os animais recollidos, rehabilitados e entregados, tarefas divulgativas, formativas e de concienciación. A finalidade deste Centro Integral de Acollda de Animais de Granxa é o coidado e a acollda temporal, mellorando a súa situación mentres estean nese centro. Coa posta en marcha deste centro ábrese a posibilidade real de que a Administración actúe para estes animais que puidesen ser vítimas de maltrato, explotación ou de abandono; facendo máis evidente o cumprimento da lexislación en materia de benestar animal.



Tamén hai que nomear outros sectores, como a horta, que presenta un panorama moi prometedor, marcado pola crecente demanda de produtos frescos de calidade e de proximidade.

Gustaríame mencionar tamén a boa acollida que están tendo en Galicia cultivos emerxentes como a oliveira, o kiwi, o arando, a fresa, o aguacate ou o lúpulo, que suman máis de 170 explotacións na nosa comunidade.

Esta diversificación da produción tamén a vemos a través do sector da planta ornamental e da flor cortada, que nos sitúa entre as cinco primeiras comunidades produtoras de España e que xera uns 80 millóns de euros anuais. O da flor cortada é precisamente un sector para o que acabamos de presentar unha estratexia que permitirá atender mellor e de xeito máis eficaz as súas necesidades. Pero, se hai un sector clave para a actividade económica de Galicia, en xeral, e do rural, en particular, ese tamén é o da gandería de vacún de carne. Como xa dicíamos antes, unha rexión punteira a nivel nacional e europeo en produción de leite, pero que tamén conta cun gran protagonismo no que se refire á produción de carne. As explotacións gandeiras de vacún de carne, omnipresentes no campo galego, constitúen, se cabe, un elemento icónico da paisaxe identitaria galega. Unha paisaxe que non se entendería sen a tan prezada rubia galega. ¡Que ata as estrelas de Hollywood presumen da nosa carne!

Alén da tenreira galega e do que esta IXP representa para Galicia e para os galegos, o Goberno da Xunta de Galicia tamén é especialmente sensible coa promoción desta e a preservación doutras razas autóctonas de especial conservación. A recente orde de axudas á recría de razas autóctonas, dotada con 390.000 euros, dá conta deste compromiso real con todos os gandeiros, tanto con aqueles que rexentan explotacións máis grandes, como con tantos outros que atopan na gandería unha actividade a tempo parcial ou, o que é máis importante, un complemento económico necesario para facer fronte ás súas necesidades e para soste-lo noso territorio. *(Aplausos.)*

A aposta e o compromiso desta Consellería coa produción ecolóxica tamén é firme. As axudas á produción ecolóxica están integradas dentro das axudas agroambientais da PAC, que son concedidas por compromisos de cinco anos. De feito, dado que a última convocatoria destas axudas se fixo no ano 2023 e de que non volvería abrirse ata o ano 2028, a Consellería acordou incluír na orde da PAC deste ano unha nova convocatoria dotada cun orzamento total de 500.000 euros. Isto fíxose para que as explotacións agrícolas e gandeiras incorporadas ao sistema de produción en ecolóxico de recente incorporación puidesen optar a unhas achegas que buscan dar resposta ás demandas do sector, ao tempo que constatan o compromiso da Xunta de Galicia coa conservación do medio ambiente e da sustentabilidade das producións agropecuarias. A maiores, dentro da orde da PAC, tamén se incluíu este ano unha convocatoria extraordinaria para a conservación de recursos en risco de erosión xenética, dotada con 300.000 euros. Esta axuda é compatible coa orde de recría antes citada.

A conxuntura dos prezos que perciben hoxe en día polas súas respectivas producións os gandeiros de leite e os de carne pode cualificarse de estable. O prezo do leite producido en Galicia experimentou un incremento de 1,4 céntimos de euro no que vai de ano, a maior subida rexistrada en toda España. Esta evolución dos prezos permite reducir o diferencial negativo, un obxectivo que perseguimos desde a Consellería do Medio Rural. Ademais, a cotización de



vacún de carne tamén se mantén á alza, vendo como o mercado de Silleda non para de bater récords de prezos nas súas poxas.

Neste escenario, a innovación e a dotación de servizos son imprescindibles na nosa folla de ruta. Por iso, estamos a piques de poñer en marcha a sala de despezado vinculada ao matadoiro móbil, que complementa servizos que xa ofrece o matadoiro. Existe unha demanda de gandeiros que precisaban o despezado dos animais sacrificados como xeito para completar o ciclo produtivo, acceder a máis canles de comercialización e así incrementar a rendibilidade das súas gandarías.

É importante destacar que o sector agropecuario en Galicia non só é unha actividade económica; como dixen, é un elemento identitario e cultural. A agricultura, a gandería e o sector forestal contribúen a manter viva a nosa paisaxe, a nosa biodiversidade e o noso modo de vida. Por iso, promover o seu desenvolvemento e modernización é tamén unha forma de preservar a nosa historia e o noso legado.

Ademais destas, hai unha actividade que simboliza o que lles acabo de dicir perfectamente: o sector vitivinícola galego, sinónimo tamén de Galicia Calidade.

A pegada da viticultura en Galicia non é menor, dado que reporta importantes beneficios económicos e ambientais. Se traducimos este sector en cifras, estamos a falar do 1,4 por cento do PIB galego: 890 millóns de euros, e dun sector que suma máis de 200.000 viticultores e xera arredor de 16.000 empregos a tempo completo.

A vitivinicultura, unha actividade que está presente en preto da metade dos concellos de Galicia, rexistra unha produción anual de arredor de oito millóns de litros, e supón unha fonte de ingresos vital para o medio rural galego. Por iso, o Goberno da Xunta de Galicia mantén firme o apoio a este sector.

Mostra deste compromiso son os máis de 10 millóns de euros que neste ano 2025 destinamos á reestruturación e reconversión dos viñedos, ao apoio á elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas e á promoción do viño galego en mercados nacionais e internacionais. *(Aplausos.)*

O viño é un exemplo da nosa calidade agroalimentaria, recoñecida fóra das nosas fronteiras. Galicia é a terceira comunidade en número de certificacións de calidade, con 36 selos entre DO e IXP. Isto tradúcese nunha facturación anual que supera os 600 millóns de euros; 700 se temos en conta a produción ecolóxica.

Detrás destes resultados, están as políticas de promoción desenvolvidas pola Xunta de Galicia; achegas que, por un lado, afianzan a imaxe de Galicia como emblema de calidade e, por outro, permiten a xeración de riqueza no rural galego: os mercados de produtos de calidade a través dos que se apoia os pequenos produtores que elaboran de xeito artesanal, e a asistencia a feiras nacionais e internacionais, como poden ser o Fenavin, o Gourmets, o Vinisterrae, o Fórum gastronómico ou o ProWein.



O Goberno da Xunta mantén activado un amplo abano de recursos e ferramentas diferentes, orientadas todas elas a favorecer a incorporación e a remuda ao campo; medidas que constitúen unha clara aposta polo futuro do sector primario e polo desenvolvemento rural, pero que tamén promocionan a produción agroalimentaria dentro e fóra das nosas fronteiras.

Galicia é unha potencia agrogandeira, pero tamén o é no eido forestal. De feito, o 50 por cento da madeira producida en España sae dos nosos montes. Este dato pon de manifesto a relevancia do sector no presente, pero pode asegurarlles que tamén está chamado a ser un elemento fundamental no futuro de Galicia. Non podería ser doutra forma cando estamos a falar de que o valor do monte galego —segundo o Informe anual da Cadea Monte Industria— está cifrado nuns 43.000 millóns de euros. O monte galego foi sempre e será unha fonte de recursos e de aforros ao servizo da sociedade galega. A Xunta de Galicia traballa arreo para manter e potenciar os múltiples beneficios económicos pero tamén ecosistémicos, ambientais e sociais que nos ofrecen as superficies forestais.

O impulso das prácticas silvícolas profesionalizadas, das agrupacións forestais de xestión conxunta, dan conta do apoio prestado e da aposta permanente da Consellería do Medio Rural ao sector forestal a través do programa Monte Activo, enmarcado no Plan Forestal de Galicia. Este programa aposta non só porque Galicia sexa unha potencia forestal, senón tamén unha referencia en sustentabilidade e rendibilidade no sector. Os obxectivos do programa Monte Activo son:

Mellorar a sustentabilidade: os novos espazos ordenados favorecerán a recuperación e a promoción das especies autóctonas, ao tempo que permitirán unha ordenación máis eficiente das de interese produtivo.

Aumentar a rendibilidade económica: a reestruturación das propiedades forestais facilitará un aproveitamento máis eficiente, xerando maior produtividade e beneficios para os propietarios e a cadea de valor.

Previr o abandono: un monte activo, coidado e produtivo é tamén un monte máis seguro.

Impulsar o desenvolvemento rural, fomentando a creación e a consolidación de empresas forestais, con actividades que abranguen dende a produción ata a transformación, sempre en harmonía co territorio.

Fixar poboación no rural, xerando oportunidades reais para que a cidadanía viva e traballe nas zonas rurais, e mesmo para atraer novos asentamentos.

Estes esforzos tradúcense na convocatoria sostida de diversas liñas de axuda a propietarios forestais, na ampliación ou na prestación de tratamentos sanitarios e na promoción de modelos de xestión forestal máis sostibles e rendibles. Por exemplo, as 44 agrupacións forestais de xestión conxunta iniciadas ou xa rexistradas, ou a recente convocatoria de 1,4 millóns de euros para avanzar na creación de novas agrupacións con ou sen base territorial. Con estes instrumentos, conseguiremos parcelas de maior tamaño e mellor configuradas para o seu aproveitamento, contribuíndo así a evitar o abandono do monte.



Podo asegurarlles que a nosa vontade é acadar un monte ordenado e equilibrado, no que pri-men os criterios de sustentabilidade. A proba de que o compromiso da Xunta de Galicia co establecido neste plan é firme maniféstase nos resultados obtidos en materia de certificación forestal. Galicia ocupa o segundo posto nacional por superficie baixo selo PEFC, con arredor de 483.000 hectáreas certificadas, moi preto das 500.000 previstas para o ano 2035; é dicir, dez anos antes.

A protección e posta en valor do monte é unha mostra máis do apoio ao medio rural e ao seu desenvolvemento. Un monte rendible é un monte coidado e protexido. A protección do noso monte é unha preocupación e un obxectivo compartido por todos, a pesar de que, como xa teño dito noutras ocasións nesta mesma Cámara, me gustaría que a loita contra o lume quedase fóra do debate político. Estamos a 24 de xuño, e quero recoñecer, unha vez máis aquí nesta sede parlamentaria, o traballo e o compromiso de todos e cada un dos integrantes do Servizo Galego de Prevención e Extinción de Incendios Forestais. *(Aplausos.)*

Temos o mellor equipo humano pola súa profesionalidade, formación e estabilidade. Temos un operativo, organización e tecnoloxía que é a envexa a nivel nacional e internacional, e contamos cuns medios materiais e infraestruturas que melloramos ano tras ano, ademais de prestar especial atención á formación do persoal que integra este servizo; unha tarefa á que destinamos 1,8 millóns de euros, un 19 por cento máis que no ano 2024.

Antes de rematar esta primeira intervención, gustárame compartir unha reflexión sobre a importancia da formación.

Non temos dúbida de que para ser competitivos é imprescindible a formación. A formación especial, en especial da nosa mocidade que se incorpora ao agro, así como a progresiva cualificación profesional dos distintos sectores que xa o integran.

Os centros de formación e experimentación agraria son uns dos instrumentos máis potentes cos que contamos para fixar poboación, garantir emprego de calidade e fortalecer o tecido social no rural. De aí que ano tras ano apostemos polo incremento de prazas e por investir na súa mellora. Para o próximo curso, ofreceremos un total de 406 prazas de novo ingreso nos seis centros que xestionamos; un 11 por cento máis a respecto do curso actual. Nestes centros, todos os ciclos formativos, como saben, están vencellados coa gandaría, a industria agroalimentaria e o sector forestal, e o seu alumnado presenta un índice de inserción laboral próximo ao 100 por cento na maioría dos casos na súa contorna. Ademais, moito deste alumnado continúa estudos universitarios relacionados co sector primario, e parte deles están a incorporarse a explotacións agrogandeiras e vitivinícolas.

Como lles dicía antes, o noso compromiso non só se traduce no incremento de prazas, senón tamén na mellora dos servizos complementarios que ofrecen os centros, fundamentalmente no de comedor e residencia. Unha das últimas actuacións desenvolvémola no Centro de Formación e Experimentación Agraria Pedro Murias de Ribadeo, no que se investiron máis de 100.000 euros na residencia de estudantes, que nos permite poñer á disposición do alumnado no curso que vén 21 prazas, que estarán ao servizo do novo alumnado.



Nestes centros ofrecemos, como saben, ciclos formativos, pero tamén formación non regada, especialmente en Monforte de Lemos. Este ano, o Plan de formación continua para o sector, que inclúe cursos de carácter habilitante e outros de interese xeral, contempla 169 accións formativas, 3.566 horas e máis de 4.000 prazas. En total, máis de medio millón de euros destinados directa e exclusivamente á formación dos profesionais do agro, tanto para aqueles que queiran comezar no sector como para aqueles outros que queiran afondar nalgunha área de coñecemento.

A formación é sen dúbida o camiño para acadar o rural dinámico, rendible e sustentable polo que traballamos dende o Goberno galego. Necesitamos profesionais formados para traballar nas explotacións modernas, que son o futuro do campo galego.

Por iso, este ano abriremos os nosos centros aos profesionais do sector, co fin de que poidan seguir recibindo formación especializada; formación na elaboración e transformación de produtos agroalimentarios, introducindo a innovación.

Neste sentido, poremos en marcha a Rede de espazos de especialización e innovación agraria, no seo dunhas instalacións que xa son de por si referentes para o sector: os centros de formación e experimentación agraria. Queremos aproveitar o potencial destas infraestruturas no ámbito formativo, e por iso crearemos estes espazos para apoiar e asesorar os nosos produtores nos procesos de elaboración, transformación, innovación e comercialización dos seus produtos. Neles ofreceremos formación especializada agroalimentaria para produtores que desexen dar un paso máis no seu modelo de negocio e aposten pola transformación e o incremento do valor engadido das súas producións. Pretendemos promover o desenvolvemento de produtos agroalimentarios diferenciados e de calidade; fomentar a innovación en procesos e produtos; mellorar as competencias de comercialización, etiquetaxe, márketing dixital e canais de venda.

Anúnciolles que as primeiras accións formativas que poñeremos en marcha serán no CFEA Pedro Murias en Ribadeo, no mes de setembro. Estas actividades estarán centradas na transformación e valorización de produtos agroecolóxicos, na elaboración de queixos, e un exemplo desta formación específica será o curso de elaboración de *hummus* con faba de Lourenzá.

Non quixera rematar esta intervención sen antes reafirmar o meu convencemento de que o medio rural de Galicia ofrece múltiples oportunidades de futuro. Diría máis: o futuro de Galicia pasa polo desenvolvemento do medio rural. Daquela, teñan por seguro que dende o Goberno da Xunta de Galicia seguiremos a traballar a prol do medio rural galego; un medio rural vivo, produtivo, rendible, innovador e con moito futuro. E, para iso, apostamos por medidas como a mobilidade de terras, a ordenación do territorio, a remuda xeracional, a aposta decidida pola nosa agricultura, gandería e sector forestal, a formación, a cualificación profesional, a innovación e a investigación e a promoción do sector agroalimentario galego, que é un dos emblemas desa Galicia Calidade pola que se nos recoñece en todo o mundo. *(Aplausos.)*

Poden estar seguros, señorías, que desde esta Consellería non escatimaremos en esforzos para defender os intereses do medio rural galego e a mellora da calidade de vida das súas xentes sobre todas as cousas.



Nada máis polo momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do deputado do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Non sei onde lin unha vez que as películas que tiñan éxito eran as que compaxinaban unha situación persoal cun fenómeno mundial. O exemplo máis característico soe ser a película de Casablanca, ¿non? Unha historia de amor particular, encaixada nun fenómeno internacional como foi a Segunda Guerra Mundial. E estaba pensando nisto, cando escoitaba falar así en termos tan xerais da importancia do desenvolvemento do medio rural. Estaba oíndo a conselleira, e teño tamén aquí o que é o Plan de recuperación do Goberno de España, o Plan de recuperación de medidas... 130 medidas fronte ao reto demográfico; e practicamente coinciden. Quero dicir que é curioso que, neste nivel de abstracción, coincide practicamente o que di o Partido Socialista a nivel do Estado e o que di a Consellería do Medio Rural na Xunta de Galicia sobre a necesidade de fomentar o rural. Non a oín falar concretamente da necesidade da cobertura tecnolóxica, pero outras veces si ten falado.

E, entón, vou ir a un caso particular. O que dicía antes: imos compaxinar isto, esta visión xenérica e abstracta na que practicamente coincidimos todos, co que é un caso particular. E voume ao caso particular que está preocupando estes días a provincia de Ourense, sobre todo a amplas zonas da súa parte oriental, como é a perda de frecuencias de tren na estación Porta de Galicia, da Gudiña. E, curiosamente, voulle poñer deberes ao Goberno galego. Porque somos conscientes de que esa decisión nefasta para a provincia de Ourense foi tomada desde o Goberno central, pero ímoslle poñer tamén deberes ao Goberno da Xunta de Galicia para que presionen, na medida das súas posibilidades, o Goberno central para que se recuperen esas frecuencias de tren na estación da Gudiña, tan importantes para o desenvolvemento de toda esa parte da provincia.

Falou, por exemplo, do viño galego. Esa parte da provincia, esa parte que queda —digamos— desasistida por esa perda de frecuencias de tren, é curiosamente onde hai dúas denominacións de orixe vitivinícolas, como é a comarca de Monterrei e como é a comarca de Valdeorras, dúas importantes zonas de viño, como vostedes saben. E curiosamente vanse ver afectadas, porque moitos empresarios desa zona van ter limitada a súa mobilidade con fins de negocio e empresariais co resto do país, por motivos obvios.

O que dicíamos antes: o máis importante é asentar poboación cunha calidade de vida poboacional. Iso para as persoas, porque despois tamén está o interese público. Falaba, por exemplo, da diversidade cultural. Se nalgún sitio, se nalgún lugar se conserva a diversidade cultural, é no rural, porque xa sabemos todos que as cidades do mundo cada vez se parecen



máis. Hai unha especie de *tabula rasa* cultural que fai que as cidades, sobre todo nos seus centros, sexan case indistinguibles unhas das outras, como explicou Naomi Klein naquel famoso libro, *No logo*. Pasou tamén, por exemplo, no caso da conservación da lingua galega; é dicir, se a lingua galega se conservou nalgún sitio foi tamén no rural. Pero non soamente no caso da lingua, senón no caso da identidade cultural, que se nalgún momento e se nalgúns lugares se conserva é xustamente no rural. Iso, loxicamente, tamén se pode aproveitar de moitísimas maneiras; unha delas, o turismo asociado cos eventos culturais etcétera.

Pero, como temos moito menos tempo que a conselleira, voume centrar no caso da estación da Gudiña, xa que, por motivos obvios, a perda desa frecuencia de tren vai en contra de todo o que se está falando, absolutamente de todo.

Porque a perda dese servizo fai que moitas persoas non poidan acceder aos servizos sanitarios... Hoxe saía aínda na prensa que hai persoas que teñen que vir a Ourense a tratamentos de quimioterapia e relacionados coa súa enfermidade que agora xa teñen outra dificultade engadida.

Fálase tamén moito, tanto a nivel do Partido Socialista como a nivel do Partido Popular, da mobilidade sostible, curiosamente. Se cerran unha estación de tren, loxicamente a xente do rural vai ter que usar moito máis o seu vehículo privado; ou sexa, moito máis dióxido de carbono no que curiosamente é un sumidoiro de CO₂, porque, se nalgún lugar se resolve o problema da eliminación de CO₂, é precisamente no rural, porque nas cidades é xustamente onde máis se crea.

O feito de que as persoas teñan que ir vivir a outro lado, —porque, se non poden desenvolver actividades que precisen de determinados servizos, van ter que ir vivir ás cidades e, no caso concreto de Galicia, á costa— vai contribuír ao envellecemento da poboación, porque normalmente as persoas maiores que, ao mellor, xa están xubiladas, quedan no seu pobo, na súa aldea, mentres os seus fillos van traballar e van aportar riqueza e van xerar emprego ás cidades, o cal vai ter que facer que se incrementen os servizos públicos de asistencia social, co correspondente encarecemento dos servizos públicos pertinentes. Se vivisen os seus fillos con eles ou se puidesen estar preto deles, ao mellor non se precisaba tanta asistencia social e, desde logo, sería moito mellor para eles estar na proximidade da súa familia que que tivesen que ser atendidos —con toda a profesionalidade, desde logo— por profesionais da asistencia social. E aí temos un caso do que o Partido Socialista fala no seu plan de recuperación.

Mira, outra cousa moi curiosa da que fala o punto 10.9 dese plan de recuperación é do desenvolvemento transfronteirizo con Portugal. E, curiosamente, quitan unha estación de tren que era amplamente utilizada por persoas do norte de Portugal. Ou sexa, que o punto 10.9 do seu plan transfronteirizo, como digo, a *Estrategia conjunta de desarrollo transfronterizo con Portugal*, queda en *agua de borrajas* na práctica. Este caso concreto, como dicía eu, enmarca moi ben a análise real da cuestión. Fala de reforzo de seguridade cando están quitando postos da Garda civil etcétera.

E todo iso, tal e como está denunciando unha plataforma da zona de Zamora... porque vostedes saben que esas decisións deben de estar motivadas: quitar unha estación de tren ou



quitar, de momento, frecuencias. Porque están temendo que se quite a propia existencia da estación; por iso hai moita xente mobilizándose nese sentido, porque isto é aquilo de poñer as barbas a remollar. Están temendo que o que pretende o Goberno de España é eliminar por completo esa estación, empezando por eliminar as frecuencias. Entón, ao mellor despois é a de Ourense. O que estaba dicindo é que estas decisións teñen que estar moi motivadas, e todo parece ser un capricho do señor Abel Caballero. O señor Abel Caballero presiona no Goberno de España para eliminar estacións intermedias para un mellor servizo da xente que vive en Vigo ou nas zonas da costa galega, en detrimento do desenvolvemento do rural e indo en contra de todo iso que di no Plan de recuperación de medidas fronte ao reto demográfico.

Curiosamente —xa digo— hai unha plataforma que está levando e á que se lle admitiu a trámite unha denuncia polo que pode haber, xa non só de discrecionalidade, senón de arbitrariedade por parte do Goberno de España nesas decisións. Non sei se estes días, coa Guardia Civil entrando en Adif, entrando na Dirección Xeral de Estradas, entrando en Transportes, pois ao mellor estaban a outra cousa e non lle prestaron suficiente atención ás consecuencias de eliminar frecuencias nunha estación como é a Porta de Galicia, da Gudiña. Ao mellor, non pensaron suficientemente nas consecuencias e de que maneira ía en contra ou vai en contra desas boas intencións que fan constar nestes plans de recuperación demográfica.

Pero, volvo repetir, o Partido Popular, desde a Xunta de Galicia, ten que facer presión. Así como o señor Abel Caballero fai presión nun sentido, a Xunta de Galicia ten que facer presión en Madrid dentro do poder que ten, que sempre será maior que o dunha plataforma privada, para ir tamén de xeito coherente con iso que acaba de dicir a conselleira sobre o fomento do rural, de asentamento.

O outro día chamábame a atención unha cuestión polo tema da brecha dixital do rural. Ás mulleres vítimas de maltrato que teñen que ter localizable o agresor, pónenlles unha pulseira e, se se acerca a menos de non sei cantos metros, pita un mecanismo que ten. Por falta de cobertura en moitos puntos do rural, moitas veces non pita ese aparato e as mulleres vense, digamos...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: ...—si, vou rematando— vense no risco de sufrir agresións, precisamente porque ese mecanismo tecnolóxico non funciona por falta de cobertura nesas zonas. Aquí, como despois aínda temos outro turno, ao mellor sigo falando pero penso que a idea queda transmitida.

Nada máis. Grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Socialista de Galicia.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas e moi bos días a todos e a todas.



«Luis, sé fuerte, mañana te llamo.» Non sabemos se a chamada do día seguinte era para dicir que non descubrira quen era M. Rajoy, porque o resto da cidadanía non o sabía, e ao mellor a chamada versaba sobre iso, tal e como se corroborou nunha sentenza do financiamento ilegal do Partido Popular; problema...

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...estrutural que ten o Partido Popular, con 28 casos pendentes aínda e decenas de anos xa de prisión na última sentenza. Non, non todos somos iguais. Nós temos tamén algún caso de corrupción, pero nós actuamos de xeito completamente distinto; abrímoslles a porta e invitámoslos a saír, porque non cabe dentro do Partido Socialista ningún tipo de corrupción. (Aplausos.) Pero, ¿que fan vostedes? Prémianos, prémianos. E temos aquí o exemplo máis palpable: a señora Candia vai con anónimos ao xulgado e, en contraprestación, a silla da Vicepresidencia da Mesa do Parlamento...

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor! Deixen falar á señora Méndez, por favor.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Esta é a realidade. Mentres vostedes premian quen actúa con esas praxes, nós expulsámoslos. Mentres vostedes machacan ordenadores, nós cambiamos contas para que non poidan borrar nin un só dato e que se descubra toda a verdade. Esas son as dúas formas distintas. (Aplausos.)

E voulle dicir outra cousa, porque todo o caso da operación Pulpo, que se cerrou recentemente, non só afecta políticos; tamén centos de decenas de funcionarios da Deputación e incluso —de toda esa trama que houbo— do Concello de Lugo, facéndolle dano ás institucións e facéndolle dano á cidade e a provincia de Lugo. E nin unha soa palabra de perdón. E, señora Candia, mire, (A señora Méndez López vírase e diríxese á señora presidenta, Candia López.) podía aproveitar a intervención por alusións para pedir perdón, xa non só ao señor Besteiro, senón a eses centos de funcionarios, que se ven e se viron implicados inxustamente, tendo un dano persoal...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Non interrompan a señora Méndez. Precisa silencio para poder intervir.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...e familiar, sen entrar no custo económico que supuxo todo ese entramado que quedou absolutamente en nada, porque a única persoa que foi sancionada nese proceso foi unha xuíza. (Aplausos.)

¿Moléstalles ? Pero é a realidade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Esa é a realidade. E mentres uns —como dicía— premian, nós expulsamos. Esa é a realidade. Si, señorías do Partido Popular.



E hoxe comparece vostede aquí, señora conselleira, baixo un título que soa moi ben. Transmite sensacións agradables e invita a soñar o título da súa comparecencia. Pero, se non vai acompañado de explicacións concretas, de datos, de propostas, pois queda simplemente nun slogan bonito e baleiro. E si, algunha proposta fixo —porque xa estou vendo como lle dá á cara—, pero é máis do mesmo de sempre. Dareille conta agora tamén desas propostas.

Á parte, dáme a sensación de como se dun colofón, dun fin de curso, se tratase. Imos acabar o período de sesións deste semestre, está aí á volta da esquina o verán, non hai moitos temas importantes que tratar e, polo tanto, pois utilizamos o medio rural para vir aquí e facer ese alegato; ata se me permite, como se fosen os mundos de Yupi, incluso en materias tan importantes como é o noso rural, que a vostedes parece que non é o que máis lles preocupa. Vostedes condenan a nosa mocidade a vivir dun soño, a que esas ganas de vivir e de apostar polo rural se convertan tamén nun acto heroico —coma sempre— e a que vivir no rural sexa unha aposta decidida e persoal de cadaquén que así o decide.

O medio rural galego nos últimos anos sufriu un despoboamento tremendo, sufriu unha perda de servizos brutal e ten falla de oportunidades. Isto é o que realmente fai que a xente quede no rural. Volver ás nosas raíces significa redescubrir o valor do territorio e da tradición, pero hai que facelo tamén desde unha visión moderna, sostible, aberta e rendible, porque a xente ten que vivir no rural, pero ten que vivir economicamente diso tamén. O primeiro que se plantexa unha persoa nova que quere ter futuro é que oportunidade ten para desenvolver unha carreira profesional e que lugar vai escoller para formar a súa familia. A clave está en ofrecer servizos dignos, oportunidades económicas reais, innovación e calidade ambiental, apoiándonos no valor diferencial que ten o medio rural galego, porque si, si que o ten. Vostede fai gala de que o ten, pero despois non o leva á práctica. Teno, pero hai que buscalo, hai que apostar e hai que crer nel con políticas públicas estables e con implicación da veciñanza, do tecido económico e dos emprendedores.

O rural galego pode converterse nun destino atractivo para vivir, para traballar e para formar unha familia, pero hai que apostar de maneira decidida para que así sexa. Hai que fomentar o emprego e as oportunidades económicas. Impulsar o sector primario é fundamental. As axudas procedentes da PAC incentivan esa mellora das explotacións, incrementando a súa rendibilidade e a súa competitividade. O 75 por cento dos recursos que se utilizan para eses plans de mellora das explotacións galegas proceden da PAC, non os financia en exclusiva a Xunta de Galicia —de feito, a Xunta de Galicia é a que menos porcentaxe pon para este fin—, o que converte estas axudas en imprescindibles para a modernización das granxas. A pesar diso, o 70 por cento das solicitudes da PAC, dos plans de mellora do ano 2024, quedaron fóra das axudas. Están en risco tamén as de nova incorporación, porque aínda que fosen maiores, ían vinculadas á consecución da mellora. Esta situación débese á modificación que fixo o seu Goberno por parte da Xunta de Galicia na convocatoria da PAC.

O mesmo ocorreu coas axudas en ecolóxicos, coas axudas de granxas de especial protección e de montaña, coa redución da carga gandeira, coa falla de recursos, coa mala xestión e planificación para combater enfermidades como a hemorráxica ou a da lingua azul ou para estar previstos ante posibles mutacións ou novas enfermidades. Hai miles e miles de hectáreas de concentración parcelaria sen actividade e miles e miles en abandono —ou sen actividade—. E



vostede vólvenos anunciar aquí un novo plan de mobilidade que, como digo, é sempre máis do mesmo.

Señora conselleira, nos próximos dez anos xubílanse dous de cada tres gandeiros co consecuente peche das explotacións en moitos casos e a case nula política de relevo xeracional. Pola contra, temos que cada Consello da Xunta se adica a parchear as súas políticas, as consecuencias das súas prácticas. Anunciáronse eses 36 millóns para axudas de incorporacións e de plans de mellora. ¿Por que? Porque como quedaron máis do 70 por cento fóra, agora hai que repescar e hai que poñer cartos enriba da mesa. Anunciáronse as axudas de 5 millóns de euros para complementar os 200.000 euros; é dicir, imos poñer 5 millóns de euros para complementar 200.000. Iso é porque, de partida, eses 200.000 eran tremendamente escasos, como xa temos manifestado tanto aquí, na sesión plenaria, como nas comisións. Iso si, son tamén financiados na forma maioritaria por parte dos fondos do Ministerio ou fondos europeos. Se non, utilizamos o Consello da Xunta de Galicia —xa digo—, ben para parchear, ben para dar toma de razón, como pasou neste último Consello da Xunta. Dan toma de razón para o Plan Camiña dicindo que «xa estamos executando este plan», un plan a todas luces insuficiente polos recursos que se poñen. E se facemos a comparativa de todos eses anos, a aportación é bastante menor que cando se iniciou. Tamén se deu razón neste último Consello da Xunta do pagamento das axudas agroalimentarias. Fíxense, incluso con ese halo de «mira que bos somos, que anunciamos ou sacamos unha orde e despois cumprimos esa orde». ¡Só faltaría! Esas sesións, ao final, convértense en moitos casos en sesións de autobombo.

Evidentemente, todas estas condicións fan que se atrasen os investimentos e que crezan o medo e a incerteza da eficiencia das explotacións. E poderíamos seguir coa situación que viven os sectores do viño —nomeadamente, o da Ribeira Sacra— e o da faba ou co pouco, ou nulo, compromiso da Xunta de actuar ante as inclemencias climatolóxicas, como foi o caso do Kirk. Non se lles ocorre actuar, pero tampouco son capaces de aprobar e de levar a cabo as propostas que dende o PSdeG...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...levamos en positivo. Termino, presidenta, e termino cun caso: o último que aconteceu cos carnés fitosanitarios, que, pola desidia da Xunta de Galicia...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...tiveron que formarse noutros centros, provocando a anulación destes carnés, véndose agora abocados a iso e alcanzando 6.817 persoas en Galicia. Polo tanto, esta é a forma de actuar. Imaxino que...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...terán que levar —finalizo, presidenta— novamente ao Consello da Xunta de Galicia algunha iniciativa para parchear e darlles unha solución a estes gandeiros e gandeiras que, en plena época...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...de uso deses fitosanitarios, non poden utilizalos pola desidia e a deixadez do Partido Popular. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Na quenda do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidenta.

Conselleira, ¿vostede tamén aplaudiu e louvou o conselleiro de Pesca, o señor Villares, despois de ser denunciado por agresión sexual? ¿Tamén foi cómplice de ocultar durante catro meses a denuncia por violencia sexual do conselleiro? ¿Tamén se puxo do lado do señor Villares? ¿Tamén se nega a ter unhas verbas de apoio á vítima? Pénseo, conselleira: ¿de que lado se pon? (*Aplausos.*)

Señora Gómez, comparece para informar sobre as oportunidades e as vantaxes que ofrece o medio rural. É unha frase moi bonita, pero digo eu e dicimos dende o BNG: ¿non hai un balance do traballo feito neste ano na Consellería? ¿Non hai unha explicación das grandes liñas para facer viables as explotacións agrogandeiras? ¿Non explica como se fomenta a actividade económica nos concellos, que abarcan a maioría do noso territorio? ¿Non explica o traballo da Consellería para que se reverta esta caída demográfica nas vilas e nas parroquias de Galiza? ¿Como melloran os servizos públicos nas nosas parroquias e concellos? Por exemplo: nos servizos sociais, a Xunta de Galicia afoga os concellos en temas como o SAF —que tamén poderían ser unha oportunidade laboral moi importante—; nas escolas infantís, en prazas con dificultades de conciliación; na sanidade, que fallan pediatras e hai déficit de atención primaria e abandono dos hospitais comarcais e na atención especializada; e hai problemas de mobilidade e vivenda.

En definitiva, conselleira, non teñen un plan de rescate para a maior parte do territorio de Galiza, que é o medio rural. En vez disto, ¿que nos trae? Tráenos unha serie de obviedades e medidas en pequeno; un tirarse flores en aspectos que non resolven para nada os problemas do rural e unha fuxida cara a ningunha parte entre inauguracións e festas diversas —*Días de viño e rosas*, como diría o título da fantástica película—, pero que, en realidade, esconde a súa obsesión —a obsesión do Partido Popular— de eliminar calquera posibilidade de recuperar o medio rural no sentido máis amplo. Vostedes non teñen ningunha gana de solucionar nada no rural, só de que vaia acabando da forma máis doce posible, sen arbitrar solucións.

Conselleira, o rural é case todo o país, case toda Galiza. Hai un ano estivo aquí e eu formuleille, nesta mesma tribuna, preguntas grandes e pequenas para que clarificase por onde ían os tiros da súa consellaría e para que vostede tomase notas —se quería— e fose dicindo o que ía ir facendo. Vexo que vostede non respondeu a esas principais preocupacións das mulleres e dos homes que lle queren ao rural.

Señora Gómez, lembro que vostede, na comparecencia de xuño do 2024, nos invitou a colaborar e a traballar polo rural. Lembro que nós, o BNG, tendémoslle a man para traballar polo



rural con ánimo construtivo, con vontade de país, con altura de miras e coa vontade de resolver os problemas graves que ten o rural. «Se é así, atopará o BNG», díxenlle eu en xuño do 2024. ¿Que pasou con ese ofrecemento, conselleira? Voullo explicar moi sumariamente, porque non teño moito tempo.

Neste último ano, debatéronse iniciativas do BNG para que se aprobasen todas as axudas para a incorporación de mozas e de mozos ao agro e para a mellora das explotacións agrarias do ano 2024. Non sei se o lembra, pero vostede aquí comprometeu a súa palabra no Pleno e dixo que as ía aprobar todas. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Como non se aprobaron no ano 2024, trouxemos outra vez ao Parlamento unha iniciativa para que se aprobasen estas axudas denegadas, que alcanzaron o 70 por cento nos plans de mellora, e no caso de Ourense, o 81 por cento. Só se aprobaron 12 expedientes. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Tamén presentamos unha iniciativa para que o Goberno galego elaborase un plan específico para favorecer a remuda xeracional nas explotacións agrarias galegas e sometelo á tramitación, á información e á súa aprobación no Parlamento. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Debateuse tamén outra proposta para elaborar un plan específico para fixar xente moza no rural nas actividades non agrarias. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Trouxemos tamén as demandas das explotacións en ecolóxico para que se permitise ampliar as axudas no ano 2025, tendo en conta que había capacidade orzamentaria no PEPAC. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Presentamos tamén iniciativas para facer cambios normativos para que as explotacións gandeiras de vacún de carne e de ovino cabrún das zonas de montaña non sufrisen unha baixada nas axudas da PAC no ano 2025 e nos sucesivos. ¿Sabe que votou o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Ante o grave problema da eucaliptización, a falla de superficie agraria útil do noso país e a situación das nosas masas forestais, presentamos unha iniciativa para manter a moratoria do eucalipto. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Presentamos tamén iniciativas de debate para que, ante o clamor social e os negativos aspectos para o noso rural e para as producións agrarias gandeiras e forestais e ante o inxente dispendio e pelotazo de 250 millóns de euros de fondos públicos, se rexeitase e non se apoiase esta macrocelulosa de Altri. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non». (Aplausos.)

Trouxemos a debate o problema das enfermidades das bandas do piñeiro, que está causando estragos en todos os piñeirais do norte de Galicia. ¿Sabe que votou o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».



Mención especial son os graves problemas causados pola EHE, polo que numerosas veces demandamos que se actuase e, por suposto, que se arbitrasen axudas xustas para todas as explotacións gandeiras que sufriron os estragos desta enfermidade e que pode que volvan sufrilos neste momento. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Interesámonos e presentamos propostas para previr e solucionar os problemas causados pola lingua azul, pola enfermidade de Lyme, pola gripe aviar e pola rata toupa. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Tamén nos interesamos polos graves danos ocasionados polo temporal Kirk no medio das explotacións leiteiras e noutros cultivos e plantacións. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

No sector leiteiro, presentamos iniciativas para solucionar a diferenza de prezos en contra das nosas explotacións con respecto ás doutras partes do Estado, para mellorar mecanismos como a Mesa do Leite e o Observatorio do Sector Leiteiro e para favorecer a nosa principal produción agraria. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Outra problemática importante para as explotacións é a recollida dos plásticos agrícolas. Tamén trouxemos propostas para dar unha solución a este grave problema que afecta as explotacións agrogandeiras. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Un dos graves problemas que afrontan as explotacións de ovino é o da recollida da la. Presentamos tamén iniciativas para valorizar este produto e darlle unha solución. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Os déficits do rexistro vitícola causa importantes problemas ás viticultoras e aos viticultores. Propuxemos medidas para solucionar a situación deste rexistro, tan importante para o sector vitícola. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Tamén trouxemos ao debate os graves problemas que tivo —e que ten en gran medida— a denominación de orixe Ribeira Sacra e os problemas de comercialización do viño tinto e propuxemos medidas para a súa solución. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

A produción da faba de Lourenzá está pasando por unha grave crise, polo que propomos actuacións que a freasen e que axudasen estas explotacións. ¿Sabe que fixo o seu grupo, o Partido Popular? Votou «non».

Debateuse a iniciativa para elaborar e poñer en marcha un plan de formación continua para o agro galego e asegurar a todos os solicitantes o acceso a esa formación, garantindo sempre que os centros dependentes da Consellería do Medio Rural impartisen a dita formación. ¿Sabe que fixo o seu grupo do Partido Popular? Votou «non».

Tamén trouxemos a debate os problemas da investigación agraria, nomeadamente no CIAM, propondo medidas para reverter este proceso de desmantelamento dos centros de investigación. ¿Sabe que fixo o seu grupo do Partido Popular? Votou «non».



Debateuse unha iniciativa para que as persoas que están no agro, as mulleres e os homes titulares de explotacións agrarias, puidesen presentar a documentación de xeito presencial nas oficinas agrarias e así favorecer a relación coa Administración. ¿Sabe que fixo o seu grupo do Partido Popular? Votou «non».

Tamén trouxemos os acordos da Unión Europea ao Mercosur, que son negativos para as explotacións gandeiras galegas, en especial para vacún de carne, aves e sector apícola. ¿Sabe que votou o seu partido, o Partido Popular? Votou «non».

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Remato, presidenta.

Por último, presentouse unha iniciativa para que o noso boi, o boi galego, seguise sendo boi e non o obrigasen a ser *buey gallego* por orde da Xunta, publicada no *DOG*. ¿Imaxina vos-tede que fixo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Ten despois unha segunda intervención.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...o seu partido, o Partido Popular? Seguro que o sabe: votou «non».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Viso.

O señor VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidenta.

Moitas grazas, conselleira, por vir hoxe comparecer.

Deixounos claro cal é o futuro para Galicia e deixounos claro cal é o futuro para Galicia que pasa por ese rural, pero permítame que, antes de nada, teña que facer unha aclaración: unha aclaración á señora Méndez, xa que ¡vaia papelón lle tocou facer hoxe aquí! Eu entendo, por suposto, o seu nerviosismo, señora Méndez. Parece que está vostede sufrindo esa maldición dos secretarios de organización do PSOE: pasan tanto tempo intentando desgastar o PP que non se ocupan do que lles pasa nas súas propias filas. A verdade é que aquí cabe facer unha pregunta: ¿que tipo de secretaria é? ¿Das que non se enteran ou das que están *manillando* contra Tomé por detrás? A verdade é que había que facer esa pregunta e buscar a resposta nas súas propias filas. (*Aplausos.*)

Temos esta foto desta mañá. (*O señor Viso Diéguez amosa unha fotografía.*) Aquí vemos como esta mesma mañá vostedes perdían unha votación, pero a verdade é que é curioso e non p-ramos de ter sorpresas. Eu vía a noticia: «24 de xuño...», e digo: ¡Pero se é hoxe! «*El juez del caso Begoña pide al Supremo que investigue a Bolaños por malversación y falso testimonio.*» A



verdade é que hoxe era mal día para vir falar vostede como veu falar, señora Lara. A verdade é que hoxe era mal día... (*Aplausos.*)

Señora conselleira, nós hoxe vimos, por suposto, falar dese rural; hoxe vimos falar dun rural cheo de posibilidades; vimos reivindicar fortalezas; e vimos non só ascender o rural, senón que vimos tamén apostar por el. O rural galego é innovación, é economía e é identidade. Como ben remarcou, vostede veu a este hemicycle non só dar conta, senón tamén propoñer un futuro: un futuro para o rural e un futuro, por suposto, que pasa sen perder ese tren, como nos dicía o señor Ojea.

Quero comezar tamén dicindo alto e claro que o medio rural é o presente que sustenta o futuro. Así o estamos vendo, así o está vendo a Xunta de Galicia e así o está vendo esta Consellería. Falamos dun rural como motor de desenvolvemento, como espazo de oportunidades e, sobre todo, como un lugar onde a Galicia do mañá xa está medrando. A Xunta leva anos traballando con compromiso e consolidando os servizos fundamentais, seguindo unha folla de ruta na que cada vez máis mozos e mozas —insisto, cada vez máis mozos e mozas— optan por emprender a súa vida nun rural dinámico onde a autenticidade e as oportunidades converxen.

Neste contexto, no rural galego latexa unha economía que crece cada día e é esencial. Primeiro, porque produce alimentos de calidade —exportamos esa calidade e xeramos emprego—, sostén a paisaxe e dinamiza a contorna. Así o declaran e así o din os datos que foi debullando a conselleira na súa comparecencia. Temos, señorías, un sector agrogandeiro que cada vez é máis moderno, que cada vez é máis profesional e que cada vez é máis comprometido. Os colexios profesionais dan —ou damos— conta disto, xa que reciben proxectos cada vez máis innovadores que reflicten con claridade cal é a actividade máis sustentable, tecnolóxica e integrada no mercado global.

Señorías, tamén temos cooperativas que son un exemplo de éxito; temos —falouse aquí delas— denominacións de orixe e IXP que levan o nome de Galicia polo mundo; temos emprendedores que innovan desde as aldeas con tecnoloxía, con marca e con valor engadido; e temos, ademais, un activo inmenso por explotar. Comentábovos: a madeira, a biomasa, a agricultura ecolóxica e a enerxía verde.

Señorías, o rural non é só a produción, é a transformación, é o servizo, é a exportación e, por suposto, é a marca Galicia: a Galicia Calidade. O rural galego pode ser a chave da nova economía sostible. Nun contexto de crecente preocupación ambiental, Galicia ten a oportunidade —e así o está a demostrar— de liderar desde o local, e así o entende esta Consellería, pero temos que ter coidado. Temos que ter coidado porque a natureza non se conserva en estado salvaxe, senón con xestión activa e con persoas vivindo nela, traballando e coidándoa.

Señorías do BNG, fronte aos que berran «non» —que son vostedes— sen alternativa, nós dicimos «si» ao emprego sostible, dicimos «si» á industria e dicimos «si» á creación de valor. (*Aplausos.*) Si, señorías do BNG, si.... Fomentar a gandería extensiva, recuperar terras abandonadas, xestionar ben os montes, apoiar producións sostibles e promover a bioeconomía son liñas nas que a Xunta de Galicia leva anos traballando con compromiso para ga-



rantir un desenvolvemento rural sostible e respectuoso co medio ambiente. Todo isto, señorías, non é só ecoloxismo, é unha política pública con visión. Cando falamos do medio rural —cando se falou aquí do medio rural e o falou a Consellería—, falamos do sector primario como columna vertebral do territorio galego. Falamos das mans que transforman a terra en alimento, que manteñen o monte limpo, que exportan calidade e que sosteñen, día a día, a economía real dun país que non se pode permitir esquecer de onde vén.

O rural galego é un sector produtivo e estratéxico, e este compromiso, señorías, reflíctese na acción do Goberno —deste Goberno da Xunta de Galicia e desta Consellería— co rural. Faino primeiro con formación, reforzando o papel dos centros de formación. Falouse de tutorización; falamos do Plan Remuda xeracional, con compromiso co territorio; falamos do Plan de camiños; falamos do Banco de Explotacións; e falamos do Banco de Terras, con apoio aos produtores. Por suposto, Galicia segue sendo líder en sanidade animal grazas a medidas como as implantadas tanto na EHE como na lingua azul. Así nolo fixo ver o director xeral a pasada semana na Comisión e así o aclarou, aínda que moitas das señorías do BNG sorrían, pero esa é a realidade.

Tamén somos un referente en investimentos na loita contra o lume, e así tamén o deixou claro o director xeral na súa comparecencia na Comisión. Por suposto, somos un referente en infraestruturas, modernizamos as oficinas agrarias comarcais e tamén somos un referente na promoción. Falabamos deses produtos de calidade, destes produtos galegos que, ao final, levan a marca «Galicia calidade».

Temos que facer política de altura, señorías, temos que facer política de altura... Xa sei que moitas señorías do BNG xiran a cabeza porque non o entenden. Non chega con plans estratéxicos que non baixan ao chan e non chega con discursos sen orzamentos detrás, nós facemos política con orzamentos. Sei que moitos que levan tempo no Goberno —no Goberno central— non entenden o que son os orzamentos, pero tamén sei que moitos que van da man dese Goberno central tampouco entenden o que é gobernar con orzamentos. Este goberno temos, e temos cada ano. Nós somos un goberno serio, con visión, con compromiso e con acción real. Así, señorías, o recoñecen os galegos e as galegas con estas últimas maiorías absolutas. Cada vez que nos presentamos ás eleccións, os galegos e as galegas valoran o traballo feito, tamén nesta Consellería do Medio Rural.

Mentres Galicia avanza no medio rural con accións concretas, outros dedícanse a bloquear, a cuestionar e a desacreditar, como nalgunha das intervencións que hoxe vimos aquí. Teñen a posibilidade na réplica de pedir perdón, sobre todo ao medio rural e á xente que traballa no medio rural, por deixar de lado e pasar a un segundo plano o que sería o importante do debate de hoxe: o medio rural. Nós, loxicamente, traballamos para defender o medio rural. Vostedes bloquean, cuestionan e desacreditan. Desde a Xunta de Galicia temos claro cal era a nosa folla de ruta, e témolo claro porque nos orzamentos da Consellería do Medio Rural para o 2025 aumentou o orzamento respecto ao ano anterior e superáronse os 700 millóns de euros; ou sexa, un 3,5 por cento máis que o ano anterior.

Tamén, como comentaba a conselleira, investiuse en infraestruturas agrarias, en regadíos e na modernización de explotacións. Falouse aquí — e aclarouse— das incorporacións e dos



plans de mellora, fundamentais para ese relevo xeracional. Tamén se falou aquí —e témolo que recalcar— dun programa pioneiro, como son os polos de emprendemento no rural ou do que xa se comentou dos polígonos agroforestais, das aldeas modelo, das permutas agrarias e dos pasteiros. Todo iso estaba recollido —e está recollido— tamén nesa Lei de recuperación da terra agraria que se aprobou, por certo, neste Parlamento cos votos do Grupo Popular, coa abstención do Partido Socialista e co voto do «non» dos de sempre, do Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, cando hoxe a conselleira nos falou da Galicia do futuro, falou dunha agricultura sustentable, dunha gandería moderna e dun sector forestal estratéxico. Isto é facer política útil. Isto é pensar no futuro e traballar desde hoxe para apostar por un rural con feitos.

Vou rematando xa, presidenta.

Cando mentres aquí, no Parlamento, se di «non» a todo e nos din «non» a todo, en Madrid acompañan da man un goberno asediado, como xa vimos, por denuncias gravísimas de corrupción que se aplican, directamente, ao partido que goberna España. Sorprende —ou quizais non tanto— como o nacionalismo galego continúa ofrecendo un apoio incondicional a este goberno.

Señorías, aquí dedícanse a frear, sistematicamente, calquera avance que supoña o progreso real, e eu para iso, señorías, só teño un nome: incoherencia política e irresponsabilidade institucional.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

Señores e señoras.

Señor Ojea, ten vostede razón, hai que mellorar esas infraestruturas ferroviarias en Galicia. Eu mesma, a semana pasada, pasei hora e media alí na Gudiña. A paisaxe é moi bonita, pero o tempo tamén é importante cando un ten que ir xestionar a Madrid. (*Aplausos.*)

Señora Méndez, dicía a miña avoa unha expresión que me gustaba moito, que fai referencia a esa emigración que viviu Galicia no século pasado: «je manda chover na Habana!». Vaia, vaia.

Lembrábame agora, e lembrareime sempre, do día que me dixo que o que esta conselleira sabía do medio rural era o que me contaba o meu marido. Un excelente exemplo do feminismo que defende o Partido Socialista. (*Aplausos.*) Pero hoxe puideron comprobar algo peor. Da intervención que vostede tiña para falar do medio rural, case dedicou a metade a falar doutros asuntos que lle interesan máis —ao mellor, non foron os máis axeitados, pero que



lle interesan máis xa o puiden comprobar—. Xa podemos comprobar tamén todos os galegos e galegas o que lle interesa a vostede o medio rural galego: ¡nada! (*Aplausos.*)

Critica vostede que dea conta no Consello da Xunta da execución das ordes que convoca a Consellería do Medio Rural. Iso chámase transparencia, pero bueno, coa situación que teñen en Madrid, xa sei que a transparencia non é tampouco unha das calidades do Partido Socialista.

E o señor Fernández... Mire, ten que escoitar máis ou non traer preparada a intervención, señor Fernández, porque ou non escoitou nada do que dixer na miña primeira intervención ou traía preparada perfectamente a súa; unha intervención que xiraba en torno do «non» e tamén xirou en torno da actividade parlamentaria do Grupo Popular. Eu xa me imaxino que non lle gusta moito esa campaña que o Grupo Popular puxo en marcha identificando o BNG cos do «non», pero eu non lle teño que facer. Da xestión desta Consellería, das medidas e da conta que dei na miña primeira intervención, ¡pois non falou nada! Non pasa nada. Iso debe de ser que o estamos a facer bastante ben, cousa que me satisfai.

Tamén era previsible que volvesen insistir, por enésima vez, na Galicia na que nada funciona. Volvo dicir que, con ese discurso que fixo o señor Fernández, xa vexo que está vostede instalado no «non». (*Murmurios.*) Opoñerse sistematicamente ás iniciativas que propón o Goberno galego ou non recoñecer os logros da Galicia rural —que son moitos, por sorte— non é a mellor maneira de traballar por Galicia. Tampouco o é esa imaxe negativa de Galicia que ás veces traen aquí, como traía a señora Méndez, que di que eu vivo... ¿Como dixo? ¿Nun soño? Si, que creo dixo nun soño. Pois soño ningún, porque eu vivo na Galicia rural, e sei e visito moitas explotacións de todo tipo por toda Galicia. Vostede tamén vai a algunha de vez en cando; pode ir a máis, e darase conta desa Galicia próspera e que ten ese gran futuro polo que traballamos dende a Consellería do Medio Rural. (*Aplausos.*)

Galicia —vólvo dicir aquí— é unha potencia rural e, como goberno, poñemos á disposición de todos os recursos que apostan polo medio rural, para que todos aqueles que viven e traballan no medio rural poidan desenvolver de xeito pleno a súa actividade laboral e vital. Por iso, poñemos en marcha —mal que lles pese— políticas que conducen a ese rural moderno, con explotacións rendibles, sexa cal sexa o modelo, que permiten aos seus propietarios conciliar o traballo e o lecer.

Pero tamén é necesario apostar por eses proxectos de industrialización, e así o facemos. Galicia é 95 por cento rural, estou de acordo con vostede, señor Fernández. Galicia é rural, pero no rural caben todos e cada un dos proxectos de vida. Procuramos que as vilas e os pequenos núcleos de poboación dispoñan de todos os servizos —falou vostede de servizos— que precisen para atraer cada vez máis persoas. E dei conta na primeira intervención de todos eses proxectos non agrícolas que apoiamos dende a Consellería do Medio Rural e dende o Plan LEADER para que esa xente que quere emprender en actividades non agrícolas lle dea servizo á xente do rural, a aqueles que desenvolven a súa actividade vinculada coa agricultura e coa gandaría. Todo iso facémolo sen renunciar ao respecto e ao coidado polo medio ambiente, porque somos conscientes de que temos un patrimonio natural extraordinario que é fonte de riqueza, e nunca o poñeremos en perigo. Temos un territorio puxante, por moito que o



intenten negar; un rural vivo, moderno e que lidera sectores tan importantes como o leiteiro, o cárnico, o forestal ou o alimentario.

Miren, hai poucos días acudía a Madrid no Día Internacional do Leite, e estaba tamén o representante do Goberno Vasco, que presumía alí das explotacións que teñen no País Vasco. Claro, daba un dato mal —todos nos miramos con sorpresa—: arredor de catrocentas explotacións de leite... Esa é a comparación doutras comunidades, que producen unha mínima parte e ás que ten que ir a produción tanto láctea como cárnica de Galicia para o resto de España; é algo do que nos temos que sentir moi orgullosos. (*Aplausos.*) Eu non vivo nunha ensoñación, ¡vivo nunha realidade! E iso é, por moito que o neguen, porque as políticas implementadas polo Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia funcionan.

Intentan desprestixiar as incorporacións e os plans de mellora. Eu estou encantada de que haxa unha gran demanda de todas aquelas liñas de axudas que poñemos en marcha. Iso é porque hai actividade; iso é porque hai xente que ten interese en incorporarse ao campo. É un pouco incongruente: por un lado, din que non, que o campo se abandona; e, por outro lado, resulta que non damos cobertura á gran demanda que temos para incorporarse ao agro galego. (*Aplausos.*) ¡Home, por favor, un pouquiño de congruencia nas súas explicacións!

Miren, todos os anos van saír plans de incorporación e de mellora mentres eu estea á fronte desta Consellería, como se vén facendo ano tras ano cos gobernos do Partido Popular.

Dixeron que abandonamos os gandeiros. Mezclou a señora Méndez aí datos, de 200.000... ou de 5,5 millóns; entendo que se refería as axudas para a EHE. O 50 por cento, señora Méndez —eu non teño nada que ocultar—, dese orzamento, deses máis de 5 millóns de euros que se puxeron para os gandeiros afectados pola EHE —por desgraza, oxalá non os tivéssemos que poñer—, foron fondos do Ministerio de Agricultura, pero o outro 50 por cento —nin máis nin menos, igual— é fondo propio da Xunta de Galicia. Por certo, foron as axudas máis cuantiosas de todo o país —tamén o hai que dicir—. Ademais diso, impórtanos moito a sanidade animal, ¿como non nos vai importar? Puxemos 1,4 millóns de euros para a indemnización por sacrificio obrigatorio, e este ano investimos 25 millóns de euros en programas de sanidade animal.

Din que non fixemos nada contra os fenómenos meteorolóxicos. Pois tamén se equivocan, porque para iso están os seguros agrarios, aos que lles incrementamos ano tras ano o orzamento. Este ano foron 9,5 millóns, un 12 por cento máis de fondo público da Xunta de Galicia para os seguros agrarios, que son —nunca mellor dito— o mellor seguro e a mellor seguridade contra calquera contratempo que haxa nunha explotación agrícola ou gandeira. Xa lles dixen tamén na miña primeira intervención que estamos traballando no instrumento financeiro, que servirá para dotar de máis liquidez para capital circulante ou para préstamos para investimentos, a todos aqueles que queiran seguir mellorando, tecnificando ou ampliando as súas explotacións.

Dixo o señor Fernández que non fixeramos nada pola faba de Lourenzá. Señor Fernández, esta semana publicaremos as axudas de 2.000 euros por hectárea que percibirán de xeito directo os produtores da indicación xeográfica protexida Faba de Lourenzá, que, no ano 2024, tiveron unha merma nas súas colleitas por inclemencias do tempo e por fungos.



Tamén dixo o señor Fernández que non apoiabamos as razas autóctonas gandeiras. Ai, *Dios mío*. E iso que o expliquei na primeira intervención. Acabamos de publicar na semana pasada unha orde de axudas de 390.000 euros para a recría de razas autóctonas en perigo de extinción; aumentamos na PAC o orzamento destinado tamén ás razas autóctonas; ampliamos a convocatoria das axudas en ecolóxico, e impulsamos asociacións de criadores con máis de 200.000 euros para que sigan desenvolvendo o programa de cría e elaborando os libros xenealóxicos das razas autóctonas galegas. Mire, este Goberno e esta Consellería traballa por, para e cos gandeiros e cos produtores; con independencia do tamaño, forma ou xeito das súas explotacións. (*Aplausos.*)

En canto á xestión das axudas da PAC —este ano menos mal que non me preguntou, pleno tras pleno, pola súa execución—, este ano somos a segunda comunidade que mellor as levamos executado; é dicir, xa acabamos o 100 por cento dos pagamentos dez días antes do 30 de xuño —menos mal, que supoño que non lle produciría desacougo (*A señora conselleira do Medio Rural, Gómez Rodríguez, ri.*)—. Por certo, son unhas axudas completamente necesarias, e agora, que estamos a piques de traballar polo seguinte período da PAC, defenderemos ese fondo suficiente e específico para o sector agrario.

En canto á xestión do noso monte —que tamén mencionaron aquí—, voules enumerar algunhas das iniciativas que desenvolvemos desde principios deste ano —non é cuestión de presumir; é cuestión de dicir o que hai, nin máis nin menos—: 2,3 millóns de euros para impulsar e mellorar o bo goberno dos montes veciñais en man común e dos montes de varas; 15 millóns para fomentar a silvicultura produtiva de coníferas e a mellora ambiental das frondosas e dos soutos; 1,4 millóns para reforzar a loita contra as enfermidades fúnxicas das bandas do piñeiro, nunha coordinación total coa Fundación Arume; 5,3 millóns para o coidado de plantacións subvencionadas pola Xunta e que teñen como finalidade a protección dos solos, a conservación da biodiversidade e o mantemento da paisaxe; e xa mencionei na miña primeira intervención eses 1,4 millóns de euros para seguir avanzando na creación de agrupacións forestais de xestión conxunta. Un total de 20 millóns de euros que se van investir para acadar un monte ordenado, produtivo, sostible e multifuncional.

A nosa comunidade é unha gran potencia forestal. Arredor de oitenta mil familias dependen deste sector directa ou indirectamente. A nosa responsabilidade está co coidado do medio ambiente e con todas esas persoas que viven deste sector. Eu agradeceríalles que cando veñan a este Parlamento non falen de abandono do rural, porque non é certo. ¡Porque non é certo!

A mobilización de terras é moi importante, e así o demandan os que viven delas. Por iso seguiremos a traballar deste xeito, mobilizando todas as que sexa posible.

Para calquera necesidade que ten o rural estaremos aí, para escoitar os distintos sectores e tentar axudalos, como fixemos con eses 15 millóns de euros para mellorar e modernizar o regadío da Limia. Ou iniciativas como o matadoiro móbil, que chega a esas pequenas explotacións —especialmente da provincia de Ourense, señor Ojea— que necesitan deses servizos porque son pequenas ou porque están alonxadas de onde se prestan estes servizos. Por iso facemos ese esforzo por chegar a elas.



Tamén promovemos o asociacionismo, como dicía o señor Viso, cunha axuda de 2,4 millóns para o uso de maquinaria agrícola compartida ou con esa axuda que en breves imos sacar para que aquelas explotacións que queiran poidan agrupar as súas producións e facer as súas explotacións economicamente máis sostibles.

Seguiremos apoiando o sector vitivinícola, como dixeran antes, e promocionando os nosos viños, que é a mellor maneira de facer que cheguen a máis lugares; non só aquí, en Galicia, non só en España, senón tamén na internacionalización, para levalos a todos os recunchos do mundo.

Seguiremos apostando polo sector lácteo e por eses produtos de calidade —con formación, por suposto—. Aumentamos, señor Fernández, o número de prazas nos centros de formación —non sei por que me criticou; se os aumentamos porque os aumentamos, se non os aumentamos porque non os aumentamos...— un 11 por cento máis, é dicir, 406 prazas máis.

Mal que lles pese —que parece que lles pesa; non debería, pero bueno...—, a realidade do rural galego goza de moi boa saúde. ¿Que hai que seguir traballando? Por suposto. ¿Que hai cousas que se poden facer mellor? Seguro que si. ¿Que temos que seguir avanzando? Completamente de acordo. Pero estamos subidos ao tren da modernidade —permítanme a metáfora—, da sustentabilidade e da rendibilidade e non temos intención ningunha de baixarnos del. Se hai un modelo —volvo repetir— que representa a Galicia Calidade ese é o do rural galego, do que me sinto inmensamente orgullosa de traballar por el.

Moitísimas grazas a todos. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pola quenda do grupo Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Para relaxar un pouco o ambiente, vou empezar cun chiste que escoitei hai anos. Estaban unha vez nun congreso uns grandes lingüistas e había un que estaba dicindo: «Na maioría dos idiomas do mundo dúas negacións afirman, pero non hai ningún idioma no mundo no que dúas afirmacións neguen». E había un galego polo fondo e dixo: «Si, si...». (*Murmuros.*)

Ben, ¿a conto de que vén isto? Ás veces, cando os estaba escoitando falar das bondades do rural e da necesidade de fomentalo e todo, víñame á cabeza iso de «si, si...». Hai que dicilo coa entoación, ¿non? Xa saben vostedes que as linguas, a medida que perderon entoación, gañaron articulación; e o galego conserva moita entoación significativa. E cando digo «si, si...» refírome a que no papel e nas intencións, todo parece —tanto por parte do Partido Socialista como do Partido Popular— vontade real e vontade efectiva de promocionar o rural, ou sexa, o «si». Aquí fálese moito do «si» e do «non», pero hoxe empecei eu a falar do «si, si...». Quero dicir que non acabo de crelo; non acabo de crer unha intención real desta promoción do rural. Escoito ás veces falar así da promoción do rural e dáme a impresión



dunha actitude paternalista e condescendente, como se estas actividades a favor do rural fosen unha especie de graza, cando o que son realmente é algo necesario.

Segundo din os expertos, a solución do despoboamento do rural é xa unha prioridade; non é opcional. Cos problemas de moita natureza que causa o despoboamento do rural —non só en Galicia, senón en grandes partes do mundo, pero en Galicia en especial, e na provincia de Ourense xa non lles digo...— vai ter que ser unha prioridade na axenda política inmediata. Non valen as actitudes condescendentes e paternalistas, como ir dándoo de favor, porque é o que ao mellor vai salvarnos do colapso provocado polas concentracións urbanas e todos os problemas que estas causan, mesmo no ámbito da saúde...

Chamábame a atención o outro día un artigo que lía sobre a cidade como unha fonte de patoloxías de todo tipo. Xa o señor José Antonio Marina, que é un famoso escritor, pedagogo, profesor..., escribiu un par de libros sobre os efectos na saúde psíquica, física e cognitiva das cidades. Xa o señor Desmond Morris escribiu alá nos anos sesenta *El zoo humano*, unha alegación explicativa dos problemas das cidades. Chamoume tamén a atención o outro día que, entre as múltiples formas de turismo que se están fomentando en moitas partes do mundo polo rural —á parte do turismo ecolóxico ou do turismo deportivo—, hai un que se chama «turismo de benestar». Cada vez máis persoas fan turismo cara ao rural para curarse de doenzas diversas —xa ocurría no pasado, cos balnearios e tal—; pero tamén para desfrutar un pouco do benestar do que cada vez menos se beneficia un nas cidades; e, sobre todo, polo sentido de «comunidade». Creo que se falou aquí —alguén o falou, creo que a señora conselleira— de que no rural se conserva o sentido de pertencer a unha comunidade, fronte ao anonimato e ao individualismo excluínte das cidades.

Todo iso na teoría está moi ben, pero a cuestión é que non termino de crer que teñamos verdadeiramente interiorizada a necesidade de potenciar o rural. Porque non vai quedar máis remedio, porque, se non, vai colapsar o financiamento de moitos servizos. Non fai falta que llelos diga, que xa saben todos vostedes os retos de financiamento da educación, da sanidade, do transporte etc. Xa por non falar do tema das catástrofes ou tamén dos incendios, que moitas veces son, precisamente, fomentados de forma pasiva polo abandono do rural.

Eu penso que temos que ter unha actitude realmente proactiva e terminar de crer. Xa sabe aquilo de que «non é o mesmo saber que crer»; puñan sempre este exemplo: «Todos sabemos que imos morrer, pero non acabamos de crelo». Ben, pois aquí tamén pasa algo parecido: todos sabemos que hai que potenciar o rural, pero parece que tanto o PSOE como o PP non terminan aínda de crelo.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Vou acabar dicíndolle á señora conselleira —por apuntar unha cousa máis— que recorde que tamén fai falta concentración parcelaria en amplas zonas de Ourense, porque dixo algunhas máis, pero non especificou e só falou dalgunhas doutras provincias.

Poderíamos falar de máis cousas, pero grazas, presidenta.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Señor Viso, ¿sabe cando me tocou facer un papelón? Cando lle dixen á Policía que, por favor, chamase os meus pais para dicirlles que estaba ben e que non se preocupasen antes de entrar ao calabozo durante dez horas por non facer absolutamente nada, tal e como se demostrou; iso si, despois de seis anos. (*Aplausos.*) Esa é a realidade que vivimos moitos e moitas na provincia de Lugo. Esa realidade foi producida por anónimos, e un deses anónimos leuno a señora Candia. Esta é a realidade que vivimos en Lugo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio. Déixenlle que se exprese en liberdade; non a interrompan.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ¡Si, si! Foi a realidade, señora Prado. E sen «bolsos de la hostia» de por medio. (*Balbordo.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Sen «bolsos de la hostia». (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Sen «bolsos de la hostia» de por medio, señora Prado.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Si, si; esa é a realidade que vivimos moitos e moitas, como se demostrou ao longo dos anos —seis anos no meu caso; doce anos coa operación Pulpo—. ¡Absolutamente nada! ¡Nada! Dóelles, ¿verdade? Dóelles, dóelles, dóelles. Porque teñen... (*Balbordo.*) Pero teñen...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Porque teñen. (*Balbordo.*) Si, si...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Aínda vostede, señor Pazos, hai pouco aínda estaba desculpando e pedindo a honorabilidade do señor Uzal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, nunha comisión. ¿Non se acorda? ¡Pois foi recentemente! Mire, de corrupción, ningunha lección, ¿eh? Señorías do Partido Popular: de corrupción, ¡ningunha lección! (*Balbordo.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Nós apartámola e erradicámola...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...e vostedes foméntana. (*Aplausos.*) E ademais téñena de maneira estrutural. Si, señorías do PP, ningunha lección. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ningunha lección, señora Prado.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio. (*Balbordo.*)

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: (*A señora Méndez López diríxese á presidenta.*) Ben, ao final...

A señora PRESIDENTA (Candia López): É que vostede xa sabe tamén...

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Si, pero...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Estaos citando a todos...

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Ten que dicirlles que non entren a debate; eu entro a debate.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Tamén podería dicirlle que se centrase na cuestión, pero tampouco quero dicirlllo. Pídlles a todos silencio, que se respecte e punto...

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Podíame dar o tempo que se me está quitando.

Ben, en todo caso, señora conselleira, eu tomo moitos cafés co meu marido e gústame escoitar a súa opinión. Ás veces, en función da opinión do meu marido, tomo decisións, ¿sabe? Iso non é un comentario machista nin me quita a min un ápice do feminista que son —nin un ápice!—. Porque escoito e despois tomo as decisións; ou sexa, que non se vitimice con iso. Porque, ademais, no seu caso, dicíalle o do seu marido porque é profesional do sector. E por iso quería dicir que simplemente escoitase máis aló. Deixe de vitimizarse e póñase realmente do lado das vítimas e non dos presuntos agresores sexuais, con abrazos e beixos incluídos. (*Aplausos.*) ¡Porque iso si que é machismo! Iso é ocultar a realidade. Póñase vostede do lado das vítimas.

E de emigración pódeme dar poucas leccións, porque eu son filla da emigración. ¿Sabe quen marchaba antes? Meus pais, que non puideron estudar porque non había oportunidades e porque non había recursos; tiveron que coller a maleta. ¿Sabe quen marcha hoxe, señora conselleira? Os mozos e as mozas, os que podían estar poboando o rural, os que podían emprender no rural. ¡Eses son os que marchan agora! ¿E sabe por que? Polas políticas da Xunta de Galicia. Ten que marchar esta xente formada que, ademais, despois xera valor engadido e riqueza no territorio que a acolle.

E si; acababa co tema dos carnés dos fitosanitarios, porque non fixeron a formación debida no seu momento. Pero é que en formación teñen un déficit brutal, señora conselleira; brutal... Xa non imos falar das oficinas agrarias, que tamén levamos moitas iniciativas que vostedes sempre rexeitaron. Pero é que na formación seguen sen impulsar clara e decididamente o Campus Terra —por poñer un exemplo—, que sempre está coa espada de Damocles de se se lle pecha ou non unha especialidade, cando é fundamental e vital para o desenvolvemento do medio rural de Lugo e de Galicia.



Seguen sen fomentar a xestión e a planificación nos centros de formación e experimentación agraria, mais eses anuncios que nos acaban de facer, deses 100.000 euros que dixo na súa primeira intervención que ían destinar para eses lugares de residencia, que espero que sexan para quen fai os cursos e non para eses gaiteiros que lles foron tocar á misa ao alcalde de Ribadeo, con falsidade documental —non sei se se acorda, que aínda estou pendente de que nos dea unha explicación—. Pois a onde ían eses gaiteiros, a ese centro de experimentación agraria, vaille adicar eses 100.000 euros para poñelo en valor, para a zona de residencia. Esperemos, xa digo, que sexa para acoller eses cursos.

Aproveitar os recursos do CIAM, ese talento que hai en investigación, que vostedes ningu-
nean, apartan, castigan... Que é unha realidade, porque á parte ata denunciaron un posible
acoso laboral, señora conselleira. Que os apartan para introducir e darlles protagonismo a
tres, con nomes e apelidos, que todos sabemos de que lado están.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: E para falar de atraer e manter poboación, ten que haber un re-
torno de emigrantes; e non só dos xubilados, que xeran riqueza...;

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...senón tamén dos que están en idade de contribuír. Ou a inmi-
gración, que sempre refusan facer un lugar atractivo a base de servizos e infraestruturas,
señora conselleira.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Teñen moito traballo por facer e moito déficit... *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señora Méndez. Moitas gra-
zas. *(A señora Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)* Rematou o seu tempo, se-
ñora Méndez.

É a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidenta...

Conselleira, nas dúas intervencións só fixo tirarse flores. Como di o refrán, «parece que non
ten avoa». *(Risos.)* No que si que estamos de acordo é que vostede é a conselleira do Medio
Rural e é a responsable da política da Xunta neste medio —niso si que estamos de acordo—
. Entón, como é a responsable disto, vostede tamén é a responsable da caída demográfica
dos concellos do rural galego. É a responsable de que desaparezan ano tras ano multitude
de explotacións agrarias; é a responsable de que peche unha explotación de leite cada día; é
a responsable de que só o 3,5 por cento dos titulares das explotacións agrarias galegas sexa
menor de 35 anos, mentres que o 72 por cento ten máis de 55 anos.



É a responsable de que as terras agrarias sigan minguando. Quero indicar que, no último decenio, co Partido Popular gobernando, perdéronse máis de cincuenta mil hectáreas de superficie agraria útil. Temos unha superficie agraria útil que representa o 20 por cento, mentres no Estado español é o 47 por cento. Falou de que, en virtude da Lei de recuperación de terras agrícolas, se recuperarán 10.500 hectáreas, pero vostede mente neses datos. ¿Cantas hectáreas se recuperaron cos polígonos agroforestais? ¡Cero hectáreas, señora conselleira! (Aplausos.) Non hai ningunha soa recuperada ata agora; en catro anos non foron capaces de facer nin un só expediente nin acabalo. ¡Ese é un dato!

Tamén é responsable da grave eucaliptización que padecemos. Se lle poñemos datos ao problema do eucalipto, vemos que dende o ano 2019 ao 2022 pasouse de 287.000 hectáreas a 410.000. Isto tamén é a súa responsabilidade, conselleira; vostede mesma di que é a responsable dese tema.

En resumo, nos próximos anos xubilarase o 70 por cento dos titulares das explotacións agrogandeiras galegas e —o que é máis grave— para a maioría deles no día de hoxe non hai perspectiva de remuda xeracional.

Falouse de que o rural non é un territorio homoxéneo —xa non é só agrario, temos tamén outros aspectos moi importantes no medio rural que non son a agricultura—, pero as políticas existentes da Xunta de Galicia están encamiñadas á desaparición do sector agrario e, por ende, tamén de todo o rural.

Como lle indiquei na miña intervención, dende o BNG trasladamos numerosas iniciativas a este Parlamento para a mellora do medio rural, dos sectores produtivos e das condicións de vida das mulleres e homes que alí viven e traballan. Podería continuar con máis propostas que trouxemos aquí, ao Parlamento, pero o que hai que facer é volverlle dicir que votaron que non a todas elas, como, por exemplo, á proposta da Lei de compra e contratación pública alimentaria, que para o BNG é unha liña de actuación prioritaria cos consumos de produtos de quilómetro 0.

Vostede sempre menciona o recoñecido prestixio dos alimentos que se producen en Galicia, que é unha cousa na que concordamos: temos denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, ademais de produtos ecolóxicos de grande recoñecemento. Estamos de acordo. Voulle poñer un exemplo sobre estes temas. ¿Sabe vostede cantos comedores escolares xestiona directa ou indirectamente a Xunta de Galicia? Catrocentos vinte e dous. ¿Sabe cantos nenos e nenas comen neses comedores xestionados pola Xunta de Galiza? Sesenta mil. A Xunta de Galiza fai a compra nestes centros escolares e non ten que pedir permiso a ninguén para apostar polos produtos de calidade e diferenciais da nosa terra. E digo eu —dicimos dende o BNG—, ¿entón, por que non os compran directamente? Se xestionan os comedores, ¿a que esperan para poñer en práctica todo iso que acaba de dicir? Podían adquirir para eses 422 comedores escolares —¡que xestiona a Xunta directamente ou indirectamente!— produtos de proximidade e de certificación de calidade, como a tenreira galega, como o queixo de Arzúa-Ulloa, como o San Simón da Costa, como o mel galego, como os ovos das nosas galiñas, como as patacas galegas etcétera etcétera. E non o fan... Así estarían apoiando os nosos labregos e labregas que están na contorna deses cen-



tros e as producións de calidade das que tanto fala. Incluso poderían estendelo a outros comedores de centros administrativos, como poden ser os hospitais, as residencias, os centros de día ou as universidades. Se queren, dende a Xunta poden facelo —que os comedores compren produto local—, porque vostedes son os que compran e os que pagan.

Conselleira, xa para rematar, gustaríame que tomase un tempo para pensar. Unha persoa como vostede, que desempeña este cargo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...—remato— tan importante para o noso agro, debería de ter perfectamente clara a súa resposta, expresada claramente aos galegos e ás galegas. Conselleira, ¿que opina do rural galego? ¿Parécelle importante o sector agrario na Galiza? ¿Cal é o seu modelo? ¿Que queren facer coas explotacións agrarias da nosa terra? ¿Consideran que hai suficientes explotacións agrarias ou sobran?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Fernández. Ten que rematar.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ¿Que futuro queren para o sistema agrario deste país? ¿Consideran que hai suficientes mozos e mozas? En resumo, ¿gustaríalle unha Galicia baleira na que puidesen instalarse as empresas depredadoras de recursos naturais, mineiras e enerxéticas, sen que fosen molestadas pola poboación autóctona?

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pola quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Viso.

O señor VISO DIÉGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Moitas grazas, conselleira, pola súa exposición, por seguir —como contamos antes— debullando o que é a política do Partido Popular e a política da Consellería do Medio Rural. Quero facer unha pequena referencia a cada unha das intervencións que se fixeron tamén neste segundo termo.

Señor Ojea, temos que dicir alto e claro que no PP, no Partido Popular —e iso témolo que ter claro e vostede ten que telo claro, porque á parte sei que o sabe—, nós cremos no rural. Vivimos no rural, traballamos no rural, entendemos perfectamente cales son as necesidades do rural. Se alguén entende o rural é este partido, o Partido Popular, e se alguén sabe do medio rural é este partido, o Partido Popular. *(Aplausos.)*

Ben, señora Lara, a verdade é que vostede hoxe aquí debería de pedir perdón a todos os agricultores e os gandeiros, a toda a xente do campo que está ou en principio podería estar in-



teresada por un debate político, porque vostede para o que subiu aquí é simplemente para enlamar. A verdade é que, señora Méndez, vostede fala de inmoralidade, pero o que é inmoral é que vostede equipare quen denunciou a corrupción con quen a practica e, sobre todo, con quen a ampara. Tamén é inmoral que veña dar leccións de feminismo quen facilitou a rebaixa das penas e a excarceración anticipada de denunciados sexuais. Tamén é inmoral, señora Lara, que veña dar leccións sobre corrupción cando cada día estamos a descubrir un novo caso corrupto no Partido Socialista. Señoría, vostede debería de pedir perdón. *(Aplausos.)* Ábalos, Cerdán, Pardo de Vera, Begoña, Bolaños, Koldo... Todos eles teñen un carné en común e ese carné en común —á parte de que non sei se teñen o carné de conducir— é o do Partido Socialista. A verdade é que todos xa non collen nese Peugeot que estaba dando voltas; xa non collen, porque cada día sae un máis. Hoxe mesmo á mañá diciamos que volvía saír outro.

A verdade é que vostede veu aquí facer unha referencia a que é filla de emigrantes. Pois eu tamén son fillo da inmigración, e vexo con claridade como no meu pobo cada vez hai explotacións máis modernas; hai adegas máis modernas que, loxicamente, están xerenciadas por xente nova e hai viticultores máis modernos e con tecnoloxía máis moderna. *(Aplausos.)* Polo tanto, señoría, non nos fale vostede do abandono do rural.

O que acabamos de escoitar tamén por parte do Bloque Nacionalista Galego é o discurso xa coñecido: un discurso dunha crítica sen propostas, cunha repetición de titulares, algo ao que nos teñen habituados; xa sabemos ao que veñen. Quizais por iso seguen sendo socios dun Goberno —hai que seguir recalcándoo— que nunca dá a cara e que esquiva as súas obrigas como se non fosen con el. Cando mira o retrovisor —aquí falabamos do Peugeot— creo que só ven corrupción. Como ben sinalou a conselleira, o que acabamos de escoitar non é nada novo. Vostedes seguen co discurso do «non» permanente, da crítica estéril e, sobre todo, do slogan fácil. Unha fórmula xa gastada pero que segue a encaixar ben cos seus socios dun Goberno que nunca asume responsabilidades, que se escuda no vitimismo e que foxe cara a adiante cada vez que a corrupción chama á súa porta.

Falan vostedes de abandono do rural, cando os datos din o contrario. Esquecen que, grazas ás políticas activas da Xunta, hoxe Galicia conta cun sector punteiro do leite —así o comentaba a conselleira—. Por suposto, tamén falamos de que temos máis de mil hectáreas de terra mobilizada, iso é unha realidade. Por suposto, temos que falar dese sector lácteo —no tema da transformación, somos punteiros—. E, por suposto, falamos da industria agroalimentaria, das cooperativas líderes en Europa e de que cada vez temos máis mozos e mozas que se incorporan ao rural.

Non, o rural non está abandonado. Está avanzando e está medrando con traballo, con investimento, con planificación, con esforzo e, sobre todo, con orgullo, pésele a quen lle pese. E algo moi importante —ao que vostedes non están acostumados—: con orzamentos. Iso é importante recordalo, porque hai quen di que non hai servizos no rural. Insisto: falamos de oficinas do rural —68 oficinas do rural modernizadas—. Vimos —e así o comentou— a oficina móbil, unha ferramenta moi importante e que está tendo recoñecemento tamén por parte dos usuarios. Falamos dese matadoiro móbil, que na comisión da semana pasada vimos como estaba tendo cada vez máis demanda —así o comentou hoxe a conselleira— e vai am-



pliar os servizos. Mentres, aquí vostedes escoitan o «non». «Non» á terra, «non» á industria, «non» ao emprego. Eses mesmos grupos din «si», «si», sen matices, en Madrid a un Goberno que afoga o sector primario con burocracia, que impón decretos absurdos e que deixa sen resposta as crises sanitarias no campo. Recordemos o que está pasando co lobo dentro do Lespre.

Vostedes tamén falan da perda de explotacións. Claro que falan da perda de explotacións. É que, señor Secundino, volvemos con máis do mesmo —mire que o temos falado en comisións; a verdade é que vostedes son moi previsibles, sempre co mesmo mantra—, pero non din que hoxe...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señor Viso.

O señor VISO DIÉGUEZ: ...temos explotacións —xa remato, presidenta— cada vez máis profesionalizadas, máis rendibles, con maior apoio técnico e cunha política clara de relevo xeracional. Polo tanto, señorías, mentres vostedes botan cifras ao aire, nós poñemos recursos ao servizo da terra. Imos seguir defendendo o rural dende a verdade, dende o compromiso e dende Galicia, porque o futuro constrúese dende a raíz, e en Galicia esa raíz está no rural.

Moitas grazas e máis nada.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para o peche, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

Eu non veño aquí vitimizarme; veño falar do medio rural galego, no que traballamos dende a Consellería do Medio Rural todos e cada un dos funcionarios para facer un medio rural máis vivo e máis produtivo. Deste medio rural, señor Fernández, síntome moi orgullosa —¡moi orgullosa!—. (*Aplausos.*) Síntome orgullosa de traballar por el, para el e de pertencer a el, de vivir no rural e de traballar no rural.

Cando me preguntan se boto de menos calquera das actividades ás que me dediquei con anterioridade, sempre digo —¡sáeme!— que si. ¿Boto de menos a alcaldía? Si. ¿Boto de menos a Xefatura Territorial de Educación? Si. ¿Boto de menos o Servizo de Coordinación de Cultura? Si. ¿Boto de menos a docencia? Si. Enorgulléceme moitísimo e síntome agradecida cando vou por aí, como din vostedes, a feiras e festas —aínda que vou promocionar o rural que temos, todos e cada un dos sectores—, señor Secundino, (*Aplausos.*) cada vez que me atopo cun exalumno —sexa de onde sexa, da montaña lucense—, con ideas e ideoloxías diferentes e militando noutros partidos —¡en calquera deles!—, e me vén dar un abrazo. Énchome de satisfacción. (*Murmurios.*) Debe ser que me gustou todo e canto fixen.

¿E sabe que, señora Méndez? Tamén me gustou moito e me sinto moi orgullosa de muxir vacas, que as muxín dende que nacín. Mire, dende cando lle contaba a miña nai os cadros e as cores dunha camisa que tiña, que me gustaba moito. Íalle contando as cores dos cadriños



sentada nunha banquetta mentres as muxía a man, ata os trece anos... (*Murmurios.*) Si, ¡non suspiren!, é a verdade. Estou moi orgullosa de dicilo aquí en sede parlamentaria (*Aplausos.*) e de poder chegar aquí para defender un medio rural no que creo. ¡E rinse! Vergoña lles debía de dar. E xa non o digo pola conselleira do Medio Rural; dígoo por todas e cada unha das persoas que viven no medio rural galego, ás que nos debemos. (*Aplausos.*)

Feminismo. Feminismo é a lei do si é si. Iso si que é feminismo...

E sobre o de que non hai formación, voules dar un dato —como di algún dos que están por aló, por Madrid—: dende o ano 2016 ao 2024, puxéronse á disposición 30.840 prazas en 1028 cursos de formación, houbo que anular 302 por falta de alumnado e capacitáronse 16.347 persoas, con total transparencia. Eu non poño en tela de xuízo ningunha decisión xudicial, e os cursos de fitosanitarios que se anulaban non os anulou a Consellería do Medio Rural; anulounos un xuíz. E eu, gústenme ou non me gusten, respecto as decisións xudiciais. (*Aplausos.*)

Está moi claro que aquí hai dous tipos de persoas: primeiro, as que nos dedicamos a traballar para que Galicia prospere e sobresaia, as que cada día se afanan por avanzar a imaxe dunha Galicia positiva, unha Galicia real, unha Galicia na que vive moita xente —e da que vive moita xente—, e, despois, hai outras que son o mellor repelente para que os investidores ou calquera persoa que pretenda iniciar un proxecto de vida no rural galego escapen, porque son vostedes os señores do saco. (*Aplausos.*)

Para nós, hai unha única Galicia: a Galicia do presente, que está sentando as bases para un futuro mellor polo que estamos a traballar. Unha Galicia non utópica, unha Galicia real na que o rural ten un papel moi importante, porque aporta sectores produtivos imprescindibles para o PIB galego, ilustra moitos dos valores que demanda a sociedade actual e tamén reforza a imaxe desa Galicia Calidade da que tan orgullosos nos sentimos.

¿Cal é o meu rural? O meu rural é o rural galego; un rural que promove prácticas agrícolas e gandeiras sostibles, que protexe o territorio e mitiga os efectos do cambio climático. Un rural no que todos —como dixen repetidas veces hoxe aquí— teñen a súa oportunidade, sexa cal sexa o seu modelo; eu respéctoo todos e cada un deles. E dende a Consellería do Medio Rural —como ben dixen nas outras intervencións— apoiámoslos todos.

O rural galego incorpora o progreso científico e o tecnolóxico de xeito responsable. O rural galego aposta polas pequenas empresas e emprendedores que dan servizos ao rural e que son motor de desenvolvemento económico e social. O rural galego aposta por proxectos empresariais sustentables, respectuosos co medio ambiente. O rural galego aposta por unha formación inclusiva, equitativa e adaptada ás necesidades particulares de cada zona. Nesta Galicia, o labor de goberno da Xunta de Galicia, e desta consellaría en particular, pasa por poñer en valor o territorio e por fomentar o asentamento poboacional. Para iso, creamos ou poñemos en marcha medidas, ferramentas que permiten a mobilidade da terra agraria —moitas desas ferramentas están implementadas tamén en Ourense—.

Estamos traballando neses polígonos agroforestais. Xa llo dixen aquí un día, señor Fernández, que vostede é ou foi parte da Consellería do Medio Rural. Os técnicos son os que están



a traballar no desenvolvemento deses polígonos forestais, dous dos cales están na provincia de Ourense, o de Oímbra e o de Cualedro, que xa saíron en concorrencia pública e están pendentes de resolverse. Son os técnicos —e non a conselleira do Medio Rural— os que fan eses procedementos. Vostede mellor ca ninguén debería de sabelo. Cabe destacar que a ordenación do territorio é fundamental e seguiremos a traballar nela. Esas dezanove concentracións parcelarias que mencionaba que están en notaría ou en rexistro tamén son, parte delas, na provincia de Ourense.

Estamos traballando nos instrumentos para garantir a continuidade das explotacións, como o Banco de Explotacións, ao que se poden acoller en liberdade aqueles que deciden pechar. Vivimos nun país libre e cada un é libre de decidir o que quere facer. Creo que teñen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Para iso puxemos en marcha o banco de explotacións, para que esa xente —se así o decide— poida poñer esas explotacións ao dispor doutra que queira iniciar a actividade agrícola ou ampliar as explotacións xa existentes.

Outra medida é o plan Camiña Rural, dotado, como sempre, con máis de 19 millóns de euros, que tanto agradecen todos e cada un dos concellos que se acollen ano tras ano a esta axuda. Seguiremos, como dixeran antes, apostando pola mocidade con esa orde de axudas á incorporación que sae mañá, con 36 millóns de euros.

Tamén seguiremos a subvencionar os seguros agrarios para dar cobertura a eses contratempos que poidan aparecer. Sacaremos, como dixeran, o instrumento financeiro para todos aqueles que queiran seguir mellorando ou ampliando as súas explotacións.

Seguiremos apostando pola formación, con máis prazas e con outro tipo de formación: formación para os profesionais que queiran seguir formándose e mellorando a produtividade das súas explotacións.

Seguiremos co Plan LEADER, dando servizos ao medio rural, aos concellos e ás asociacións que perciben parte desas axudas para dar servizos de todo tipo, non só na actividade agrogandeira.

Seguiremos promocionando en feiras, festas, mercados... os nosos produtos. Sentímonos moi orgullosos de todos e cada un dos 36 selos de calidade que temos, así como dos produtos de artesanía alimentaria, que son o mellor reflexo desa produción artesanal coidada e mimada que fan os nosos traballadores do medio rural. (*Aplausos.*)

O resultado de aplicar estas políticas tradúcese nun rural atractivo, sustentable e rendible. Esa, señorías, é a Galicia na que vivimos, e non me cansarei de sinalar a enorme potencialidade que atesoura o rural galego. O noso labor é o de poñer en marcha iniciativas que sexan capaces de facelo cada vez máis atractivo e rendible. Apoiaremos a produción, crearemos máis valor engadido, potenciaremos a competitividade de todos e cada un dos produtores e —digo e non me cansarei de repetilo— concienciaremos acerca da importancia do consumo de proximidade, por suposto. Moitos dos comedores escolares xa o están facendo; en moitos deles estamos a facer unha campaña de promoción deses produtos de calidade, desas IXP e desas DO, para que os nenos, dende pequeniños, proben. Se non se proba e non se coñece,



non se merca, e os nenos son uns excelentes dinamizadores desa produción, para que, cando se acheguen a esas tendas especializadas onde hai eses produtos de excelente calidade, lles digan ás súas familias que merquen produtos de calidade e de orixe Galicia.

Na Galicia pola que estamos a traballar tampouco falta o sector forestal —non me quero esquecer del— e seguiremos traballando a prol do sector forestal, fomentando a súa saúde e vitalidade, apoiando a reforestación e a produción. Apostaremos pola colaboración efectiva entre o sector público e privado, como estamos a facer coa Fundación Arume.

Con estas medidas, conseguiremos incrementar a sustentabilidade, ter unha maior rendibilidade económica, desenvolver o rural —por suposto que si—, crear emprego e fixar poboación. De cara á Galicia rural do futuro, non deixamos de pensar nas necesidades dos gandeiros e agricultores, e por iso apostamos pola innovación, con axudas á tecnificación e á modernización —claro que si—, pero tamén apostamos polas razas autóctonas —como xa quedou bastante claro nas miñas anteriores intervencións— e pola promoción deses excelentes produtos.

Por último, na Consellería do Medio Rural somos conscientes da preocupación que existe polo benestar animal, e por iso imos crear ese centro de acollida de animais afectados por abandono ou por benestar animal.

Como poden ver, dende o goberno da Xunta de Galicia estamos traballando na construción dese rural que ilusione e que atraia; un rural innovador e coidado, sinónimo de Galicia Calidade, un rural cun futuro prometedor —mal que lles pese— que sente as bases do futuro para as próximas xeracións de galegos e galegas.

De vostedes depende participar nesta tarefa tan apaixonante ou quedar como figurantes, criticando mentres se constrúe a historia de Galicia.

Remato xa, porque non quero que digan —como din algúns por aí— que lles dan as cinco da tarde e aínda non xantaron.

Moi boa tarde a todos e a todas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González, sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias Rodríguez.



(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Continuar garantindo a gratuidade das escolas infantís da nosa comunidade, unha medida na que Galicia foi pioneira a nivel nacional.

2º. Seguir demandando ao Goberno central que contribúa no seu financiamento achegando recursos suficientes para tal fin.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a moción, e por tempo de oito minutos, ten a palabra a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, a min quen me dera saber que pensarían os meus veciños e as miñas veciñas se escoitasen un debate enteiro dos que se dan aquí, ¡porque iso si que ía ser desafección política!

Mire, eu, despois destas semanas debatendo sobre a escolarización infantil de cero a tres anos, confirmei que hai dúas maneiras de enganar; dúas. Vaíamos por partes.

A primeira é mentir. Mentir é crear un falso relato, unha falsa narrativa co propósito de enganar, coa intención de facer crer algo que non é certo, sendo consciente de que o estás facendo. Neste debate sobre a escolarización infantil 0-3, temos varias mentiras. A primeira é dicir que temos prazas de escola infantil para todas e todos os nenos galegos, e que todas as familias teñen acceso a elas, sexa onde sexa.

Eu voules dar uns datos. Os números non son discutibles, non son opinables, e os números dinnos que temos 45.000 nenos e nenas menores de dous anos en Galiza, e temos un pouco máis de 32.000 prazas. 45.000 nenos non collen en 32.000 prazas. Se sumamos os menores de tres anos, daríanos unha praza para cada dous nenos. A maiores, hai moitos concellos galegos que non teñen absolutamente ningunha praza de escolas infantís públicas no noso país, e moitos dispoñen dunhas *ratios* de cinco nenos por cada praza; outro dato que nos indica que nos están mentindo. Hai familias que matriculan as súas crianzas fóra do seu concello, en concellos limítrofes, porque saben perfectamente que no seu, na súa vila, non van ter praza para a súa crianza. Sen contar, claro, cos datos, que logo chaman hiperbólicos —ou sexa, que o asunto é hiperbólico—, que vostedes mesmos dan das súas listas de agarda das escolas infantís públicas. Eu, que me tomei a molestia, porque é o meu traballo, de confirmar eses datos, direilles que contei —e non era doado de contar— 1.300 nenos e nenas



que están en situación de agarda nas escolas públicas galegas dependentes do Consorcio. E os números, repito, non son opinables.

Logo está o exemplo da segunda mentira: que o financiamento o levan a cabo dende a Xunta, dende o Goberno da Xunta, no seu cento por cento. Desas 14.700 prazas públicas que temos, dependentes do Consorcio, da Axencia Galega de Servizos Sociais e dos concellos, unhas 3.000 correspóndenlles aos concellos. E, cando digo que lles corresponden, digo que literalmente lles votan o cargo ao lombo economicamente. Non son a súa competencia e, sen ser a súa competencia, vostedes non son capaces de financiar nin sequera a metade do que lles fai falta para cada unha desas prazas públicas.

É dicir, vostedes quéixanse constantemente de que o Goberno do Estado non lles manda financiamento para levar a cabo os seus proxectos, as súas medidas, pero fanlles exactamente o mesmo aos concellos e asfíxianos non dándolla. E eu a verdade é que creo que, se o comparamos, se comparamos uns cos outros, serán vostedes iguais, neste caso, aos do Estado. Isto non é nin serio nin equitativo, e non hai dúbida.

E logo está a terceira mentira, que é esta bandeira que sacan vostedes de «respectamos as traballadoras da sanidade», pero tratámolas mal; «respectamos o rural», pero tratámolo mal, ou «respectamos as traballadoras das escolas infantís», pero tíñanas ata hai nada nunhas condicións precarias, e agora elimináronlles as horas de programación semanais, e teñen que facer en seis horas ao ano, pechando a porta da escola infantil —o que teña avós para levarlle a súa crianza ben, e o que non, pois que se amañe—, a programación de once meses. Pero logo sacan a bandeira, novamente, de que este non é un servizo asistencial, de que é un servizo educativo, que traerá moitos beneficios á larga na vida dos nenos e das nenas.

Entón eu, creo que mentir, bueno, está feo. Pero non dicir a verdade, que é a segunda maneira de enganar, pois está parecido. Na miña casa era igual. Entón, hai a opción de non dicir toda a verdade, tamén na escolarización infantil de cero a tres, porque claro, hai datos que son controvertidos, información que dá lugar a conflitos, e é mellor gardar o que non se quere que se saiba. Entón, dende o Goberno non din toda a verdade, cando realmente é a súa responsabilidade, porque, queiran ou non, estannos representando a todas e a todos. Ese é o seu labor: representar os intereses de todas e todos; que a vostedes se lles esquece un pouco e normalmente teñen aí esa patiaña que din, bueno, mellor a uns poucos, só a uns poucos.

Entón, no momento en que a metade do orzamento que se destina á escolarización de cero a tres vai directamente a empresas privadas, pois home, a súa intención xa queda bastante clara. Dicir, como se dixo, que é falso que en Galicia haxa unha maior privatización, cando 12.300 crianzas foron escolarizadas na privada no pasado curso e tan só temos 10.500 prazas dependentes da Consellería de Política Social, pois é ocultar información. Que a súa intención é elevar a escolarización a través da privada é unha evidencia. Sen ningún tipo de esforzo, sen ningún tipo de investimento e botándolle ao lombo aos concellos —deixándolle o marrón— o diñeiro para o seu financiamento, cando aos concellos pouco lles aumentan o financiamento —oito millóns máis ou menos, non varían practicamente de ano en ano—,



pero ás escolas infantís privadas, aí si; de dous millóns en dous millóns, e sumamos e seguimos.

Dicir —como dixo a conselleira, como dixo a señora García no 2023— que puxeron —vostedes, claro— en marcha unha nova convocatoria de 34 millóns de euros para crear prazas de escola infantil pública, e que logo vostedes as financiarían, é pensar que a xente non ten memoria. Os fondos proceden dos fondos Next Generation, foron xestionados polo Estado español e chegaron aquí co obxecto de crear prazas novas. Vostedes dixeron que as financiarían, e entón mentiron. Aí xa non ocultaron, aí mentiron directamente.

Pero agora, a finais de 2024, xa non lles parecía unha medida boa, noutros sitios precisábana máis, non estaban creadas para nós, e, en vez de crear...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: ...—agora remato, señora presidenta— 3.400 prazas novas, creáronse 1.000, e creáronas e financiaranas os concellos.

Non sei que é o que lles molesta. Se o da creación, cando as precisamos; se o de públicas, cando só o trinta por cento das prazas de Galiza están financiadas e xestionadas pola Xunta de xeito público, ou se é que as había que financiar. Pero a miña pregunta é... Isto é como se non tes coche; ofrécenche un coche, dinche que cho pagan, e ti, ¡veña que non, que non, que non, porque tes que pagar o combustible! A ninguén se lle pasaría iso pola cabeza. Noutro contexto, renunciar a 22 millóns de euros de fondos sería impensable e sería, como é neste contexto tamén, unha irresponsabilidade con todas as familias galegas e con todas as crianzas que merecen un servizo de conciliación e merecen un servizo educativo de calidade, que vostedes non lles queren ofertar. E queda claro...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: ...Quedan vostedes retratados con... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

Señora Fernández, eu a verdade é que, ás veces, con vostede, teño a sensación de estar vivindo permanentemente no día da marmota, porque vostede se empeña, dende que chegou a este Parlamento, en demostrarnos aquí día tras día que descoñece absolutamente a realidade de Galicia e dos veciños e as veciñas de Galicia.

Porque vostede ten dous mantras. Bueno, en realidade, ten moitos máis, pero, no que ten que ver coa educación infantil de cero a tres, ten dous. Primeiro, en Galicia, só uns poucos



privilexiados poden levar os seus fillos a unha escola infantil, e — iso si— por suposto, son todas privadas. Eu —á parte de que iso si que é mentira— non sei por que a vostede lle parece mal isto, precisamente nun día como o de hoxe, no que vostedes saíron en axuda do señor Tomé aprobando a privatización das residencias. ¡Claro, saíulles mal! Saíulles mal porque resulta que vostedes apoian máis o señor Tomé que os propios compañeiros do Partido Socialista, e nin así, nin así, saíron adiante as medidas. *(Aplausos.)* Pero que vostede veña hoxe aquí falar de privatización ten graza.

Mire, dicía que ese era un dos seus mantras: os nenos galegos non poden ir ás escolas infantís en Galicia, e ademais son todas privadas. O segundo mantra é que devolvemos os fondos europeos para este fin. ¿E sabe cal é a realidade? A realidade é que en Galicia, segundo datos do Ministerio —que non me dirá que son sospeitosos de querernos axudar—, por segundo ano consecutivo —é ímolo ver no seguinte por terceiro ano consecutivo—, temos a maior porcentaxe de prazas de escolas infantís por número de nenos. *(Aplausos.)* Exactamente unha taxa neta do 60,6 por cento, cando o conxunto de España está no 49 por cento; é dicir, estamos trece puntos por enriba da media nacional, vinte puntos por enriba de Cataluña, e máis do dobre que Asturias. E di vostede que en Galicia non hai escolas infantís, que non hai prazas de escolas infantís. Pero, ¿pódese ter máis cara? ¿De verdade se pode ter máis cara?

O segundo dato é que Galicia é a única comunidade, dende hai xa catro anos, na que as escolas infantís son gratis para todos os nenos que acoden a elas; en todo tipo de escolas infantís, sexan de titularidade pública, privada ou de entidade social, durante oito horas e once meses ao ano. É a única comunidade que ten estas características, o que supón un aforro medio para as familias de 3.000 euros ao ano por fillo.

O terceiro dato: en Galicia, todos os concellos, por moi pequeniños que sexan, teñen un recurso de conciliación. Chámanse casas niño, e vostedes, que sempre piden medios para o rural, votaron en contra das mesmas. Grazas a estas casas niño —máis dun cento— todas as familias galegas, vivan onde vivan, poden ter un recurso de conciliación. Ademais, créase emprego no rural —xa sei que isto a vostede tamén lle parece mal— e, ademais, estamos asentando poboación tamén no rural.

Cuarto dato: todo isto faise exclusivamente cos cartos da Xunta de Galicia, que inviste anualmente 65 millóns de euros no financiamento da gratuidade das escolas infantís, e tamén — é certo, e dicímolo sempre e recoñecémolo— coa colaboración dalgúns concellos que cofinancian xunto coa Xunta. Porque o Estado pon cero euros para a gratuidade das escolas infantís, a pesar de que Sánchez prometera no ano 2018 colaborar coa gratuidade. Despois levábao no punto 94 do seu programa electoral, despois asinouno no primeiro acordo de Goberno con Podemos, volveuno acordar con Sumar... Tantas veces asinado e prometido como tantas veces incumplido, ao máis puro estilo Sánchez.

Claro que o que pasou é que o que vai no seu programa de Goberno xa se lle olvidou a este Goberno socialista, que empezou a aplicar o Código Penal. ¡Cada día alomenos un delito dos que van no Código Penal! Esa é a súa verdadeira preocupación; non as nenas e os nenos e a gratuidade das escolas infantís. E agora promete 175 millóns de euros para a gratuidade



outra vez, á última hora, na Conferencia de Presidentes. 175 millóns para toda España, cando só en Galicia investimos 65 millóns de euros.

Por certo, señora Fernández, a súa líder, a señora Pontón, está moito menos preocupada que vostede pola gratuidade, porque nin no primeiro acordo de Goberno nin no segundo acordo de Goberno incluíu esta medida. A ela parece que isto non lle preocupa tanto.

Pero é que, ademais, tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista votaron aquí en contra sempre de calquera medida que supuxese máis medidas de conciliación ou máis prazas de escolas infantís, ou de medidas como a Lei de impulso demográfico, a pesar de que se incluíron a inmensa maioría das súas propostas. «Non» a esa lei, «non» a todos os orzamentos da Xunta de Galicia. «Non, non, non». Porque si, por moito que lles fastidie, vostedes son os do «non». E, agora, coa iniciativa que traen hoxe, pretenden lavar a cara cunha medida absolutamente pancarta.

Pero, aínda así, queremos convidalos por enésima vez a un acordo unánime da Cámara para as familias galegas, e por iso presentamos esta emenda. Porque, dende o Partido Popular e dende o Goberno galego, non nos conformamos con ser os únicos que temos a gratuidade, e non nos conformamos con ter a taxa de escolarización trece puntos por enriba da media nacional e máis grande de toda España. Queremos seguir avanzando e queremos seguir mellorando, e por iso presentamos a nosa emenda, que esperamos que se aprobe por unanimidade. Van ter a oportunidade de dicir se queren máis prazas de escolas infantís e se queren que isto se faga tamén co apoio do Goberno de Sánchez, ou se van pretender seguir apoiando contra vento e marea o Goberno de Sánchez.

A segunda cousa da que vostede falaba aquí é de devolver os fondos europeos. Mire, estanse construindo mil novas prazas de escolas infantís con eses fondos europeos, grazas a concellos que pediron esas axudas. Por certo, ningún veciño que vive nos concellos gobernados polo Bloque Nacionalista Galego vai poder desfrutar destas escolas infantís gratis, porque ningún alcalde do Bloque Nacionalista Galego quixo pedir estas axudas. Tampouco as quixeron pedir outros, como o socialista señor Tomé, que non ten tempo tampouco para recibir as familias que demandan máis prazas de escolas infantís, pero si para pasearse co señor Cerdán pola Ribeira Sacra. Para iso si, claro.

E di vostede que non se podían usar fondos porque eran fondos europeos. Pero é que, mire, os 175 millóns de euros que vai empregar agora —supoñemos, xa veremos— o Goberno estatal tamén son fondos europeos, e vanos usar para a gratuidade. E Galicia xa dixo no ano 2021 que os fondos que nos ían vir estaban mal plantexados e que prexudicaban precisamente aquelas autonomías que tiñamos mellores *ratios*, e que necesitabamos que eses fondos servisen tamén para que os concellos puidesen arranxar as escolas infantís que xa tiñan e que servisen tamén para a gratuidade. Dixéronnos que non era posible, e agora vese que si era posible, que era unha nova medida deliberada de Pedro Sánchez para non ter en conta as familias e para non ter en conta comunidades como Galicia, onde temos as mellores *ratios*.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Arias.



A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Si, señora presidenta. Moitísimas grazas.

Simplemente quero dicirlle a todas as familias galegas que, con axuda ou sen axuda do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, con axuda ou sen axuda do Goberno de Madrid, en Galicia seguiremos desfrutando das escolas infantís gratis e seguiremos sendo líderes en escolarización en España.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): O voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa intervención.

Ten entón a palabra a representante do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Bos días.

Grazas, presidenta.

Señora Arias, eu entendo que o seu asunto co señor Tomé é unha cuestión de odio á veciñanza, porque ten unha fixación co señor Tomé tremenda. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Quero dicir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero está vostede cerquiña de Monforte e baixa por alí, ou coñécense. Pero en calquera caso, *(Murmurios.)* sobre o señor Tomé, vou usar as súas palabras: gaña maioría absoluta tras maioría absoluta no seu concello, e ten Monforte *como los chorros del oro.* *(Aplausos.)* Como vostedes, que gañan con maioría absoluta. Entón, déixeo gobernar tranquilamente, que malo será. Alí están contentos con el. E na deputación... *(Murmurios.)* —señor Trenor, vai despois pola tarde, agora non—...estánlle moi contentos con el, así que non se preocupe polo señor Tomé.

E. despois, eu tamén vou aproveitar para unha cousa. Eu levo días —porque se falou aquí moitas veces esta semana pasada en comisións— preguntando por que non aceptamos aquí os 23 millóns para escolas infantís que viñan do Goberno. Nunca entendín por que. O que din sempre é: «*no se adapta al modelo*». Bueno, pois eu tamén quero dicirlles ás familias galegas que non podemos ter aquí máis escolas infantís porque o diñeiro que veu do Goberno de España non se adapta ao modelo que ten aquí a Xunta de Galicia; aínda que vaia en euros, non se adapta ao modelo.

Pero, mire, en calquera caso, eu creo que todo isto son manobras de distracción, e téñennos aquí con estas manobras de distracción continuamente. Dá igual, quero dicir, poden darlle a volta dicindo que somos referentes... Ademais é un oxímoro; eramos referentes e pioneiros en educación infantil. As dúas cousas xuntas non poden ser, gramaticalmente non. Pero, en calquera caso, somos referentes en educación infantil, somos pioneiros en educación infantil. Si, si, cuestión de números; números tras números, tras números, tras números. Pero, ¿que sucede? Que os pais se apuntan en vinte mil listas para que os nenos poidan entrar nas escolas infantís, que as casas niño... Aproveito para dicir, por favor: déanse unha volta, falen



coas traballadoras e vaian ver o que supón iso como recurso de conciliación no rural. Entón, podemos ir aos números; se imos aos números, si. Pero hai outra cousa que se chama calidade, e, xa llo dixen ao seu director xeral de Familia: non todo pode ser medido en números. Porque, ademais, os números non dan, pero é que despois a calidade se desaxusta.

Pero —volvo repetir— estas son manobras de distracción, mentres pola porta de atrás están coando algo que, ao noso entender, é fundamental, e é esa cuestión da neutralidade ideolóxica que sacaron hai pouco. Porque estamos falando de educación infantil. Podemos darlle unha visión existencialista, pero é educación infantil, co cal, algunha cambiada nola van meter por aí. E, volvo repetir, con ese regulamento, esas normas de neutralidade ideolóxica que sacaron vostedes da manga —que a mala sorte é que a persoa encargada desta é un subdirector xeral seu de Innovación Educativa, que o nome é tremendo: o señor Prado Cueva—, eu creo que practican vostedes o que dicía Chomsky da distracción, de manipularnos a todos coa distracción.

Eu vou ler aquí unhas cuestións, ao meu modo de ver, terribles, que di este señor, que chama «clase ociosa» aos mestres, e entendo que tamén aos educadores infantís, o cal é terrible. Claro que vostedes teñen aquí un conselleiro de Educación que di que hai liberdade de expresión. Claro, liberdade de expresión cando non tes o cartel de subdirector xeral e traballas para un Goberno do Partido Popular. Entón, eu aplaudo a liberdade de expresión, aplaudo moitísimo a liberdade de expresión, pero, claro, a min dáme medo —e permítanme que lea aquí porque é terrible o que di este home— que este señor diga —vou lelo en castelán porque son as súas palabras—: «*El Islam no ha conquistado nuestro territorio pero sí, por lo visto, las mentes de muchos, con la inestimable ayuda de unos partidos políticos*». Despois encabeza outro artigo que di: «*España, una grande y libre, de comunidades autónomas nacionalistas y progresistas*». E outro artigo máis —este é tremendo, eh—: «*Cuando alguien dice, por ejemplo, que se ha cometido un crimen machista da por hecho que es condición natural de los hombres asesinar a las mujeres, adscribiendo o asociando al género comportamientos de los que solo algunos individuos —muy pocos— son responsables*». Bueno, este señor borra dun plumazo a Flora Tristan, a Betty Friedan, a Simone de Beauvoir, a Kate Millett, a Angela Davis, a Françoise Vergès ou a Lélia González; por citar algunhas das feministas ou das mulleres que, durante moito tempo e durante moitos anos, trataron de facer deste mundo un mundo mellor. (Aplausos.)

Entón, eu preguntome: vostedes, ¿que fan? ¡Distraernos! Distraernos a todos completamente con eses datos de *aquí te pongo escuela infantil, aquí te la quito*. Si, si, porque, ademais, é falso o que vostede di; á parte da súa contenda co señor Tomé, é falso o que vostede di. Entón, estannos facendo unha distracción tremenda, porque nos van coar —e isto é un aviso a navegantes— no próximo curso escolar algunha cuestión tremenda na educación, e iso é manipulación. A manipulación máis eficaz comeza na educación, e é o que vostedes van facer a partir do curso que vén. Mentres, aquí, seguimos preguntando por que rexeitaron vostedes 23 millóns para construír escolas infantís, e nos teñen entretidos con este mantra durante toda a lexislatura —por certo, nunha Cámara, como esta, que cada vez cumpre menos a función para a que foi creada—.

Entón, claro, despois queren que lles aproben as emendas e queren que lles aproben estas cuestións, e que teñamos ese rigor. Despois cita aquí a Pedro Sánchez; todo ese tipo de pa-



rafernalía que fan sempre. Pero a realidade é que no próximo curso van vostedes manipular ideoloxicamente os alumnos e tamén, por certo, se se pode, todas as escolas infantís que veñan de aquí a alá.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda de peche para a autora da moción.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Mire, señora Arias, subir aquí e falar das condicións das casas niño é ter ben pouca... —é que non quero ser...— ...É ter pouca vergoña. Porque, mire, o outro día estivemos cunha traballadora dunha casa niño, e ¿sabe o que nos dixo? —É que o escribín incluso—: «Tiven moita sorte; ata o de agora, en catro anos, nunca enfermei».

A pregunta é, señora Arias: ¿vostede pode enfermarse no seu traballo, ou pásalle como ás traballadoras das casas niño que, se enferman, non cobran (*Aplausos.*), e que, se enferman, teñen que contratar unha persoa que as substitúa, cun diñeiro que é mísero por parte da Xunta? (*Aplausos.*) ¿Pode enfermarse vostede, dona Raquel? ¿Si? Elas, non. Iso é o que defende o Partido Popular, un modelo onde falsas autónomas cargan ao lombo cun servizo que lles debía corresponder a vostedes —porque lles corresponde— ofertar á poboación, ofertarllelo aos nenos e ás nenas galegos; escolarización gratuíta. Pero cárganllelo ás traballadoras das casas niño, ese é o seu estilo.

Logo dicía vostede que eu descoñezo a realidade. Xa non é a primeira vez que me acusan diso. No pasado pleno, a conselleira acusoume de tocar de oído. Non é comigo só, xa o vin en varias intervencións; ela sempre di que tocamos de oído. A ela gústalle máis o chotis e aquí tócase máis muiñeira, e, ao final, canta máis muiñeira se toca, a ela peor lle parece. Entón, dixo que eu toco de oído. Eu busco datos e compároos, e, nesa busca, e lendo os criterios deses fondos que nos mandaron, lendo eses criterios no DOG, que non o escribe o Bloque Nacionalista Galego, aparece: «A contía máxima da axuda por praza queda establecida de acordo coa seguinte táboa»: custo para a creación na anualidade de 2022, 6.000 euros; custe para o mantemento, 3.000. Na anualidade de 2023, 6.000 euros para a creación, por praza, e 4.000, para o mantemento. Na anualidade de 2024, 6.000 euros para a creación; 1.500, para o mantemento. E na do 2025, 6.000 euros para a creación, e 2.400 para o mantemento.

Entón, a pregunta é: vostedes rexeitaron eses fondos porque non estaban feitos para nós e porque os tiñan que financiar vostedes, pero, logo, ¿acaso non financian vostedes as prazas das escolas infantís privadas, que nos custan tres veces máis que as públicas, e acaso non está aquí no *Diario Oficial de Galicia* o que se inviste por mantemento? (*A señora Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Di que non vostede. Pois non saberei eu logo ler o DOG.

Miren, esas mil prazas que din que se crearon, solicitáronas os concellos. Aquí cada vez que se baixa a falar de concellos dá urticaria que governe o Bloque Nacionalista nos concellos; é



unha cousa que, vamos, eu non a entendo. ¿Como quere vostede que soliciten escolas infantís se logo despois lles cargan o seu financiamento ao lombo e non lles mandan fondos para facelo? ¿Non é verdade?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Pero, aos puntos de atención á infancia, ¿canto lle mandan da porcentaxe que precisan para manter as prazas? Váialle preguntar á Agolada, ou váialle preguntar a Rodeiro, ou váialle preguntar a Muras canto lle mandan...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: ...e non chega nin ao 25 por cento do que precisa, señora Arias.

Mire, o que hai que ter é un pouquiño de sentido común, sentido común. E, a ver agora como fan para explicarlles a todas aquelas familias...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: ...que precisan unha praza pública e non a teñen, que non a van ter porque vostedes decidiron unilateralmente renunciar a uns fondos que estaban pensados para as crianzas galegas. *(Aplausos.)*

(A señora Fernández González pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Sobre a emenda. ¿Acepta a emenda ou non a acepta?

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Non, non aceptamos a emenda. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, moitas grazas.

Continuamos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentou ningunha emenda.

Para a súa defensa, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.



Antes de máis, quero lamentar desde esta tribuna que, desde o anterior pleno que tivemos nesta Cámara, se consumou un novo feminicidio no noso país, o cal sería, este feminicidio da Coruña —pendente aínda de confirmación o de Moraña—, en principio, o terceiro do noso país. Polo tanto, quero expresar, en nome do BNG, a nosa repulsa.

Ben, indo á cuestión, pasaron vinte días. Vinte días de infamia e vergonza. Vinte días desde que coñecemos a dimisión de Alfonso Villares, ata entón conselleiro do Mar, ante a imputación grave dun presunto delito por agresión sexual.

Vinte días de vergonza desde unha rolda de prensa absolutamente lamentable na que foi despedido entre aplausos pola plana maior da Consellería.

Vinte días —algo menos, desde o día seguinte— desde que vimos tamén outro espectáculo bochornoso: o cambio de carteira no Pazo de Raxoi, no que a plana maior do Goberno e tamén deste Parlamento despedía o acusado entre aplausos e desexos do presidente Rueda de recuperalo para a vida pública.

Vinte días sen unha soa palabra de solidariedade coa vítima, nin do presidente da Xunta, nin da máxima responsable de Igualdade, nin de ningún outro membro do Goberno galego; incluso, vetaron un pronunciamento do Observatorio Galego contra a Violencia Machista.

Vinte días de infamia; vinte días usando medios públicos, medios da Xunta, para facer de xuíz de parte e proclamar a inocencia dun acusado por un delito de violencia machista. Porque, aínda que agora a dereita renegue, a violencia sexual é violencia machista. Así o recolle a lexislación galega desde o ano 2007, e así o recolle —malia obstaculizar o señor M. Rajoy o cumprimento do Convenio de Istambul e a súa aplicación— tamén a lexislación estatal desde o ano 2022.

Vinte días usando —insisto— medios da Xunta e a súa posición de poder para condicionar a opinión pública e buscar converter o acusado en vítima. Vinte días insinuando desde altos responsables públicos que era unha denuncia falsa, abrazando así os bulos da extrema dereita.

Vinte días nos que non tivemos tampouco aínda explicacións sobre por que encubriron, ocultaron e ampararon un presunto agresor sexual durante máis de catro meses, permitindo que cobrase un salario público, que empregase medios como os coches oficiais da Xunta ou que sentase no Consello da Xunta; incluso que fose a actos de igualdade.

Vinte días nos que ninguén explicou isto nin tampouco tivemos explicacións aínda sobre a posible implicación do entorno da Xunta ou do propio conselleiro na filtración da identidade da vítima; unha filtración —insistimos— que a revitimizou, que violou á súa intimidade e que constitúe por si mesma unha nova agresión machista que debe de ser investigada. (Aplausos.)

Vinte días nos que vimos, día tras día, un presidente da Xunta covarde, parapetado en que deu dous ou tres canutazos, para así agocharse e negarse, tamén neste mesmo pleno, a dar



explicacións neste Parlamento, na sede da soberanía do pobo galego, ante uns feitos non só inéditos senón gravísimos.

Vinte días nos que tivemos que ver tamén que a máxima responsable de Igualdade non deu unha soa explicación nesta Cámara. Máis aínda, tampouco tivo tempo de dar unha soa palabra de solidariedade coa vítima; tivo tempo de parapetarse en bulos e en manipulacións facendo toda unha operación de fuxida cara adiante —iso si, na quenda de réplica, non vaia ser—, converténdose, certificando, que é unha cómplice máis desta infamia. Xusto o contrario do que esperabamos e do que precisabamos as mulleres deste país da máxima responsable de Igualdade. (*Aplausos.*)

En resumo, un Goberno que debera protexer as mulleres galegas situándose do lado do machismo, por protexer un dos seus. ¿En mans de quen estamos?

Nestes días, vimos tamén no hemiciclo moita cabeza baixa, pero, de momento, ningunha rectificación. Lamentablemente, hai que dicir que isto é indignante, que envía unha mensaxe demoledora ás mulleres deste país, que o Goberno galego non se pon do seu lado e que se pon de lado do machismo. Unha mensaxe que chega ademais nun momento no que Galiza está en situación de emerxencia por violencia machista, porque coñecemos no último mes catro intentos de feminicidio absolutamente salvaxes e coñecemos tamén dous feminicidios en quince días. ¿Que mensaxe, polo tanto, envía esta actuación ás mulleres deste país? ¿Que mensaxe envía a calquera muller que poida estar pensando hoxe en poñer unha denuncia? ¿Que mensaxe están enviando as institucións?

Hoxe, desde o BNG facemos unha apelación a que se rectifique esta actuación intolerable. Rectificar sería, neste caso, acertar. E hai que rectificar; o Goberno galego ten que rectificar, para deixar de ser cómplice do machismo e para ser un Goberno que se pon de lado das mulleres. Por iso, hoxe insistimos con varias cuestións que paso a concretar.

En primeiro lugar, o que pedimos é un pronunciamento deste Parlamento, un pronunciamento da Cámara galega. Un pronunciamento que estea á altura do compromiso que outras veces este Parlamento galego expresou coas vítimas de violencia machista. Un compromiso, un pronunciamento, á altura dun Parlamento que foi exemplar ao aprobar, no seu día, por unanimidade unha lexislación galega en materia de violencia machista que segue sendo das máis avanzadas de toda a contorna europea. Unha rectificación, cun pronunciamento unánime deste Parlamento, que estaría á altura tamén doutros pronunciamentos cos que, en momentos complexos para a vida das mulleres e en momentos complexos nos debates feministas, este Parlamento estivo á altura. Como cando nos pronunciámos a favor de que, ante os feitos da Manada, había que promover un cambio, un cambio no Código penal que pasase a incorporar o consentimento. Un pronunciamento que estea á altura dun Parlamento que reclamou antes que outros, por exemplo, o recoñecemento de violencias como a vicaria. O que pedimos basicamente é expresar a solidariedade e apoio á denunciante dun membro do Goberno galego por presunta agresión sexual, reprobando a filtración pública da súa identidade e expresar apoio ás mulleres agredidas que toman a decisión de acudir á xustiza. Pedimos expresar así a nosa vontade de seguir traballando para que o poidan facer coas máximas garantías de respecto, xustiza e reparación, con independencia de quen sexan os denunciados e o seu status.



En segundo lugar, pedimos á Xunta que rectifique con catro actuacións concretas para transparentar a súa actuación e apoiar a vítima. A primeira, que xa debeu de suceder antes, é que o señor Rueda compareza neste Parlamento en aras da transparencia e do respecto ás mulleres. A segunda, que se poña á disposición da vítima o recollido na Lei galega de violencia machista, singularmente no seu artigo 30, en canto ao exercicio da acción popular no procedemento penal. En terceiro lugar, pedimos transparencia e que se remita a este Parlamento a documentación que acredite en que momento a Xustiza notificou á Xunta esta situación, cando tivo coñecemento o Goberno galego. E, en cuarto e último lugar, demandamos a investigación da filtración da identidade da denunciante e que colaboren coa máxima transparencia para aclarar e depurar calquera responsabilidade vinculada ao Goberno galego.

Señorías, este Parlamento, este país, debe de estar á altura nesta situación. A violencia machista —insistimos— é o problema máis grave para a vida das mulleres, é o problema máis importante...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...da vida das mulleres. Non é algo privado, é un problema público e de primeira orde. E, hoxe, hai que escoller de que lado nos poñemos: do lado do machismo ou do lado das mulleres. Nós, no BNG, temos moi claro de que lado estamos. Tócalles decidir ao Partido Popular. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Dado que o voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa intervención, ten entón a palabra a voceira do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día.

No punto no que nos atopamos, creo que é importante lembrar a definición que, hai máis dunha década, no ano 2013, deu a Organización Mundial da Saúde sobre a violencia sexual. Decía a Organización Mundial da Saúde que era «todo comportamento ou acción cando ten connotacións sexuais e, ou ben non é desexado pola muller ou non é consentido por ela, ou o seu consentimento foi dado por coacción». É dicir, non de maneira libre. E esa coacción dicía que vai dende a presión social e a intimidación ata a forza física.

Creo que é importante lembrar esta definición porque, nestas alturas, as condutas contra a liberdade sexual das mulleres aínda seguen moi agochadas. Así, o 90 por cento das vítimas de delitos contra a liberdade sexual somos mulleres. ¿Por que? Porque son unha das expresións máis cruentas do machismo estrutural que aínda segue vivindo na nosa sociedade. E, a pesar de avanzar moito no papel con esa Lei de liberdade sexual que nos protexe moito máis, porque, por primeira vez, pon o foco no consentimento e non o vincula a unha coacción física, a violencia sexual contra as mulleres en España segue a ser unha epidemia.



Diversos estudos recentes do Observatorio da Muller din que entre o 70 por cento e o 80 por cento das violacións non se denuncian, e os últimos informes do Observatorio de Igualdade din que o 8,4 por cento das mulleres residentes en España maiores de dezaseis anos que tiveron unha parella varón algunha vez na súa vida sufriron unha violencia sexual a mans da súa parella. Pois ben, este estudo tamén di que estes datos reflicten unicamente a punta do iceberg da violencia sexual, porque aínda existen hoxe moitísimas razóns que levan as mulleres a non denunciar. Entre as razóns, este estudo cita as principais. E vou lembralas tamén, porque seguro que nos soan familiares.

A primeira é a súa propia socialización, pola exposición que supón; a segunda é vivir nunha sociedade que responsabiliza da violencia sexual á muller que a sufriu, e a terceira é o feito de que, na meirande parte dos casos, o agresor sexa un home cercano ou coñecido.

E digo que nos soan familiares porque o Goberno galego seguiu esta revitimización ao dedillo, cando tivo coñecemento dunha denuncia por agresión sexual a un dos seus conselleiros. Porque de verdade, señorías do PP, non se puido facer peor. Se o esperado ou desexado era afastalo inmediatamente, mantívose este feito catro meses agochado, e o conselleiro no seu posto con axenda pública. Se o esperado ou desexado era o anonimato da denunciante, non pasara nin media hora dende a dimisión do conselleiro e xa toda España sabía o nome da denunciante, o que provocou e está a provocar que os programas sensacionalistas leven meses falando da súa vida persoal. E se o esperado era que o presidente Rueda saíse dar explicacións e trasladase un rexeitamento total á vulneración dos dereitos das mulleres —incluso pedindo a presunción de inocencia, pero mostrando unha tolerancia cero— pois, pola contra, o presidente da Xunta actuou poñendo en valor o seu colega conselleiro e escenificando un acto de apoio do mesmo, con palmada no ombreiro e abrazo incluído, e desexo dunha pronta recuperación, coma se estivese a padecer unha gripe.

Señorías do Partido Popular, isto unicamente trasladou á cidadanía galega unha imaxe de protección do presunto agresor e de falla de credibilidade da presunta vítima. Unha mensaxe nefasta; unha metedura de pata total; un erro con consecuencias nefastas para o avance cara á sociedade igualitaria, e unha conduta que demostra que, a pesar de vivir nunha sociedade formalmente igualitaria, esta sociedade segue a ser un patriarcado, e a desigualdade de xénero segue existindo na mesma, evidenciando que, ao final, a todas as mulleres que vivimos nesta sociedade se nos cousifica e se nos sexualiza por ser mulleres e que, nos casos de violencia sexual que socialmente se recoñecen como tal, a sociedade segue dirixindo a súa mirada cara á muller que a sufriu.

Señorías do Partido Popular, ningunha mensaxe de autocrítica en vinte días pola súa parte. Miren, eu xa sei que vostedes aquí agora cando saian na súa intervención tampouco o van facer, e non van asumir o erro. No canto disto, van desviar o foco. E entón vou adiantarme cara á súa previsible intervención.

Miren, tanto no meu propio nome como no nome de todas as miñas compañeiras e compañeiros deputados, podo afirmar con rotundidade unha defensa total da liberdade sexual das mulleres, e como, para nós, a explotación sexual é unha das máis terribles caras da violencia



de xénero. (*Aplausos.*) A loita en prol da igualdade leva implícita tamén a liberdade sexual das mulleres e, mentres non consigamos abolir a prostitución, isto non será posible. E, por iso, non me treme a voz ao manifestar o meu rexeitamento de calquera conduta que mercantilice as mulleres; tanto do que se lucra dos corpos das mulleres, como de quen, para satisfacer os seus desexos sexuais e reforzar a súa posición de poder, se aproveita de mulleres vulnerables por diñeiro. A min dáme igual; dáme igual como se chame quen o faga, dáme igual o carné que teña. A miña condena, rexeitamento e repugnancia esténdese por todas as persoas que utilicen a prostitución, contra quen a xustifique, pero tamén contra quen pretenda regularizala. (*Aplausos.*)

E, mire, falaba o deputado Pazos, o deputado do Partido Popular, na súa intervención, e mencionou un analista referente de economía para falar de corrupción. Eu vou citar o meu avó. Non era referente de economía, senón de medicina, pero tamén, sobre todo, referente de honradez. E, un día, díxome: «*Neniña, el poder corrompe a los mediocres*».

Pois ben, pertenzo a un partido que ten 146 anos de historia. Defende uns principios e ideais polos que moitos morreron e moitos foron represaliados. (*Aplausos.*) Está formado por centos de mulleres e homes, dende a alcaldesa dun pequeno pobo como Maceda, ata a ministra que leva un importante carteira como é a de Vivenda. Todas e todos traballamos cada día por defender os dereitos e mellorar a vida da xente. Pois ben, ningún de nós imos permitir que un puñado de mediocres indignos manchen as nosas siglas. E, ademais, a diferenza entre nós e vostedes é que nós os detectamos e os botamos, e vostedes os amparan e danlles responsabilidades, e apartan os que denuncian prácticas corruptas.

E miren, señorías do PP, para mostra un botón: mentres a presidenta da Comunidade de Navarra está a auditar o seu Goberno e a afastar a quen estea baixo sospeita de corrupción, a presidenta da Comunidade de Madrid, a señora Ayuso, vive nun ático pagado coa fraude fiscal, e moitos de vostedes, en dúas semanas, irán a un congreso que está a preparar unha secretaria de organización do Partido Popular, Ana Millán, investigada pola presunta comisión de catro delitos de corrupción: prevaricación, cohecho, tráfico de influencias e fraude contra a Administración pública. Esa é a que vai organizar o congreso no que van dar vostedes leccións de loita contra a corrupción, señorías do Partido Popular. E non están vostedes para dar estas leccións, pero tampouco están acreditadas nin a señora dos anónimos nin a señora dos bolsos para dar leccións de comportamento ético, por moito que vaian de excursión a Monforte facer unha *performance*.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Imos apoiar esta moción, sen dúbida.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.



Señorías; antes, agora e sempre, tolerancia cero. Ante a violencia de xénero, só cabe unha opción: tolerancia cero e apoio total a todas as vítimas, a todas. E isto, como queda patente cada día, guía as accións do Goberno galego, co presidente Rueda á cabeza e de xeito transversal. (Aplausos.) E, como vostedes saben moi ben e aquí se dixo, na loita contra a violencia de xénero, Galicia é pioneira, tanto en materia lexislativa como en medidas de prevención e axuda no ámbito económico e tamén no psicolóxico e social. Pero está claro que queda moito, moitísimo por facer, como demostran a morte de Josefa e de Maritza, e se está investigando a de Campo Lameiro. Dende aquí, todo o agarimo e todo o apoio para os familiares das vítimas. A dor e a rabia que por estes asasinatos temos danos a todos máis folgos para redobrar o traballo, aumentar o traballo, e pedir, unha vez máis, a unanimidade de todas as forzas políticas e de todas as administracións; unha unanimidade da que presumiamos en Galicia, e que Bloque e Partido Socialista racharon uns meses antes das últimas eleccións autonómicas.

Unha proba máis do compromiso que Galicia ten na loita contra a violencia de xénero é o incremento dos orzamentos para esta materia no ano 2025. En concreto, un 38 por cento nas prestacións económicas a mulleres vítimas de violencia de xénero, e un 60 por cento nas axudas de pagamento único. Puxéronse en marcha, por primeira vez, as axudas de pagamento único para a violencia sexual, e séguese coas axudas directas e periódicas, que ofrece Galicia en exclusiva e que en 2024 recibiron 653 mulleres, así como coa asistencia xurídica gratuíta. Somos os que máis medios temos para o tratamento psicolóxico integral das vítimas e proximamente chegará a este Parlamento a primeira lei de violencia dixital. Xa se dixo aquí que somos dos primeiros en recoñecer as vítimas de trata, que aínda non están no Estado, a violencia dixital ou a violencia vicaria.

E, respecto ao exconselleiro, dígolle o mesmo que dixen xa na Comisión 5ª e no anterior pleno. Ao conselleiro chégalle a citación un martes e, en menos de 24 horas, o mércores, estaba presentando a súa dimisión. Preservaba a institución, pero tamén, ao mesmo tempo, renunciaba ao seu aforamento, someténdose a un xulgado de instancia. En menos de 24 horas dimite e renuncia ao seu aforamento.

Señora Castro, señoras do PSOE, igualiño que o señor Besteiro. Oito meses sen dimitir, con acusacións e imputacións que superan as seis. Igualiño que fixo hai unhas semanas o secretario xeral dos socialistas estremeños, o señor Gallardo, que fixo correr cinco postos a lista para aforarse a toda présa. ¿Onde estaba daquela, Señora Presas, o BNG?, ¿estaba talvez na TVG a señora Pontón? Por certo, que di que nunca a invitan e, xusto uns minutos antes de que saísen as conversas máis denigrantes que queríamos oír, estaba alí dicindo que o PSOE estaba sufrindo *lawfare*. E que mire, só uns minutos despois tiñamos que escoitar cousas coma estas que vou repetir. É unha conversa entre Koldo e Ábalos: «Mira, si viene aquí» —empeza Koldo—. «Ya sabes quién va a venir, eso lo tengo claro. Si viene aquí, tienes a la Ainara... a la Ariadna, que está bien, que está recién, está bien, está perfecta. Y, ¿la colombiana?, ¿la colombiana nueva? ¿Y la otra? No, si yo quiero la otra también, pero era porque cambiaras tú, pero a ti te gusta más la Ariadna. No sé, no sé. La Carlota se enrolla que te cagas. Pues la que tú quieras, o Ariadna y Carlota, y a tomar por culo. No, era por conocer...».

Declaracións arrepiantes, vomitivas. E o BNG aínda segue apoiando o Goberno de Sánchez. (Aplausos.) Deixen xa de mancillar o feminismo, porque se vostedes de verdade fosen só un pouquiño feministas, hai moitos días que terían rachado con Sánchez.



O Goberno que tamén se definía como o máis feminista da historia e que foi o que máis dano lles fixo ás mulleres, e o que vostedes apoiaron e apoian sen fisuras. Fíxollelo coa lei do *solo si es si*, e seguen sen pedirlle perdón ás vítimas dos máis de 1.400 violadores e agresores sexuais que saíron antes de tempo á rúa ou viron reducidas as súas penas. Alomenos eses, porque é que dende novembro do 2023 non se actualizan os datos.

O BNG segue apoiando un goberno que, mentres pretendía aprobar unha lei abolicionista, tiña o seu ministro elixindo compañía feminina por catálogo. E, agora, din que van volver levar esta lei, nun lavado de cara, ao Congreso. Señora Castro, ¿que vai votar o señor Ábalos?, ¿que votaría daquela? Mire, señora Castro, se o que vostede dixo hoxe aquí o pensa de verdade e o pensan de verdade as feministas socialistas, xa están tardando en dar por rematada esta lexislatura, e en rexenerarse o Goberno e rexenerarse vostedes. *(Aplausos.)*

E ao BNG, agora, o de saír nas fotos con Sánchez xa lle gusta un pouco menos, pero o apoio, sen fisuras. Un Goberno cuxos dirixentes —do partido e do propio Goberno— pagaban con fondos públicos orxías, pisos de luxo e salarios públicos sen asistir aos seus traballos, a cambio de favores sexuais. E coa complicidade doutra muller, a señora Pardo de Vera, que, por certo, segue mantendo a súa medalla de ouro da cidade de Vigo. ¿Ata cando lla van reter? ¿Ata cando? *(Aplausos.)*

Uns dirixentes socialistas que trataban as mordidas e as mulleres coa mesma falta de escrúpulos, e o BNG segue apoiando ese Goberno en Madrid, e en todos e cada un dos concellos e deputacións nos que ten a oportunidade, convertendo o partido, o BNG, con Ana Pontón á fronte, en cómplice e cooperador necesario das corruptelas que asolan España.

Señora Presas, señoras e señores do BNG; agora si, agora si é o momento de dicir non. De dicir non aos Koldos, aos Ábalos, aos Santos Cerdán. Non a un goberno corrupto, machista e ineficaz que, coas súas actuacións, avergonza toda España e denigra todas as mulleres. Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda de peche para a autora da moción, señora Presas.

A señor PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bonito slogan, señora Arias; quedoulle moi bonito iso de tolerancia cero coa violencia machista. Faltoulle á segunda parte: no Partido Popular, tolerancia cero coa violencia machista, menos *si es uno de los nuestros*. Se senta no Consello da Xunta, *(Aplausos.)* xa medimos cunha vara diferente.

Mire, si, Galiza foi pioneira, Galiza foi pioneira en lexislación...

(Ruído.)

Isto xa é o colmo do boicot... *(Risos.)*



A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos intentar que non se repita, avisando a quen está facendo as obras.

(Ruído.)

Suspendo un momentíño.

(A señora presidenta suspende a sesión momentaneamente.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Déalle voz, por favor, ao micro da señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Agora.

Como dicía, señora Arias, efectivamente, Galicia foi pioneira en materia lexislativa contra a violencia machista. Foi pioneira niso, foi pioneira en moitas medidas, pero agora, lamentablemente, o que estamos vendo é que o seu Goberno, o Goberno do Partido Popular, é pioneiro en dar un paso atrás sen precedentes e en poñerse do lado do presunto acusado de violencia machista en lugar de estar do lado das vítimas. *(Aplausos.)* E iso envía unha mensaxe demoledora a todas as mulleres deste país, a todas; a vostede tamén, a min tamén, a calquera muller deste país que nos sentimos agredidas por esta forma de actuar, señora Arias.

Porque, ademais, somos conscientes de que en momentos coma este, en momentos nos que un caso salta ao debate público, é fundamental a actuación que haxa por parte dos poderes públicos e por parte da sociedade. Así o vimos no pasado. Así pasou no Estado español cando a denuncia pública de Ana Orantes e o seu posterior asasinato marcaron un antes e un despois nas medidas, na lexislación e na resposta social. Así o vimos cando o caso da Manada e o terrible calvario xudicial que tivo que vivir a vítima impulsou tamén cambios na sociedade e cambios na lexislación; así o vimos no pasado. E nós non imos permitir —porque vostedes debían pensar que isto era polémica dun día— que a actuación do Goberno galego nos leve a un escenario de retrocesos como os que vostedes queren amparar coa extrema dereita. Non o imos permitir, e Galiza merece e exige unha resposta ante este caso que non é a indignidade que está facendo o seu Goberno.

E non sei exactamente de que presume vostede aquí. Dimisión en 24 horas. ¿De que me está falando? ¡Se había catro meses que o presidente da Xunta *(Aplausos.)* sabía isto e non fixo nada! Se estivo ese señor indo a actos en defensa da igualdade. ¡Por favor, un pouco de pudor!

E mire, xa llo dixen o outro día en comisión: a nós dánnos tanto noxo os puteros que sentan nun Consello de Ministros do Partido Popular como os que sentan nun Consello de Ministros do Partido Socialista *(Aplausos.)*, como aqueles cargos institucionais do Partido Popular que nos están dicindo que ir de putas é o oficio máis vello do mundo, como o señor Bibiano Serrano. Pero tamén nos dá o mesmo noxo que se intente amparar, edulcorar e branquear unha presunta agresión sexual desde os medios públicos da Xunta. E a corrupción, efectivamente, é un delito moi serio. É algo moi serio, un dano moi serio á democracia, pero tamén, coma sempre, sempre van falar da [merda] *(Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde da señora*



presidenta, Candia López, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.) os máis cagados. O que lle podo dicir, señora Arias, é que nós temos un historial impoluto: corenta anos de historia, cero casos de corrupción. (Aplausos.) ¿Que me vén contar vostede a min da corrupción? Desde logo, non naceu aínda ninguén do Partido Popular que nos poida dicir nada. (Aplausos.)

Pero hoxe falamos doutra cousa...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...porque a corrupción é moi grave, pero máis grave é atentar contra os dereitos humanos. (Aplausos.) E a violencia machista é un delito, é un agravio contra os dereitos humanos das mulleres, (Aplausos.) e diso queremos falar hoxe aquí. Explique vostede —que non se atreveu na súa intervención, poñendo o ventilador, a ver se así distraía— que van votar vostedes en contra de que este Parlamento se pronuncie a favor dunha vítima que denuncia un home poderoso. Van votar en contra de que este Parlamento se pronuncie a favor da loita contra a violencia machista...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...caía quen caía. Van votar en contra de transparentar a actuación que tivo o seu Goberno; esa vergonza que intentan tapar, pero que non lle imos consentir que se tape. Nós temos moi claro de que lado estamos: do lado das mulleres. E vostedes, pulsando en contra, hoxe pola tarde —aínda poden rectificar—, vanse poñer do lado do machismo. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Espere un momentíño. Voulle facer unha proposta. ¿Impórtalle que retire o de [merda] polo máis indicado? Xa sei que o pleno de hoxe tivo cousas así e tal, pero, bueno, non é moi estético.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non, eu son moi defensora do refraneiro popular, e é un refrán popular que di: «Sempre vai falar da [merda] o máis cagado». Se xa non podemos nin citar o refraneiro popular... (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Se non lle importa, vouno retirar eu.

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pois vouno retirar eu. Vamos, é que xa pasamos uns límites...

Sendo a última moción da sesión da mañá, imos suspender o pleno e será reanudado ás 16.30 horas.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos da tarde.



O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Galicia enfróntase cada ano a unha ameaza. Falamos dunha ameaza estrutural agravada polo cambio climático, pola despoboación, pola falta de planificación e, sobre todo, por un modelo de xestión forestal e de loita contra os incendios absolutamente superado e ineficaz. Pola ausencia de planificación preventiva, como resaltabamos na interpelación realizada no pleno pasado á conselleira do Medio Rural. Un modelo que non responde ao que Galicia necesita nin ao que este grupo parlamentario leva anos demandando.

E por iso, hoxe, traemos esta proposición non de lei coa vontade construtiva de ofrecer solucións concretas baseadas en criterios técnicos e nas recomendacións dos expertos, e tamén nas demandas do territorio. Non é tempo xa de lamentos nin de improvisación, senón que é tempo de actuar con rigor e con responsabilidade.

E o primeiro punto que propoñemos é conforme ao establecido na lexislación vixente e tamén —¿por que non dicilo?— porque é de sentido común: cómpre executar os traballos de prevención antes de xullo e informar a este Parlamento. Os incendios do verán —como dicía na interpelación— non se apagan en agosto, apáganse no inverno e na primavera; pero en Galicia seguimos tendo rozas, que se fan en xullo, e seguimos tendo brigadas que se activan o 31 de xullo. Isto, señorías do Partido Popular, non é prevención; isto é propaganda. É imprescindible que os traballos de silvicultura preventiva, a limpeza de pistas, de faixas secundarias, o mantemento de cortalumes, as rozas e a creación de discontinuidades de combustible se executen antes do verán, cando aínda se está en tempo de crear zonas de protección, de reducir a carga de combustible e de mellorar o acceso dos medios de extinción.

E esta planificación debe de estar guiada por criterios técnicos obxectivos: mapas de risco actualizados —que non temos en Galicia—, índice de continuidade de combustible, recorrencia de incendios e características da vexetación. Non pode ser que nas zonas altamente vulnerables non se realicen os traballos preventivos, mentres que noutras menos expostas se concentren as actuacións só por cuestións políticas ou de visibilidade. Por iso, pedimos tamén que se presente un informe detallado neste Parlamento co tipo de traballos realizados, co orzamento investido e coa súa distribución por distrito forestal. A transparencia, a planificación e a rendición de contas son tres principios básicos dunha política pública seria.



O segundo punto é elaborar unha estratexia fronte aos incendios de comportamento convectivo. Galicia non pode seguir respondendo aos incendios do século XXI cos medios e coa planificación do século XX. Os incendios convectivos —os de quinta e de sexta xeración— están aquí e son lumes que xera o propio clima, que evolucionan rapidamente e que —é moi importante— superan as capacidades de extinción convencionais. Os incendios de Valdeorras e do Courel deixaron claro que o noso sistema non está preparado para este tipo de emerxencias: non hai formación específica, non hai protocolos adaptados e —como dicía— non hai mapas de combustible actualizados. Por iso, as socialistas propoñemos a elaboración dunha estratexia galega específica fronte a este tipo de incendios, cun mapa actualizado de combustible, con análises de zonas de alto risco e con medidas específicas de planificación, de prevención e de intervención. Non podemos seguir improvisando, señorías; é necesario identificar as áreas onde o cambio climático, a acumulación da biomasa e o abandono do territorio serán as condicións perfectas para estes lumes extremos e para actuar con anticipación, coa mellor información e con estratexias adaptadas.

E un terceiro punto, cómpre desenvolver un plan de educación ambiental e de concienciación cidadá porque, señorías, a loita contra os incendios non se gaña só con helicópteros e con mangueras —que si, os medios de extinción, obviamente, son precisos—, pero tamén se gaña cunha cidadanía formada, consciente e implicada. E hoxe Galicia non ten un plan de educación ambiental estruturado en materia de prevención de incendios. Non hai campañas específicas nos medios nin programas formativos planificados nos centros educativos. Estes programas que se realizan son á demanda dos colexios, e non son planificados pola Consellería do Medio Rural, nin hai unha colaboración real co tecido asociativo local. Por iso, dende este Grupo Socialista, propoñemos o desenvolvemento dun plan de educación ambiental e de concienciación cidadá con accións concretas en cada distrito forestal: campañas públicas adaptadas ao territorio, programas nas escolas e nos institutos, obradoiros nas aldeas, actividades coas comunidades de montes, accións de voluntariado etcétera; porque a prevención tamén se constrúe co coñecemento, e, se a sociedade non entende como funciona un incendio, como evoluciona no monte ou como se pode evitar un lume, estará sempre á marxe da solución. E, ademais, fomentar a corresponsabilidade cidadá é clave para reforzar a vixilancia pasiva, para alertar das condutas de risco, para evitar queimar residuos en días perigosos e para coidar os accesos.

Como cuarto punto, pedimos deseñar plans de autoprotección e de evacuación para as aldeas en risco. Eu creo que este é un dos puntos máis importantes da moción. Miren, no verán de 2022, houbo evacuacións de aldeas enteiras no Courel e no Barco de Valdeorras; evacuáronse máis de mil catrocentas persoas en oitenta núcleos de poboación. Neste caso, hai que ter rutas seguras, puntos de encontro sinalizados, medios de comunicación coordinados. Non podemos seguir permitindo esa situación. É imprescindible, ante o que vén, que todas as aldeas situadas en zonas de risco contén con plans de autoprotección e de evacuación, deseñados coa colaboración dos concellos, dos servizos de emerxencia e da propia veciñanza; e estes plans deben de incluír a análise de riscos, a identificación das rutas de evacuación, as zonas seguras, os protocolos de aviso, os puntos de control etcétera. É necesario que se presente un plan marco no Parlamento, no prazo de seis meses —porque agora sabemos que van estar centrados nos labores de extinción—, como instrumento para homoxeneizar os criterios e para garantir que non quede ningunha zona desprotexida. Isto é de vital importancia, e espero que me dean a razón.



E como último punto, é preciso actualizar o dispositivo de prevención e de extinción dos incendios forestais; isto xa o pedimos nunha comisión porque este punto xa o prometía a conselleira Quintana —miren xa onde vai a conselleira; foi despois José González, que non o fixo, e agora a conselleira do Medio Rural parece que tampouco está polo labor—. Galicia precisa dunha revisión completa do seu dispositivo de prevención e de extinción, co foco posto na reorganización territorial dos medios materiais e humanos. Non ten sentido seguir repartindo medios con inercia, sen ter en conta os cambios no comportamento do lume, a evolución do territorio, a acumulación de biomasa ou o impacto do cambio climático. Os distritos forestais non teñen hoxe o mesmo perfil que hai vinte anos; hai máis zonas en risco extremo, hai novas fronteiras climáticas, hai aldeas vulnerables e hai tamén medios tecnolóxicos que se están aplicando e que se poden aplicar incluso mellor. Por iso, reclamamos a actualización do dispositivo, cunha análise técnica que permita reorganizar os medios de forma eficiente e equilibrada, que identifique as necesidades reais, que corrixa os déficits históricos e que se adapte ao modelo e á realidade deste século. Isto só é posible cunha estrutura pública profesional e estable, con traballadores formados, con servizos ben dotados e con planificación e avaliación continua.

En conclusión, señorías, estas cinco medidas que propoñemos son realistas, urxentes e necesarias. Non se trata de exixir aquí o imposible, senón de cumprir co que a propia lexislación estatal tamén marca; de cumprir co que os expertos reclaman, a repartición dos distritos —dicíao non só o Grupo Socialista, senón tamén os propios expertos que emitiron un ditame aprobado neste Parlamento—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Remato, presidente, dicindo que Galicia merece unha política forestal digna, unha política que non chegue tarde e que non abandone o territorio.

Nós non nos resignamos ao lume e esperamos que sexa aprobada esta proposta en positivo.

Nada máis e grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Dicían os Resentidos que «Arde Galiza, pero non queima», disque alegando metafórica e ironicamente a capacidade de resiliencia da nosa cultura e do noso territorio.



Eu hoxe quero empezar a intervención apelando a unha escoita activa, xa que, señorías, entendendo que escoitarnos ben forma parte da nosa obriga e vai ser bo para aprendermos entre todos.

E facendo escoita activa da resposta á interpelación que deu lugar a esta moción, vou facer eco das palabras da conselleira do Medio Rural, centrándome só en tres datos que aportou: o primeiro, que na defensa contra o lume de Galiza, o número de efectivos dependentes da Consellería eran 3.000 persoas. E este é un dato relevante, xa que, se facemos repaso dos xornais, desde hai ben anos, sempre veremos que a Xunta daba a cifra de 7.000 efectivos, algo que incluso o ano pasado o propio presidente Rueda proclamou. Agora, confirmado pola conselleira —nunca é tarde—, podemos comprobar que facían fachenda de ter máis, e incluían como persoal propio o que era doutras administracións. Dato mata relato —como gusta de dicirse por aquí—.

Segundo, comentaba a conselleira que, se mirabamos pola xanela dun avión, non facía falta ser ningún experto para ver o mosaico que é Galiza; afirmación que daba a entender que Galiza era un lugar perfectamente ordenado e cunha ampla biodiversidade. Eu creo máis ben que Galiza, se continúa a ser mosaico nalgúnhas zonas, é a pesar da nula organización territorial do Goberno da Xunta do PP. (*Aplausos.*)

E terceiro, outra afirmación feita pola conselleira foi: «Os traballos de prevención realízanse todo o ano, e se se desen unha volta polo monte, de vez en cando, poderían constatar que, en cada época, se desenvolven as tarefas que corresponden». Eu xa lles digo que, pola miña parte, o de dar unha volta polos montes galegos me parece dos mellores plans, sobre todo se son montes ben xestionados con actividades agrogandeiras e xuntas forestais, que hai moitos exemplos. Pero, xa lles digo que, se o fan no tres por cento dos montes galegos conveniados e xestionados publicamente, o que debería de ser precisamente un exemplo, non van ver un bo facer nin eficiencia na xestión forestal.

E contados estes datos da conselleira, imos á orixe, é dicir, a por que se producen os incendios. E neste punto a conselleira tamén nos deu unha opinión; dixo que: «Vai no ADN galego o de provocar lumes». Como non houbo unha rectificación neste Parlamento, pois penso que seguirá a pensar o mesmo.

No BNG, loxicamente, non pensamos iso; nós cremos que, ademais do aumento das temperaturas provocado polo quecemento global e polo cambio climático, que favoreceron as condicións para a propagación dos incendios forestais, unha das principais razóns polas cales se producen os incendios é polo abandono das zonas de cultivo. E isto provocou que as terras, anteriormente elaboradas e coidadas, se convertesen en biomasa sen control, sendo o combustible natural para o lume. Os lumes son capaces de avanzar polo territorio, entre outras cuestións porque existe continuidade de combustible, co cal, oxalá falásemos de que Galiza fose un mosaico do territorio. Manter os cultivos labrados serviría para previr o propio cultivo de verse afectado polo lume forestal, e crearía esas oportunidades de control dos incendios, é dicir, as áreas —volvo insistir— de descontinuidade do combustible.

En novembro do ano 2008, o Banco de Terras, proposto pola Consellería liderada polo BNG, quería provocar un cambio estrutural, precisamente, no aproveitamento das terras, e logra-



ron rescatar do abandono moitas leiras non cultivadas. A proposta era aumentar a superficie agraria útil do 25 ao 50 por cento do territorio. A Xunta do PP ignorou esta proposta, até que, no ano 2021, aí si promoveron a Lei de recuperación da terra agraria de Galiza, pero sen moito efecto, xa que segue a ser a comunidade de todo o Estado coa menor superficie agraria útil —coa menor SAU—, e co risco de que unha parte das terras ocupadas polas explotacións pasen a estar ocupadas polo eucalipto, que é a realidade que temos agora mesmo. E seguimos a ser, segundo un Informe de 2024 sobre a estrutura do solo rústico de España, a autonomía do Estado español con máis superficie agraria abandonada, é dicir, con máis dun 35 por cento que se atopa sen traballar. Polo tanto, a falta de control da biomasa, xunto cos monocultivos mal xestionados —esta parte tamén é importante— son os principais problemas dos lumes galegos, cando —como ben sabemos todos— en Galiza a masa forestal representa máis do 60 por cento do territorio galego, sendo moi superior á media do Estado español e á media de Europa, que representan ambas, máis ou menos, o 38 por cento. Entón, falar de que en Galiza temos o 50 por cento da madeira cortada de todo o Estado é unha correlación ben doada de facer.

A importancia do monte en Galiza é indiscutible. Mais, no noso monte, nos últimos cincuenta anos, pasamos de ter 131.000 hectáreas de eucalipto, en 1973, a ter 413.086 hectáreas, en 2023; na falta de datos de 2024 —sobre os cales, xa lles digo que menores non van ser—, isto é o que hai. E vólvolles entón lembrar —pois, por insistir, xa lles digo que non sexa— que o Plan forestal galego, publicado en 1992, permitía un máximo de 245.000 hectáreas de eucalipto para o 2032. Como ven, as cifras están claramente superadas. É urxente, entón, que se produza a redución gradual da presenza do eucalipto, sobre todo nas terras agrarias forestadas ilegalmente —que as hai—, nas zonas de ribeira, nas de protección das infraestruturas, nas das costas, así como que é unha especie que non debería de estar, en ningún caso, nos espazos naturais protexidos. Galiza, entón, necesita un verdadeiro uso multifuncional dos montes, non só produtivo, e tamén necesita esa industria forestal potente, diversificada, sostible e respectuosa coa nosa idiosincrasia, e non unha industria soamente baseada no eucalipto, de mala calidade, como pretenden vostedes con Altri.

E ademais do exposto, parece imprescindible reducir, ao máximo, a incidencia dos incendios provocados intencionalmente ou por negligencias, e aqueles que teñen como causa unha inadecuada xestión da biomasa forestal. E aquí temos que falar do persoal, e a Consellería do Medio Rural, por moito que intente dicir o contrario, segue apostando pola extinción fronte á prevención. Un exemplo disto é que tan só contan con quince membros da escala de axentes medioambientais, que forman parte da Unidade de investigación de incendios forestais —a Uifo—, con dedicación exclusiva á investigación de incendios forestais, cando debería de haber, polo menos —e era un compromiso que tiñan despois da vaga dos lumes do ano 2017— tres prazas novas de nova creación en cada distrito forestal; en total, 57 prazas con dedicación exclusiva, como as dos axentes investigadores da Uifo. E hoxe en día está sobradamente demostrado que a creación desta unidade especializada está dando os seus resultados, e na Consellería fan fachenda tamén ben disto. Tamén teñen pendente dotar con persoal a Unidade de directores de extinción, que sería unha unidade que se adaptaría, no momento actual, ao tipo de lumes que hai agora mesmo, xa que teñen maior velocidade de propagación e maior virulencia, o que os fai —como sabemos todos— moito máis perigosos para as persoas e os bens materiais. E se continuamos cos datos que inflaron, pois —recor-



den — 7.000 efectivos, dos cales só 3.000 son da Consellería; entón, 4.000 efectivos son, sobre todo, da Administración local. E, entón, aquí deberíannos de dar unha explicación de por que pasamos de 263 brigadas municipais, en 2016, a 151, en 2023; na falta de datos do ano 2024 e da previsión do ano 2025, a caída aí é ben evidente.

E para finalizar, quero dicir que a Consellería aposta pola extinción. E non só o di o BNG, senón que tamén o manifesta, por exemplo, o Tribunal de Contas Europeo, que sinala que máis de dous terzos do financiamento rural europeo destinado a catástrofes é dirixido en Galiza a incendios. E lamenta, por exemplo, que os cortalumes non reciben o mantemento que deberan e prometeran.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: E remato xa co que pediu este Tribunal Europeo tamén, que é que se asegurasen as autoridades de que non se financiasen as plantacións de eucalipto nin no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia nin no do Feader, xa que son propensas aos incendios.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: E, de momento, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Conde.

O señor RODRÍGUEZ CONDE: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Quero empezar a miña intervención volvendo dicir algo que xa teño dito neste Pleno, e así o penso no día de hoxe. Teño o convencemento señorías, de que a loita contra o lume en Galicia vai polo bo camiño, pois, non hai nada máis que ver onde estabamos e onde nos atopamos, no día de hoxe. E aportarei datos e feitos, señorías, sabendo que aínda queda moito por facer —sabémolo—; temos que ter claro que a preparación e estar preparados para o que poida vir é a maior das solucións que podemos adoptar; para isto, pido consenso e unidade a todas as formacións políticas, algo que é clave para facer fronte a todos os desafíos que poidamos ter neste eido.

Imos agora falar xa da propia moción, imos falar da prevención. Como sempre acostumo dicir, «unha boa prevención é a anticipación da extinción». E aquí podemos resaltar, dentro doutras medidas que se están a facer na propia Consellería do Medio Rural, a ampliación a 5,4 millóns de euros en axudas para previr os danos causados por incendios e por desastres naturais en montes de agrupacións forestais de xestión conxunta, así como en montes veciñais en man común. Estas accións subvencionadas céntranse fundamentalmente no control da biomasa en áreas de devasa e en faixas auxiliares de pista, buscando reducir a carga



de combustible presente no monte e en establecer zonas de discontinuidade horizontal e vertical —que vostedes mencionaban continuamente na súa intervención—.

Permítanme tamén que fale do Programa europeo Use 4 Forest, no cal a Dirección Xeral de Defensa do Monte participa como beneficiario principal. Este propón unha estratexia para a prevención de incendios mediante a mellora dos espazos forestais. A través do Proxecto, preténdese desenvolver unha ferramenta que permita coñecer o risco de incendios nas provincias de Ourense e de Pontevedra, e determinar cales son as áreas estratéxicas en que propor estratexias preventivas que contribúan para diminuír o número de lumes e tamén, en todo o caso, a superficie queimada se se producise un lume. Tamén, como novidade, no Pladiga —e así o reflicte vostede, señora Dacosta, na súa propia iniciativa escrita— aparecen os traballos preventivos mediante a contratación pública, en que aparece unha relación detallada das obras licitadas e que se licitarán durante este ano por cada distrito forestal, e que corresponden ás actuacións preventivas estratéxicas nas faixas terciarias da xestión da biomasa. A señora Dacosta tamén falaba dos mapas de combustible; estes mapas de combustible forestal serán un dos produtos resultantes do Inventario forestal continuo de Galicia, froito da integración de datos recollidos, tanto a nivel de campo como a través de fontes de teledetección, permitindo caracterizar con detalle a estrutura da vexetación e a dispoñibilidade da biomasa en Galicia.

Continuando coa súa estrutura da moción, a Xunta de Galicia promove tamén, anualmente, a realización de charlas dirixidas especialmente aos escolares das contornas rurais para concienciar do risco que supoñen os incendios forestais e as perdas económicas, ecolóxicas e culturais que carrexan (*Aplausos.*) —grazas—. (*Aplausos.*) Contamos tamén cun programa de formación para a poboación rural, que busca a concienciación da veciñanza. E este ano podemos dicir que, como novidade, e dirixido aos máis pequenos, cóntase cun novo material divulgativo, coa publicación de «Os Bolechas», *Os incendios forestais*.

En canto ao mapa de riscos, voules facer referencia ao Peifoga e ao Pladiga. O Plan especial de protección civil para as emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia inclúe un mapa de risco potencial de incendios forestais e, a maiores, e para que así a información non quede obsoleta, no Pladiga actualízanse anualmente a listaxe e o mapa de parroquias de alta actividade incendiaria. Estoume a referir a aquelas zonas incluídas como «de alto risco» que, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisan de medidas extraordinarias de prevención e de protección fronte aos lumes. Así que —como ven—, o mapeo das zonas conflitivas realízase anualmente para poder establecer os mecanismos máis adecuados na loita contra os incendios forestais.

Cando na súa iniciativa fala de actualizar o dispositivo, vaime permitir que lle expoña varios puntos: primeiro, nunca o Servizo foi tan único. Este Goberno emendou, por exemplo, a súa catastrófica xestión conxelada e integrou na Xunta de Galicia as brigadas que vostedes crearon alí cando gobernaban —cando gobernaban—. Xa sabemos cal é o seu modelo de contratación en empresas públicas, pois, se non, haberá que facerlle unha chamada ao exministro Ábalos. (*Aplausos.*)

Segundo, nunca o Servizo foi tan estable. Este Goberno ampliou de tres a seis meses e de seis a nove meses o tempo de traballo do seu persoal fixo-descontinuo, o cal representa un



terzo do total. Ademais, completouse a funcionarización dos dous terzos do persoal laboral, ao redor de mil quiñentos profesionais; deles, aproximadamente a metade traballaba nove meses e pasaron a desenvolver a súa actividade durante todo o ano. En resumo, dous terzos do persoal está todo o ano e un terzo, para o ano que vén, estará nove meses, é dicir, practicamente todo o ano.

Terceiro, nunca o Servizo estivo tan profesionalizado mediante, por exemplo, unha clara aposta pola formación teórica e práctica do seu persoal. Xa teño feito a invitación —vólvoa facer hoxe aquí— a todos os deputados, pero, en especial, aos deputados que somos os que sempre debatemos sobre estes temas; invito a que falen co persoal, co operativo do Servizo de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia, e que lle pregunten que formación lle están impartindo, se é superior e se é de gran calidade. E para iso tamén temos que falar das centrais sindicais, que tamén poden recorrer a eles para saber se están ou non están debidamente contentos coa formación que lles están impartindo aos nosos bombeiros forestais.

Non me podo esquecer do centro de formación de referencia non só en Galicia, senón tamén en España e fóra dela, o CILL, de Toén, un centro de formación no cal se están formando todos os bombeiros e os profesionais do dispositivo de Galicia, pero tamén de fóra de Galicia. O ano pasado —podemos dicir—, estiveron bombeiros de Estonia nese centro de formación, formándose, e este ano volverán doutros países tamén para formarse. ¡É un éxito!

E cuarto, nunca o Servizo estivo tan equipado cun reforzo de medios e de materiais, como son os últimos equipos de protección individual, os vehículos das brigadas, as motobombas ou a rede de bases que sitúan o Servizo como un dos mellores do país.

Moi ben, non quero rematar a miña intervención, sen trasladar, dende o Grupo Parlamentario Popular, o noso apoio e agradecemento ao traballo e á implicación de todos e cada un dos efectivos deste servizo, así como de todo o operativo que vela durante todo o ano polos nosos montes. *(Aplausos.)* E, en especial, agora que empeza, o mes de xullo, esa época de alto risco para os nosos montes. Así que nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Teño pouco tempo para responder ao portavoz do Partido Popular, pero, ben, unha das cousas que dicía é que eu falase co operativo. Eu falo co operativo e ben o sabe vostede. E que falase tamén coas centrais sindicais, que están moi contentas con vostedes.

¡Bueno!, pois, traio unha noticia de hoxe: *(A señora Rodríguez Dacosta le un treito dunha nova.)* «Un sindicato alerta de que Galicia afronta o alto risco de incendios sen cubrir a totalidade



das prazas estruturais». Isto o di un sindicato, ¿eh?!, non o di o Grupo Parlamentario Socialista. E están ben informados. Entón, para que vexa que falamos con eles; de feito, na semana pasada o director xeral comparecía para presentar o Pladiga, e ben puido comprobar que o Grupo Socialista está en contacto permanente co Servizo de prevención de incendios forestais.

E falaba do Inventario forestal. É que mire, vostedes prometeron o Inventario forestal no ano 2020 e publicaron os datos provisionais no ano 2023; ligaron todo a este inventario forestal e resulta que non temos máis datos. Os pregos de ordenación de recursos forestais, ligámoslos ao Plan forestal; o Peifoga, ligámolo ao Plan forestal. E resulta que o Inventario forestal non sabemos nada máis del. Pois a ver, ¿esa é a xestión que realiza a Consellería do Medio Rural? Pois fraco favor nos está a facer.

E falaba vostede de Ábalos e da contratación pública. Eu creo que debe vostede dirixirse directamente a un senador; un senador que se chama Baltar, e igual el lle explica (*Aplausos.*) como facía as contratacións en Ourense a Deputación de Ourense; esa maneira que ten o Partido Popular de gobernar. ¡Si!, señor Rodríguez Conde. (*Aplausos.*)

E, mire, as socialistas lamentamos, unha vez máis, ter que escoitar unha intervención centrada na autocompracencia — «todo vai ben» —, cando están en xogo os bens das persoas, as vidas das persoas e o propio territorio.

Vostedes escollen oporse a unha moción que, con cinco medidas concretas e viables, busca dar resposta a unha realidade; e vostede prefere votar en contra. Os expertos falaban destas medidas, señor Rodríguez Conde. E vostede obvia o Ditame dos expertos. Eu sei que sabe disto porque vostede é membro do Servizo de prevención de incendios forestais, sobre o que, por certo, eu sempre alabei a función do Servizo de prevención; o que non alabo é a política que está empregando a Consellería do Medio Rural; esta consellaría, a pasada e a pasada. (*Aplausos.*) E tam pouco alabo que o Ditame dos expertos, votado polo Partido Popular e polo Partido Socialista de Galicia... ¿Sabe por que votamos ese ditame positivamente? Votabámolo positivamente porque criamos que a política forestal ía cambiar. Demos o voto de confianza ao Partido Popular, e isto é o que recibimos: negativas tras negativas. E este verán, esperemos que non arda.

O Grupo Socialista espera que non haxa incendios, pero vostedes terán que explicar por que non aprobaron estas medidas positivas e que se poden realizar, señor Conde.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ariadna Fernández González.



Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que non foi aceptada.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González, sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista... ¿Perdón?... (Murmurios.) A ver, ¿que pasou? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Ah!, quedaron sen votar. ¿E cantos son? Un, dous, tres. Non, ¿dous? Entón son 39 votos en contra; consecuentemente, incrementen dous máis aos que votaron.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Eh? Incrementen dous máis; hai que lle incrementar aos que votaron porque eses non contabilizaron.

Bueno, votamos a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.

Non se presentaron emendas.

(A señora Presas Bergantiños solicita a palabra.)

¿Si, señora Presas?

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, dean voz ao...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: *Si, quería solicitar a votación separada do primeiro punto, que fai referencia a unha resolución do Parlamento galego, do resto da moción.*

O señor PRESIDENTE: *Grazas.*

Pois votamos, en primeiro lugar, o punto número 1 da moción.

Votamos.



Votación do punto número 1 da Moción do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto número 1 desta moción.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? ¿Segue sen funcionarlle? Bueno, pois entón son 72 e 39 votos en contra; polo tanto queda rexeitado este punto.

E votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votamos.

Votación dos demais puntos da Moción do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os demais puntos desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións, e continuamos co punto quinto da orde do día; é dicir, coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar os trámites para reclamar a transferencia das competencias en materia de autorización inicial de traballo por conta propia ou allea das persoas estranxeiras cuxa relación laboral se desenvolva en Galicia.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a promover a inmediata convocatoria da Comisión Mixta para analizar a transferencia de competencias e facultades, cando menos, en materia de:

- Formulación, deseño e implementación de políticas propias en inmigración e emigración, interior e exterior.

- Titularidade da AP-9 e AP-53.

- Museos, arquivos e bibliotecas estatais.

- Xestión do Ingreso mínimo vital.

- Cesión de titularidade dos inmóbeis da Seguridade Social.

- Traspaso das bolsas e axudas ao estudo.

- Inspección de Traballo.

- Servizos meteorolóxicos.

- Ordenación do sector pesqueiro e investigación oceanográfica.

- Expedición de titulacións da Mariña Mercante.

- Inspección e vixilancia pesqueira.

- Competencias de execución e xestión en materia de persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

- Competencias e materia de reclamacións económico-administrativas.

- Sanidade penitenciaria.»)



(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noelia Pérez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Autoemenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar os trámites para reclamar o traspaso das competencias executivas en materia das autorizacións iniciais de traballo das persoas migrantes, para poder habilitar un proceso que reduza os prazos para obter esta documentación.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Señorías, cando un presidente está máis preocupado en protexerse a si mesmo, en protexer os que están a roubar aos españois, desde dentro do seu partido e desde dentro do seu goberno, e está máis preocupado por tapar escándalos do que en gobernar, non pode sorprendernos que o país funcione mal; e iso é xusto o que está a acontecer en España nestes momentos.

Mentres Pedro Sánchez escribe un novo capítulo do seu *Manual de resistencia*, e trata de resistir á verdade, trata de resistir á Xustiza e resístese a asumir as responsabilidades, agochando a corrupción unicamente para manterse no poder. Resiste, resiste e resiste, e mentres todo isto acontece, os problemas reais —os de verdade— dos cidadáns medran, medran e medran.

Mentres a trama de corrupción socialista se expande e o señor Sánchez se dedica a blindarse a si mesmo e a medio Partido Socialista, o prezo da vivenda está disparado; os agricultores, afogados; o transporte ferroviario en Galicia, feito un desastre; nada novo hai sobre o financiamento autonómico nin sobre o financiamento local; pero si están os aberrantes pactos, os aberrantes cupos e a condonación da débeda de Cataluña, que é inxusta, insolidaria, ineficiente e ilegal —señorías— co ordenamento xurídico actual. Os autónomos, afogados cada vez máis; o absentismo laboral, disparado, no cal, España é líder: 1.250.000 persoas faltan, cada día, ao seu posto de traballo. Hai un Goberno ausente, mentres case a metade das empresas ten dificultades, no noso país, para cubrir as súas vacantes.

E outro síntoma máis dun Goberno desconectado da realidade é o colapso administrativo no acceso aos permisos de traballo para as persoas migrantes. Non é unha opinión subxectiva, (A señora Pérez López mostra unha nova xornalística.) é unha realidade: «Folga por falta de persoal en Estranxeiría e atasco de trámites en Ourense, en toda Galicia e en toda España». (Aplausos.)



Señorías, os trámites para que unha persoa poida vir traballar a Galicia seguen atascados meses e meses: atrasos nos permisos de traballo; non se resolven as solicitudes de residencia; non se reforzan os servizos públicos e, por tanto, as demandas do tecido produtivo están sen atender, porque están a outra cousa, señorías do Partido Socialista. O Partido Socialista está a outra cousa.

O señor Sánchez, nestes momentos, está a facerse pasar pola «Virxe dos Inocentes». Despois de sete anos, man a man con Ábalos, con Cerdán e con Koldo, é un insulto o que están facendo aos cidadáns. E coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego están intentando branquearse, montando campañas de imaxe de todo tipo para facerse pasar por defensores da xustiza social: «*que si pacto con la OTAN para no tener que subirles los impuestos a los españoles*». Pero se o acaban de desmentir hoxe á mañá; se hoxe xa dixo o comisario que «*no hay ningún acuerdo paralelo*». Pois quérense facer pasar tamén por defensores da democracia e aparentar que loitan pola igualdade. ¡Todo mentira!

Esta mañá montaron aquí unha *performance* neste Parlamento, señora Castro: «*feminismo de salón*»; unha *performance* nesta Cámara, (*Aplausos.*) pero, por desgraza, a igualdade que vostede di defender (*Aplausos.*) —a igualdade que vostede di defender—, desa igualdade non hai nin rastro. ¿Sabe por que non hai nin rastro? Porque estamos vendo que con cartos públicos están pagando clubs de alterne, comisionistas en coche oficial a camiño de prostíbulos e mulleres tratadas como mercadoría. Iso é o Partido Socialista, no día de hoxe. Mulleres escollidas por catálogo coma se fosen calquera produto de calquera escaparate. Si, señoría, si, esa é a hipocrisía da esquerda galega e da esquerda española, da esquerda actual. A hipocrisía de facerse unha foto o día do 8M e, despois, pagar festas con prostitutas co diñeiro de todos os españois e co diñeiro de todos os galegos. (*Aplausos.*)

E aínda así, señor Seara —aínda así—, vostedes seguen apoiando o señor Sánchez. Eu preguntolle, señor Seara —que se alporiza agora todo—: ¿cando van romper con el?; ¿cando vai o Bloque Nacionalista Galego romper con el? Porque vostedes son cómplices —non se ría— de seguir financiando esa indecencia. (*Aplausos.*)

E mentres todo isto está a acontecer —mentres todo isto está a acontecer—, Galicia está a esperar: a esperar, señorías, a que Madrid funcione; a esperar a que o Ministerio reaccione; e a esperar a que alguén se acorde de que hai empresas, de que hai sectores produtivos, de que hai persoas migrantes e administracións que non poden seguir paradas nin seguir esperando.

Polo tanto, o que pedimos hoxe non é nin máis nin menos que o que xa deron a outras comunidades. Cataluña ten estas competencias en materia de permisos de traballo para as persoas migrantes e Euskadi tamén as terá a partir do día 1 de xullo. Se para eles é posible, para Galicia tamén, porque temos os mesmos dereitos, a pesar de que o señor Sánchez reparta favores para quen lle vota investiduras ou para quen lle serve de muleta política.

E, desde logo, en Galicia temos moitas máis razóns: o desafío demográfico, as zonas rurais que se van baleirar cada vez máis, por decisións do Goberno do Partido Socialista. Podemos falar da supresión de paradas do tren na Gudiña, de pechar cuarteis da Garda Civil ou de eli-



minar paradas de autobús. Temos sectores estratéxicos necesitados de man de obra e temos empresas que precisan incorporar persoal con urxencia. Nestes momentos non hai ningún argumento técnico —¡ningún!— que xustifique que estas competencias queden en Madrid e moito menos, no día de hoxe, cun goberno que está colapsado, desaparecido ou directamente distraído noutras cuestións máis turbias.

Polo tanto, o que traemos hoxe non é ningunha ocorrencia, é unha necesidade urxente para Galicia, porque mentres vostedes xogan coas cadeiras da Moncloa —e cando digo «vostede» refírome aos dous: á bancada da esquerda; uns por acción e outros por omisión—, aquí traballamos, señorías. Mentres o Partido Socialista está a esperar a ver quen se salva ou a ver quen máis cae nesta trama de corrupción —por certo, sumamos o señor Bolaños esta mañá—, nós estamos ocupados en cubrir vacantes laborais en sectores estratéxicos como a agricultura, a hostalaría, a pesca ou a construción, que precisan da resposta urxente das administracións.

Por iso, a iniciativa de hoxe é por que Galicia non pode seguir presa nin da incompetencia, nin do desprezo político, nin da indecencia que hoxe campá polo Goberno de España. Polo tanto, señorías, en Galicia temos dereito a poñer orde nisto, temos capacidade, temos experiencia e temos urxencia, porque nestes momentos hai empresas galegas que se están vendo obrigadas a rexeitar contratos de traballo porque non atopan traballadores.

E esta proposta do Partido Popular vainos permitir xestionar directamente as autorizacións iniciais de traballo en Galicia, sen colapsos, sen atrasos e sen o Goberno de Sánchez polo medio. Poderemos acreditar a experiencia profesional de quen vén a Galicia, deseñar formacións á medida e facer contratacións en orixe con garantías.

E todo iso cun modelo seguro, cun modelo legal e cun modelo ordenado, como facemos as cousas en Galicia e como Galicia e os galegos precisan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta,

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Pensaba que íamos falar de emigrantes e dos problemas de permisos de traballo e de residencia, pero non.

Veu vostede, señora Pérez, facer a peor política de confrontación neste Parlamento. Está vostede..., e está o Grupo Parlamentario Popular para dar conta da corrupción, cando ten case trinta causas pendentes. Son os que martelaban nos discos duros e os formataban 35 veces. E que unha deputada de Ourense, que coñece ben —¿verdade, señor portavoz do Bloque Nacionalista Galego?— a Baltar pai e a Baltar fillo, e fala de coches oficiais —coches oficiais—, (*Murmurios.*) que van de Ourense a Madrid a 215 quilómetros por hora. O Baltar pai, condenado, o Baltar fillo condenado. E vostede —creo— non debería de ser a máis adecuada para falar desta situación.



As socialistas temos tolerancia cero, señora Pérez —que falaba tamén de mulleres— cos homes que recorren á prostitución. Vostedes, paréceme que, cando ían ao Congreso, e o Partido Socialista levaba unha iniciativa, unha proposición de lei para abolir a prostitución, votaron que non. A ver se, en setembro, cando se volva levar esta lei, vostede fala co Grupo do Congreso e votan que si; a ver ese compromiso das mulleres do Partido Popular.

É que falou de tantas cousas, menos do que tocaba falar. ¡Ah, si! Falaba tamén das baixas dos traballadores. Os traballadores parece que non traballan e que collen baixas porque non queren traballar. Pero, mire vostede non falou das listas de espera en atención primaria, senón que sempre os traballadores son os malos, pero xa o fai o conselleiro do Medio Rural, é dicir, penalizar sempre os traballadores e as traballadoras. ¿Por que non se preocupa a señora Pérez...? —estou falando con vostede, pero non lle importa; vou falar para este lado—; (Risos.) ¿por que non lle preocupa ao Partido Popular, á deputada de Ourense, o que sucede coas traballadoras do comercio e da alimentación, que están cobrando por debaixo do salario mínimo interprofesional?; ¿por que non lle importa a esta deputada? Pois non lle importa. Resulta que o que quere é facer un bo vídeo sobre a corrupción. Pero, ¡bueno!, saben bastante diso os do Partido Popular.

Entrando en materia, pedía vostede as transferencias en materia de permisos de traballo de residencia. Nós presentamos unha emenda porque, obviamente, non se poden transferir as competencias en materia de permisos de residencia. Simplemente, lendo o artigo 149.1 da Constitución española, xa se ve que é competencia exclusiva do Estado. É certo que despois nos presentaron, posteriormente, unha emenda que dicía basicamente o mesmo ca nós —polo menos, copian ben; agradecémolo—.

E teño que dicir que vostedes se acordan de Santa Bárbara cando chove ou cando lles explota diante das mans a evidencia da súa propia inacción, señora Pérez, porque esta iniciativa non nace dunha preocupación real pola emigración, para nada —nada—, nin nace pola integración das persoas migrantes, nin pola defensa dos seus dereitos. Esta iniciativa nace simple e llanamente da preocupación que teñen agora, de súpeto, pola escaseza de man de obra; un problema que nós, o Grupo Parlamentario Socialista, leva anos denunciando e que vostedes, ata hai catro días, negaban. Chegan tarde, mal e a rastro, como sempre, pero aínda que cheguen tarde, votaremos que si, porque esta demanda é lexítima e porque Galicia precisa das ferramentas para responder a unha realidade que leva tempo manifestándose con claridade.

Xa lle dicía que hai dez anos que alertamos desta situación, da falta de traballadores. O conselleiro de Emprego recoñecía a finais de xaneiro, caía do cabalo e a situación é moi grave. A patronal da Coruña, da Apecco, estima que se precisan uns 8.000 postos de traballo para cubrir as xubilacións na construción; en Pontevedra están directamente paradas obras pola falta de profesionais; e a Asime, no sector do metal, alerta dunha carencia grave tamén de profesionais. E vostedes levan sen facer nada ata agora. Por iso, hoxe permítame que lle diga que esta proposta só é máis un lavado de cara que a vontade real de asumir competencias con rigor, porque para reclamar transferencias hai que acreditar capacidade, planificación e vontade política, e vostedes nada diso amosaron ata agora.

Non sei se coñece o novo Regulamento de estranxeiría, que si axiliza os prazos. Pero a pregunta é: ¿que fixo a Xunta nestes anos? Mentres o Estado, ese Estado de que vostede falaba,



avanza en regularizacións..., mentres se reformula normativa para facilitar a incorporación ao mercado laboral de persoas migrantes..., pois aquí seguimos sen unha política pública de emprego digna deste nome. Seguimos sen política de emprego, sen planificación formativa, sen servizos públicos fortes...

E, se queren falar da emigración, pois falemos tamén, señora Pérez, dos dereitos, dos permisos, falemos da integración, falemos da dignidade laboral e dos servizos públicos. A emigración non é un recurso que se activa só cando hai escaseza de man de obra, senón que é unha realidade humana, social e económica, que exige visión, compromiso e respecto. Si que creo que é unha demanda útil e coherente coa nosa realidade económica, social e estatutaria. Pero imos denunciar nesta sesión plenaria o oportunismo político do Partido Popular que, tras dezasete anos no Goberno autonómico, non fixo absolutamente nada por avanzar no autogoberno e agora, de súpeto, reclama esta competencia, como se fosen pioneiros na causa. Poñen a bandeira galega, sempre con oportunismo, cando hai escasas semanas o señor Rueda e moitos acólitos do Partido Popular de Galicia estiveron na praza de España, en Madrid, rodeados de moitas bandeiras españolas, escoitando e aplaudindo a señora Ayuso, que dixo sen ruborizarse que non se pode dar por normal o que non é normal. Decía: «...porque somos unha nación; non somos unha nación plurinacional»; iso é o que dicía a señora Ayuso.

O Partido Socialista de Galicia sempre defenderá o autogoberno e a raíz galega sen complexos, con orgullo e con compromiso co noso país. Pero facémolo dende unha visión máis ampla: unha Galicia que medra no marco da Constitución. Era para comparar —lembre vostede— a etapa do verdadeiro esplendor do autogoberno en Galicia, é dicir, o Goberno progresista presidido por Emilio Pérez Touriño, entre 2005 e 2009. Durante este tempo, Galicia vivía a etapa máis ambiciosa e frutífera en materia de autogoberno, dende a aprobación do Estatuto. E nesa lexislatura, señora Pérez, conseguíuse a transferencia de competencias fundamentais, como as políticas activas de emprego, os medios materiais e humanos da sanidade penitenciaria, a xestión do litoral, a inspección pesqueira, a xestión das bolsas educativas, a xestión do litoral —obviamente en parte— ou o tráfico e a seguridade viaria, entre outras.

Pero non só foi cuestión de cantidade, senón que tamén foi cuestión de calidade. Foron transferencias ben negociadas, ben xestionadas e que permitían desenvolver políticas propias galegas adaptadas ao noso territorio e á nosa xente. Isto é o que interesa á xente: esa maneira de gobernar. Vostedes son máis de anónimos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: É a primeira vez que acertan no día de hoxe.

Á mañá fun Fernández, agora son Seara. (*Risos.*) Foi falar de pactos aberrantes e trasladouse ao Concello de Ourense. (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro fala entre risos.*) Aí lle falla o subcons-



ciente, señora Pérez. (Aplausos.) (O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.) Non, pero á mañá fun Fernández Piñeiro, agora, Seara...

O señor PRESIDENTE: Iso é frecuente, ¡home!

O señor TABARÉS PÉREZ PIÑEIRO: ¡Non!, pero hai cousas peores (O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.) —hai cousas peores—, créame.

Boa tarde.

A verdade é que chama poderosamente a atención que, despois de dezaseis anos sen ningunha transferencia..., despois de dezasete anos só cunha transferencia.. Somos das penúltimas comunidades, xunto coa Rioxa e Castela-A Mancha, e agora vostedes teñen un furor soberanista que xa nos gustaría e o veríamos así con satisfacción e con optimismo, se fose sincero; pero, realmente, o que vemos é que simplemente estas solicitudes de transferencias —dúas, en sete días— son puramente cosméticas.

Na pasada Comisión 1ª, hai menos de sete días, o mércores pasado, votamos a favor da transferencia dos heliportos e aeródromos. Xa dicíamos daquela que tiñamos a impresión de que era simplemente para unha nota de prensa, e a verdade é que moito non errabamos. Antes de que rematase a Comisión, xa unha voceira do Partido Popular dicía que non lle constaba que a Xunta de Galiza tivese ningún traballo previo e ningún estudo previo sobre a solicitude de transferencia. Votamos a favor, a pesar diso, e presentamos unha emenda á que vostedes —¡como non!— votaron «non»; unha emenda en que propuñamos a transferencia que cómpre negociar, convocar a Comisión Mixta e negociar un paquete de transferencias de verdade, pedir autogoberno —e non de nota de prensa a nota de prensa, senón un paquete de transferencias de verdade—, pedir que se retomase a negociación de competencias que xa estaban estudadas e negociadas, en mans do Goberno do Estado, en 2007.

E, mire, entre as competencias, que vostedes paralizaron, estaba a da emigración e inmigración. Por tanto, se está en mans dese Goberno, tamén aberrante, do Estado, a responsabilidade é súa, porque no ano 2007 esta mesma competencia xa estaba negociándose; esta mesma competencia que, por certo, votaron que non ou non admitiron a nosa emenda, hai apenas sete días.

Tamén pediamos que, nese paquete de transferencias que cómpre negociar, fosen aquelas materias sobre as cales xa existía un acordo deste Parlamento. Hai materias xa reclamadas por este Parlamento en acordos normalmente adoptados por unanimidade. E tamén na nosa emenda plantexabamos que solicitasen a transferencia das competencias contempladas no Estatuto de 1981, e aínda pendentes de desenvolvemento, pero vostedes votaron —como diría Nino— «non».

E a nosa consideración, a nosa emenda, partía de tres premisas: que entendemos que a xestión dende Galiza é beneficiosa para os galegos e para as galegas, que permitirá unha xestión máis eficiente dos recursos públicos, e que será garantía dun maior acerto nas resolucións. Esa frase, que —como lle explicabamos— podía ser de calquera do Bloque Nacionalista Ga-



lego, non é de ninguén do Bloque Nacionalista Galego, senón que é do presidente da Xunta e do ministro de Política Territorial; foi unha frase pronunciada no acto de sinatura da xestión da transferencia do litoral. E —como lle explicabamos—, ¿por que sabemos que esa frase foi pronunciada nese acto? Porque estabamos nese acto e porque estabamos atentas, e como estabamos atentas e estabamos nese acto, por moito que vostedes e a Televisión de Galiza queiran ocultar a presenza institucional do Bloque Nacionalista Galego, o Bloque Nacionalista Galego está e, cada vez, en máis número. *(Aplausos.)*

E nese mesmo acto, o ministro tamén trasladaba á disposición do Goberno do Estado afondar en negociacións para o traspaso de novas competencias e facultades. E toda esa emenda que vostedes non admitiron e votaron en contra. Pois ben, nós somos tenaces; nós seguimos e facemos outro intento, no día de hoxe, e presentamos unha emenda cunha tripla finalidade.

A primeira, incrementar o autogoberno, polas razóns que —penso— partillamos —polo menos partillamos— co presidente da Xunta, ao menos, teoricamente.

Despois, tamén para examinar a súa coherencia; unha coherencia que demostran, cada día, que é máis escasa. Diciámolo na Comisión e reiterámolo no día de hoxe: estamos fartas de frases ocas; estamos fartas de loitar contra a violencia machista e de que vostedes, por meses, agochen unha denuncia por agresión sexual. ¿E agochárona ata cando? Ata cando puideron. E como xa estaba á disposición xudicial, non podían seguir protexendo máis. De todas as maneiras, seguimos agardando por unha frase de apoio á vítima, por unha frase de apoio á denunciante. *(Aplausos.)* Tamén estamos fartas da expresión que repetiron varias veces no día de hoxe; esa de «tolerancia cero coa corrupción» —¡tolerancia cero coa corrupción!—, pero vostedes traballan para impedir unha investigación, tanto en vía xudicial —que é aínda máis grave— como tamén neste Parlamento de Galiza. Como vostedes —e hoxe fixo unha boa referencia—, despois de escoitar uns audios, nos cales se fala de pagamentos en b, nos cales se fala de financiamento ilegal, nos cales se fala de dar un pau ao grande..., vostedes fan esa persoa alcalde; vostedes seguen adxudicando, por millóns de euros, empresas que, noutros audios —neste caso, relacionados coa familia Baltar— falan de que dan comisións beneficiosas. ¡Falan de corrupción o!, pero, despois, ¿a favor de que están? Da corrupción 10.

Vostedes falan de loitar contra os aforamentos, pero, neste momento, aquí hai xente que se beneficiou deses aforamentos no pasado e —penso— no presente. É máis, vostedes fixeron senadora unha persoa imputada para aforala no Senado, para aforala no Tribunal Supremo; é dicir, o que está mal en Estremadura, para este Parlamento de Galiza debe de estar bastante ben.

E por último —perdón—, nós pedímoslles coherencia porque imaxino que xa se deron conta de que na nosa emenda presentamos un paquete competencial, que é o que levaban vostedes no programa electoral de 2024, que é substancialmente idéntico ao cal levaban en 2020, en 2016, en 2013, en 2012 e en 2009. Por coherencia, agardamos que non defrauden a cidadanía e que cumpran —neste caso si— os seus compromisos electorais. Hai unha competencia máis —hai unha competencia máis— que non levaban no seu programa electoral, que é a competencia en materia de emigración e inmigración.



Mire, señora Pérez, eu creo que estou tratando de ser delicado —o que non merece menos—, pero creo que esta iniciativa se pode cualificar de «mesquiña». E, ¿por que? Porque vostedes falan das persoas estranxeiras, mais só como traballadoras, mais só como mans de obra, ¡mais só como mans de obra! —repase a súa iniciativa— necesarias para as empresas, esquecendo por completo que son persoas; que son persoas, en moitos casos, en situación de vulnerabilidade e que por xustiza social, por humanidade, mesmo, por historia do noso pobo, debemos atender. E son persoas que teñen problemas porque sofren peores condicións laborais, maior temporalidade que calquera outra persoa nacional ou que calquera outra persoa de Galiza. Existe unha brecha salarial aproximadamente de dez mil euros ao ano; e esa é unha cuestión que temos que atender, non só preocuparnos —que tamén— das autorizacións de traballo. Sofren peores condicións de acceso á vivenda; sofren peores condicións porque, ou ben non conseguen alugueiros, ou ben os conseguen en peores condicións que calquera outra persoa de Galiza. De feito, a sobreocupación na súa vivenda é dun 23 por cento, dezasete puntos máis que na media do Estado.

Por iso, agora, como tamén foi en 2007, nós falamos dunha competencia que non só sexan os permisos de residencia, que se autoemendaron, e os permisos de traballo, senón que permita a formulación, o deseño e a implementación de políticas propias de emigración, da inmigración interior e exterior. Falamos de competencias lexislativas e executivas que permitan unhas políticas reais de integración. Somos das poucas comunidades autónomas —pola súa responsabilidade, porque no Bipartito si existía un Plan de integración 2008-2011, que, despois, vostedes non renovaron— que carecemos desas medidas conxuntas e desa planificación para a integración das persoas que veñen de fóra, non só para traballar, xa que algunhas veñen na súa condición de refuxiados ou escapando do que está a pasar polo mundo adiante, algo que, por certo, vostedes nin sequera tiveron a decencia de condenar.

Nós tamén solicitamos a transferencia das facultades de permiso de residencia e de traballo, mais tamén da inspección sobre a xestión do continxente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: E por último —remato xa, señor presidente—, falamos da posibilidade de que Galiza teña de chegar a acordos con institucións dos países de destino de emigración, porque para vostedes iso, que é man de obra —que realmente son persoas—, os galegos sómolo e fómolo tamén non hai moitos anos.

Por iso hai que atender as persoas na súa integridade, non só na súa concepción como man de obra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas de novo, presidente.



A verdade é que non sei moi ben por onde empezar. E vou empezar polo señor Tabarés —voulle chamar xa polo seu apelido—. Eu creo que, por humanidade e por respecto a esas persoas que queren vir a Galicia vivir e traballar, debería abandonar o populismo porque, mire, non dea a volta ás miñas palabras, porque non hai nada que dignifique máis unha persoa que poder atopar un emprego, señor Tabarés; (*Aplausos.*) polo tanto, non retorza o que quere dicir o Partido Popular. (*Aplausos.*) ¡Home, é o que faltaba, que mo negase!

Mire, señora Dacosta, ¿«a peor política de confrontación» dixo, señora Dacosta? Moléstalles, pero é a realidade. Iso dixo a señora Méndez esta mañá, e eu pídolle que o apliquen nestes momentos.

E dixo outra cousa moi curiosa. Falou da época de Emilio Pérez Touriño como da época máis frutífera de Galicia —a época do Bipartito—, pois foi tan frutífera que os galegos non quixeron saber nunca máis de vostedes, (*Aplausos.*) nin por xunto nin por separado, señorías. (*Aplausos.*) —Nin por xunto nin por separado—; por iso foi tan frutífera.

Eu sinto que queden coa anécdota de todo isto; se queren quedar co titular fácil, queden. O que está claro é que mentres vostedes quedaron coa anécdota, nós imos seguir traballando polo que realmente importa ás persoas: a necesidade de poder xestionar, desde Galicia, as autorizacións iniciais de traballo para as persoas migrantes porque, señorías, en Galicia temos retos que requiren solucións inmediatas e solucións sostibles, especialmente, no que respecta á forza laboral. Temos unha poboación envellecida, un déficit de man de obra e incluso, en non moito tempo, imos ter que facer fronte á xubilación dos *baby boomers*.

Por iso queremos solicitar formalmente o traspaso das autorizacións a Galicia para mellorar e para axilizar os trámites; para seguir revitalizando as zonas rurais, pois están vostedes acabando con elas; e porque sabemos que hai miles de persoas esperando durante meses para poder acceder a un emprego legal e moitas empresas galegas agardando para que elas poidan traballar. E mentres isto está a acontecer —vólvollo repetir—, o Goberno do señor Sánchez está desaparecido.

Falaba vostede, hai un momento, das vacantes. Mire, ¿sabe por que, señora Dacosta, en España estamos en cifras récord de vacantes en emprego e por que temos o paro máis alto de Europa? (*Murmurios.*) ¡Non, pola culpa do Partido Popular, non!, ¡porque vostedes levan cinco anos preocupados en xestionar os seus intereses persoais, en vez de preocuparse dos problemas que de verdade importan aos cidadáns! Levan cinco anos mirando para outro lado ou facendo outras cousas.

E eu sei que a miña intervención non lles gustou, pero por iso mesmo, porque o único que fixen foi describir a realidade da situación que está a atravesar o noso país. E o certo é que é triste, pero xa o dicía Serrat: «*No es que sea triste la verdad, lo que no tiene es remedio*». Ou, ao mellor, si o ten, señorías: deixen de ser submisos co señor Sánchez; deixen de facer de correa de transmisión de todo o que lles mandan desde a Moncloa, e dean un paso adiante. Poden facelo hoxe. Desde o Partido Socialista de Galicia, pídalle ao señor Sánchez que se vaia e que convoque eleccións. Fágano vostedes, ao igual que o fixeron esta mañá máis de



trinta e oito cargos socialistas. Se de verdade lles importa Galicia, fagan o que fixeron os seus compañeiros esta mañá: dean un paso adiante e pídalle ao señor Sánchez que se vaia.

E respecto da emenda do Bloque Nacionalista Galego —e remato xa, presidente—, se algo hai que recoñecerlles é a súa incoherencia porque nós pedimos hoxe o traspaso de competencias en materia de autorizacións de traballo; é dicir, unha demanda real concreta e urxente —polos motivos que xa lles dei—, e vostedes, fieis ao seu estilo, traen e enredan —poderíamos dicir— un menú degustación de competencias. *(Risos.)*

A respecto da segunda competencia, a transferencia da AP-9, señor Tabarés, ¿recordan o pacto con que o Bloque Nacionalista Galego fixo presidente o señor Sánchez? Aí tiñan asignada a transferencia que prometeron aos galegos para o ano 2020. Pois xusto hoxe volvemos saber que se volveu bloquear o seu traspaso para Galicia; e xa van 53 desde que o señor Sánchez é presidente. Cinco anos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...—xa remato, presidente—... enganando o señor Sánchez aos galegos, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto —remato xa—, fágolles tamén dúas preguntas moi simples: ¿cando pensan deixar de apoiar quen lles leva cinco anos dicindo que non?, e, ¿cando pensan empezar a defender Galicia en serio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...e non só con discursos no Parlamento?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: E, ¿a emenda do PSOE, acéptaa?

A señora PÉREZ LÓPEZ: Non, se queren, podemos engadir a última frase e facemos unha transacción.

O señor PRESIDENTE: Ou sexa, non acepta ningunha das dúas.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Non. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Autoemenda de modificación.

Débase modificar o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un novo plan estratéxico de saúde mental (PESM) que recolla as necesidades reais, baseado tamén nas experiencias obtidas, que sexa participativo co persoal especializado en saúde mental e que dea resposta ás necesidades de saúde mental dos galegos e as galegas.

2. En tanto non se aprobe o plan estratéxico de saúde mental, o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de acción de saúde mental a dous anos vista (2026-2027), que recolla a equiparación das ratio de profesionais da saúde mental ca media de España, a redución das listas de espera, a atención as conductas aditivas no Sergas, a coordinación e cooperación con Atención Primaria e medidas concretas para reducir a taxa de suicidio, que permita seguir baixando o suicidio infantil, pero que actúe nas outras franxas de idade onde, en Galicia, seguimos a ter taxas moi altas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Foron xa moitas veces as que debatemos no que vai de lexislatura, tanto en Pleno como en comisión, sobre saúde mental.

Non é de estrañar, dada a situación que vivimos en Galicia e a que a Xunta de Galicia debería prestar máis atención, porque a saúde mental é recoñecida como unha prioridade de saúde pública e un dereito humano fundamental recoñecido pola Organización Mundial da Saúde. E non só afecta á calidade de vida das persoas, senón que tamén ten un impacto moi importante na sociedade no seu conxunto. Por este motivo, non é estraño ver que a maior parte dos gobernos tratan de deseñar e de implementar políticas que promovan a mellora da saúde para toda a poboación.

E neste ámbito é no cal queremos situar esta iniciativa: na implementación dun plan estratéxico de saúde mental que recolla as necesidades reais, con base nas experiencias obtidas, que sexa participativo co persoal especializado en saúde mental e que dea resposta ás necesidades de saúde mental dos galegos e das galegas. E unha base boa de partida son as conclusións do informe do Consello de Contas sobre o Plan de saúde mental de Galicia do ano 2020-2024, un plan que tardou case dez anos en saír tras o Plan estratéxico do Goberno de Emilio Pérez Touriño, que ía de 2006 a 2011; pero é máis, un plan que o Goberno bipartito



deixou practicamente implementado e, coa chegada ao Goberno do Partido Popular, se freou en seco.

¿Pero que nos di o Consello de Contas do Plan 2020-2024? Que se detectaron brechas de equidade, sustentabilidade e eficiencia na implementación e eficacia. Que existe un plan que se baseou nun estudo epidemiolóxico do ano 2009, entre outras fontes, e que non recolle as necesidades da última década. Que desde a pandemia da covid-19 o problema de saúde mental se agravou. Que o 16 por cento do gasto quedou sen executar, e isto supuxo atrasos significativos na contratación de persoal e a non execución de proxectos cualificados como prioritarios. Que os recursos de persoal foron un 7,59 por cento menos dos previstos. E isto é suficientemente grave, cando o cociente de psiquiatras por habitante en Galicia está moi por debaixo das recomendacións da Organización Mundial da Saúde, que cifra entre 13 e 15 por cada 1.000 habitantes e en Galicia estamos en 8,7, no País Vasco en 12,8 e en Cataluña en 12,5.

Tamén nos di o Consello de Contas que as listas de espera para a primeira consulta aumentaron e non se sabe nada das consultas posteriores, tan necesarias para un seguimento do tratamento. Que existe un desequilibrio territorial na asignación de recursos para liquidar os problemas das listas de espera. Entre o ano 2019 e o ano 2023 nas áreas sanitarias de Lugo, A Mariña e Monforte aumentaron as listas de espera un 297 por cento; si é certo que na área da Coruña e Cee baixaron un pouco.

Pero quizais sexa máis correcto dicir que o obxectivo que incluía o Plan de saúde mental para reducir as listas de espera só se cumpre en tres das sete áreas sanitarias. E sen poder entrar a analizar en profundidade o que di o Consello de Contas, si que nos dá abundantes conclusións e recomendacións para un novo plan. Porque podemos afirmar a día de hoxe que a Xunta de Galicia non garante o dereito ás prestacións sanitarias de saúde mental en condicións de calidade, accesibilidade e igualdade efectivas.

E os socialistas defendemos a necesidade de dar respostas a esa emerxencia silenciosa, como denomina o noso portavoz Besteiro. E o noso desexo é de avanzar para dar unha resposta á situación tan preocupante de atención de saúde mental por parte da Xunta de Galicia.

E o plan que reclamamos xa debería estar finalizado, para entrar en vigor automaticamente cando rematou o anterior, é dicir, entrar en vigor no ano que estamos, no ano 2025. Porque as persoas que teñen problemas de saúde mental non poden permitirse o luxo de esperar dez anos por un novo plan, como sucedeu dende que finalizou o Goberno bipartito.

E debe ser un plan que nos leve a un modelo de atención integral multidisciplinar e que garanta a equidade territorial e a accesibilidade real.

Hoxe gustaríanos un grande acordo como o alcanzado no ano 2021, tamén cunha proposición do noso grupo que incluía alcanzar a media nacional en recursos humanos neste ámbito, aínda que nunca se cumpriu, cuestión que o Consello de Contas apunta. E acordo, aínda que tamén de forma puntual, que alcanzamos co Partido Popular nunha resolución do estado da Autonomía, que esperamos que poidamos dicir que se cumpriu.



Pero, mentres o Plan estratéxico non está aprobado, debería realizarse, como fixo o Ministerio de Sanidade, un plan de acción específico para os anos 2026-2027, que recolla os aspectos máis preocupantes: a equiparación dos cocientes de profesionais de saúde mental coa media de España, dotando o Sergas de máis profesionais de saúde mental, máis psiquiatras, máis psicólogos, máis enfermería de saúde mental e máis traballadoras sociais; a redución das listas de espera para primeiras consultas e para as revisións sucesivas; a atención das condutas auditivas polo Sergas; a coordinación e cooperación en atención primaria, para logo avanzar noutros ámbitos ata acadar unha abordaxe integral e multidisciplinar; medidas concretas para reducir a taxa de suicidio, que permitan seguir baixando o suicidio infantil, pero que actúen noutras franxas de idade onde seguimos tendo taxas moi altas e que nos sitúan a día de hoxe como a segunda comunidade autónoma con taxa de suicidios máis altas.

Hoxe esperamos que ningún grupo lle dea as costas a ese 27 por cento de poboación galega que necesita máis saúde, e máis saúde mental, pero pública.

E permítanme que nos últimos segundos lle conteste á señora López. Señora López, estamos moi habituados a eses slogans do Partido Popular. Os que estamos aquí seguramente todos recordamos aquilo de: «váíase, señor González». Polo tanto, o que traen aquí hoxe non é nada novo. Pero mire, eu dígolle que non están para dar ningunha lección. Se queren, falamos de Madrid, da señora Ayuso e do seu compañeiro; se queren, falamos de Valencia e do señor Mazón, que non se nos vai olvidar; se queren, falamos tamén de Rueda e de tapar o señor Villares. Pero, se queren, empezo desde o «a» ao «z»: Bárcenas, Rato, Jaume Matas, Fabra... ¿Quere que siga?, ¿quere que siga? Esa é a realidade do Partido Popular, do «a» ao «z». Empezamos polo caso Arena e seguimos polo que vostedes queiran.

Polo tanto, polo tanto..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...creo que deberían estar calados, porque seguramente lles agardan momentos moi duros para o Partido Popular cando se empecen a coñecer todas as sentenzas deses casos que aínda están abertos.

Pero xa remato. Nós actuamos cando temos un caso de corrupción; vostedes calan e tapan, o que fan habitualmente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto.

(O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.



Moi boa tarde.

O Partido Popular na Xunta de Galiza leva esquecéndose da saúde mental toda a vida, pero especialmente os últimos dezaseis anos. Chegou de novo ao Goberno da Xunta no ano 2009 e un plan de saúde mental aprobado polo Goberno de coalición Partido Socialista-BNG méterono directamente nunha gabeta, ¿non?, directamente nunha gabeta, a pesar de que a situación xa era moi preocupante a aquela altura.

Desde o 2009 houbo unha crise económico-social tremenda, a crise 2000-2008; despois veu unha tremenda pandemia da covid-19; de novo estamos nunha crise importante; polo medio pois hai responsabilidade dos gobernos da Unión Europea, que fixeron que aumentase o prezo da enerxía, o prezo de absolutamente todos os produtos, polo tanto, a perda de poder adquisitivo, carestía da vida. E todo iso evidentemente fixo que os problemas de saúde mental aumentaran exponencialmente, aumentaran en xeral, pero, dun xeito moi preocupante, entre poboacións especialmente vulnerables, como son as persoas maiores e as crianzas e adolescentes e tamén as mulleres.

E, diante desta situación, houbo que agardar ata o ano 2017 para que o Partido Popular trouxese a este Parlamento un plan de prevención do suicidio, que era un corta e pega perfectamente válido para calquera outra parte do Estado. De feito, chamáronlle Plan de atención ao suicidio en Galiza —nin sequera era un plan propio— e houbo que agardar ao ano 2020, en plena pandemia covid, para que presentaran un Plan de saúde mental poscovid 2020-2024, e que prometeron, anunciaron, publicaron, dixeron neste Parlamento, por activa e por pasiva, que era un plan dotado con 83 millóns de euros. Aprobárono o 25 de xuño do ano 2020, en plena campaña electoral, e Feixóo, o expresidente da Xunta, anunciouno e comprometeuno publicamente en moitas ocasións, especificamente no debate do estado da nación en outubro do ano 2021; en marzo do 2021 o exconselleiro García Comesaña, tamén en comparecencia neste Parlamento, volveu insistir en que era alarmismo do BNG, que estaban facendo todo o posible e que tiñan un plan con 83 millóns de euros para a atención á saúde mental; repetiuno Rueda, repetiuno o actual conselleiro, repetírono voceiros do Partido Popular aquí neste Parlamento. E velaí que o Consello de Contas nos seu informe de fiscalización da actuación do Goberno —lembro: Consello de Contas, organismo público encargado de fiscalizar as contas públicas e do que a súa maioría de conselleiros son nomeados por proposta do Partido Popular; dígoo por se esta cuestión non queda suficientemente clara para quen nos estea escoitando e pensa que é un órgano chavista, bolivariano, comunista, non sei que cousa; a maioría dos membros nomeados por proposta do Partido Popular—, ben, pois fai un informe de fiscalización dese Plan de saúde mental poscovid-19, e ¿que di nese informe? Dígoo porque é ilustrativo da atención que ten prestado o Partido Popular á saúde mental, que por practicamente todo o mundo se ten diagnosticado como auténtica pandemia poscovid, pola cantidade de persoas afectadas e pola gravidade desa afectación e como está afectando as vidas, a situación laboral, a situación persoal, familiar e social de miles de galegos e galegas.

Ben, pois ese informe di que ese plan poscovid estivo baseado nun estudo epidemiolóxico do ano 2009, e, polo tanto, non recolle nin a crise do 2009 nin todas as posteriores, nin a crise poscovid, unha cousa tremenda. É dicir, fan un plan poscovid pero nin sequera con-



templa que afectacións ou que cuestións hai que aprender e ter en conta da covid. E, claro, ¿como é posible facer un plan de saúde mental poscovid baseado nunha análise de once anos antes? Ben, o Partido Popular pode facer iso e moito máis, porque só actúa para a galería, non lle importa nada solucionar os problemas sanitarios dos galegos e as galegas. Só lle importan os titulares de prensa fraudulentos, que lle repenican convenientemente todos os medios afíns, empezando polos públicos, ¿non? Que eles van investir 83 millóns de euros, logo non se compadece coa realidade, pero repentinamente a xente que non está no día a día acaba crendo que, efectivamente, hai un goberno que está facendo algo cando non está facendo absolutamente nada, absolutamente nada. (*Aplausos.*)

Un plan onde non se analiza a repercusión nin os problemas de saúde mental da poboación menor de 11 anos, cando estamos vendo que é un auténtico problema de toda esa poboación.

O Plan este de saúde mental contempla dun xeito específico que ten que haber avaliación e seguimento. Pois, a pesar de que o Bloque Nacionalista Galego neste Parlamento solicitou en innumerable número de veces que se presentara o informe de avaliación de cumprimento, de conclusións desa implementación dese Plan de saúde mental, o Partido Popular sempre votou en contra, «non». E agora é o Consello de Contas o que lle di que non seguiron esa avaliación. Polo tanto, non sabemos nin como se implementou nin que obxectivos se conseguiron, se se conseguiu algún e que hai que rectificar. Polo tanto, carencia de informes.

E, no tocante aos recursos, pois di, efectivamente, que estes non son suficientes. E di o Consello de Contas que o orzamento que preveu o Partido Popular foron 29 millóns de euros, nunca contemplaron os 83 millóns de euros, nunca. E que deses contemplados soamente hai obrigas recoñecidas por 24,5 millóns de euros, é dicir, 4 millóns e medio menos dos que implementaron, e que o previsto para gastos de persoal eran 9.031.411 euros, repartidos nas anualidades de 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024; é dicir, en total, 33,5 millóns de euros.

Entón, a pregunta que xa nos fixemos en numerosas ocasións e que lles fixemos aos responsables do Goberno galego é: os 49,5 millóns de euros restantes ata os 83 prometidos, ¿que fixeron con eles? ¿A que os destinaron? Porque, a pesar de ser unha auténtica emerxencia a atención á saúde mental, o Partido Popular ten o descaro de non investir 49,5 millóns de euros prometidos, (*Aplausos.*) ¡45,9 millóns de euros!

Di o informe do Consello de Contas que hai un aumento exponencial do consumo de ansiolíticos e antidepressivos, especialmente gravísimo entre os menores de 19 anos, especialmente grave entre os maiores de 75, especialmente grave entre as mulleres. E, a pesar diso, ningunha actuación, que as listas de espera non se rebaixaron; é dicir, que non se conseguiu practicamente ningún dos obxectivos marcados, e que todos os parámetros, listas de espera e persoas atendidas, todos, empeoraron.

E, polo tanto, a pregunta que nos temos que facer é: ¿nalgún momento a Xunta, en mans do Partido Popular, vai tomar en serio os miles de galegos e galegas que teñen problemas de saúde mental e necesitan unha atención en tempo e forma que realmente lles solucione os problemas? ¿Van, como lles reclama ou lles recomenda o Consello de Contas, incorporar psicólogos clínicos nos centros de saúde, como levamos reclamando neste Parlamento desde



hai anos? *(Aplausos.)* ¿Van facer algo? ¿Van poñer os recursos financeiros suficientes que estean dispoñibles de maneira oportuna e facendo as avaliacións, como lles reclama o Consello de Contas?

En resumo, ¿van deixar de actuar para a galería e para o titular e van nalgún momento ocuparse, preocuparse e actuar para atender aos miles de galegos e galegas que necesitan atención á súa saúde mental?, empezando polos menores, seguindo polas persoas maiores, polas mulleres e por todos aqueles galegos e galegas, que son milleiros e aumentando, que necesitan esa atención; empezando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...por case unha persoa ao día que se quita a vida no noso país, os segundos detrás de Asturias.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Diante desa situación dramática, o Partido Popular permítese o luxo de arrojar os datos aos que acabo de facer aquí referencia.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Grazas, presidente.

Señorías, a saúde mental é hoxe unha prioridade ineludible das políticas públicas. A pandemia revelou con crueza carencias históricas neste eido e obrigou a todas as administracións a actuar con decisión. Por iso, quero comezar agradecendo a importancia do debate que hoxe nos trae aquí o Grupo Socialista, e valorando positivamente que a saúde mental estea no centro da axenda política.

Señora Prado, non vou facer ningún comentario sobre o que vostede dixo, porque me chega que para vostede o Partido Popular somos unha panda de psicópatas. Entón, con todo, non vou entrar no seu debate. E eu tampouco vou entrar, por respecto e por seriedade do tema que tratamos, noutras cuestións alleas á saúde mental que, aínda que sexan da actualidade, non me parece que sexa prudente centralas neste debate.

Dito isto, é preciso tamén dicir con claridade que a proposta que presenta hoxe o Partido Socialista chega tarde. E chega tarde porque o que vostedes están solicitando á Xunta de Galicia xa o está facendo; polo tanto, as demandas están máis que superadas.



O texto resolutivo pide elaborar un novo plan de saúde mental participativo, baseado nas necesidades reais e nas experiencias acumuladas e que dea respostas ás necesidades da poboación galega. Pois ben, isto é exactamente o que anunciou xa o Goberno galego. A Xunta leva meses traballando no novo Plan de saúde mental 2025-2028. E faino —como non podía ser doutro xeito— cun enfoque participativo, contando cos profesionais e coas entidades implicadas.

De feito, ese foi o mesmo modelo co que se elaborou o anterior plan, ese Plan 2020-2024, que marcou un antes e un despois na aposta polos cuidados emocionais e psicolóxicos; un plan pioneiro aprobado no 2020, cun orzamento de 83 millóns de euros e que permitiu crear 244 novas prazas de profesionais de saúde mental en catro anos, profesionais que hoxe xa están traballando na nosa rede pública de saúde.

Con datos verificables e actualizados a día de hoxe, podemos afirmar que o 92 por cento destas prazas están xa cubertas; é máis, todas as prazas de psicólogo clínico creadas, todas sen excepción, están ocupadas.

E, señora Espinosa, vostede falou do Plan de saúde mental do Goberno, falará dese plan que aprobaron agora dotado con 39 millóns de euros, en abril de 2025. Vólvolle repetir que o Plan 2020-2024 tiña un orzamento de 83 millóns de euros.

Ben, teño que recordar tamén que, para garantir a estabilidade precisamente das prazas que se ofertaron no plan, se ofertaron por concurso de méritos 175 prazas de difícil cobertura. E teño que recordarlles que esta oferta só foi posible grazas a unha lei autonómica fronte á que ambos os dous grupos da oposición, tanto o BNG como o Partido Socialista, votaron en contra. E, grazas a ese plan, a sanidade pública galega conta hoxe con 557 profesionais de saúde mental, case o dobre dos que había no 2009, dese goberno marabilloso do Bipartito, que estiveron catro anos e nunca máis os galegos volveron confiar nel.

Ese crecemento nótase nas novas unidades de saúde mental, en Tui, Ordes, Oleiros, Ponteareas; e tamén coa posta en marcha de hospitais de día infantoxuvenís en todas as áreas sanitarias. E un exemplo moi significativo é o da Unidade de Hospitalización Infantoxuvenil de Vigo, inaugurada hai poucos meses, cun investimento de 1,3 millóns de euros, que duplicou a capacidade galega neste tipo de atención. Tamén se puxeron en marcha sete unidades de prevención intensiva de suicidio, unha por área sanitaria, e xa se atenderon a máis de 1.500 persoas en situación de risco; e tamén se activaron programas específicos como a Unidade de Atención a Primeiros Episodios de Psicose ou a Unidade de Psicoxeriatría da Coruña.

Todo isto, señorías, está a funcionar grazas aos equipos de profesionais creados no marco do anterior plan, que obxectivamente foi un éxito. Ademais, Galicia é pioneira na prevención do Plan de suicidio entre a mocidade grazas ao programa YAM, implantado nos centros escolares, e tamén grazas ao protocolo Código Agarimo, en colaboración coa Consellería de Educación, para activar vías rápidas de atención psicolóxica en menores en risco.

E este conxunto de medidas permitiu que Galicia hoxe se aproxime ás *ratios* estatais de profesionais por habitantes e que supera as que había no momento da implantación do plan.



Hoxe temos 5,2 psicólogos clínicos por cada 100.000 habitantes, fronte aos 3,4 do ano 2020, e a media estatal hoxe está en 5 por cada 100.000 habitantes. E temos tamén 8,6 psiquiatras por cada 100.000 habitantes, practicamente na media estatal e por riba por suposto de cando vostedes gobernaban.

E todo isto é froito dunha política sostida, coherente e seria. E a día de hoxe xa está en marcha o proceso para definir ese novo Plan 2025-2028, porque queremos ser ambiciosos e queremos seguir mellorando. Por iso, ese novo plan sobre o que traballa a Xunta terá dúas liñas fundamentais: a creación da rede de psicoloxía clínica en atención primaria, que comezará este mesmo ano, coa contratación de 14 novos psicólogos e que aspira a ter 35 no 2028 e 50 no 2030; o reforzo da atención da saúde mental infantoxuvenil, ampliando a atención pediátrica ata os 18 anos e ata os 21 no caso do TEA; e reforzando a continuidade asistencial.

O novo plan tamén prevé un incremento das prazas en centros de rehabilitación psicosocial, pisos protexidos e unidades residenciais, cun investimento que pasou de 6,1 a 9,9 millóns de euros, aumentando nun 60 por cento o apoio ás entidades sociais que traballan neste eido.

E, se falamos de formación, a Xunta oferta o 100 por cento das prazas MIR e PIR acreditadas polo ministerio; e desde o ano 2008 duplicáronse as prazas de psicoloxía clínica, aumentaron nun 38 por cento as de psiquiatría e multiplicáronse por dez as de enfermería especialista.

Por tanto, señorías, estamos absolutamente de acordo en que a saúde mental debe ser unha prioridade e estamos absolutamente de acordo en que o novo plan debe de ser participativo e estar centrado nas necesidades reais da cidadanía. Pero iso xa está en marcha. O Partido Popular, e a Xunta, sen agardar a que vostedes se lles ocorrera presentar esta iniciativa parlamentaria, xa estaba centrado niso.

O que non compartimos, desde logo, é o ton partidista e destrutivo dalgunhas das críticas que aquí se escoitan nin a constante tentación de politizar unha cuestión tan seria e tan sensible como esta.

Señorías, se cadra, antes de subir á tribuna, deberían de ler con máis atención os informes do Consello de Contas. Porque o que vostedes din que di o Consello de Contas simplemente non o di, e repetir mentiras non as converte en verdades. O informe non fala de desleixo nin de recortes, senón de rigor orzamentario. Limitáase a analizar só tres capítulos e só tres anos, e mesmo así reconece que a Xunta executou o 99,3 do orzado. E o que vostedes ocultan, porque non encaixa no relato, é que o Consello de Contas destaca que se contratou máis persoal do previsto. Eu non sei que parte do informe non entenderon, porque manipular un informe público para montar un discurso político, señorías, non é facer oposición, simplemente é facer o ridículo.

E miren, Galicia non merece unha oposición que use a saúde mental como arma electoral. Galicia merece un consenso firme e leal para seguir avanzando, fundamentalmente neste tema da saúde mental. Por iso, señorías, a idea era votar a favor desta proposición non de lei na iniciativa orixinal que vostedes presentaron, porque recoñecemos o fondo da demanda



e porque a Xunta de Galicia xa está a facer exactamente o que aquí se propón: elaborar un novo plan de saúde mental, serio, participativo, rigoroso e comprometido co benestar da cidadanía.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa.

Coa autoemenda que vostedes fixeron pois buscan rachar esta posibilidade de acordo. Con todo, imos solicitarlle a votación por puntos. Como lles comentaba, estamos totalmente a favor do punto 1; e no que non coincidimos é no punto 2, porque ese plan de acción transitoria resulta innecesario, está xa en marcha ese Plan estratéxico de saúde mental...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: ...e por iso lles imos solicitar a votación por puntos.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas de novo, presidente.

A ver, señora Amigo, eu creo que está confundindo cousas. A nosa proposta non chega tarde; o que chega tarde é o novo Plan de saúde mental da Xunta de Galicia. (Aplausos.) Porque mire, é moi fácil de entender. Ao mellor, se vostede ve a data en que nós rexistramos esta iniciativa, é porque fomos pacientes e por que lle demos unha marxe determinada á Xunta de Galicia. Pero resulta que chega o mes de maio, xa transcorreron cinco meses, e seguimos sen un plan. E non queremos que suceda como na vez anterior, que os enfermos de saúde mental estiveron dez anos esperando por un plan que fixera a Xunta de Galicia, e agora pódenos suceder exactamente o mesmo. (Aplausos.) Polo tanto, non estamos desorientados, temos a cabeza moi sentada e sabemos o que pedimos. O que pasa é que ao mellor vostede non tiña respostas, e, como non tiña respostas, por iso empezou a falar de moitas cousas que non me vai dar tempo a contestarlle.

Pero dígolle que nós tampouco utilizamos a saúde mental como arma electoral, e pídolle respecto para todos os enfermos e todas as enfermas que necesitan a atención de saúde mental, porque aquí ninguén utilizou iso, polo menos do noso grupo, como arma electoral. Se o fai, é vostede e o Partido Popular.

E eu tamén lle digo: mire, se quere, entrégolle o meu exemplar (*A señora Espinosa Mangana mostra un documento.*) do informe do Consello de Contas e verá que está subliñado, que hai chamadas ás alegacións, vistas as contraalegacións, que o lin con detemento, e ao mellor vostedes o que quedan é nas alegacións que fai o Partido Popular, que non lle acepta o Con-



sello de Contas, e quedan con esa versión falsa (*Aplausos.*), que nada ten que ver coa realidade.

Pero mire, eu soamente quero rematar para que todo o mundo saiba de que estamos falando e por que pedimos isto. E mire, xa que me pediu a votación por puntos, vouna retar e voulla aceptar, para que todos os galegos saiban o que quere facer o Partido Popular: un plan que non ten data, un plan que non sabemos cando o vai presentar e cando se negan a aceptar un plan a curto prazo para atender aos enfermos de saúde mental. Voullo aceptar, señora Amigo. (*Aplausos.*) Sexan conscientes do que van votar, porque eu non a estou enganando, estouno dicindo así de claro.

Pero ¿que temos en Galicia? Témoloo dito moitas veces: desgraciadamente, unha das comunidades autónomas co maior consumo de psicofármacos de España, estamos en depresión por riba da media de España, Lugo ocupa o primeiro *ranking* de suicidios de España, pero tamén a conduta suicida é un problema social e require unha mirada de saúde pública. Eu recoñezo que si se fixo un labor co programa YAM, e nós pediámoslle que iso se estenda a outras idades para precisamente acurtar a taxa de suicidio que temos en Galicia.

E falta, señora Amigo, unha continuidade asistencial, porque as brechas de seguimento das persoas que presentan condutas suicidas afectan a súa atención e a súa recuperación. Falta en saúde mental un enfoque multisectorial e accións coordinadas entre todas as administracións e sectores para intercambiar as boas prácticas. E os profesionais véñennos indicando un aumento considerable de problemas de saúde mental en adolescentes e en idades temperás.

Polo tanto, queremos —enténdano así, coa man tendida— que Galicia saia desas *ratios* tan desastrosas que temos en saúde mental. Pero si queremos que Galicia acapare as primeiras *ratios* en profesionais por habitantes, que non os temos nin na media de España e nós estamos moi lonxe, moi lonxe, do que nos pide a Organización Mundial da Saúde.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ESPINOSA MANGANA: Polo tanto, pensen o que van votar e pensen na xente que necesita a axuda dunha saúde mental pública e non privada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da recuperación da Área Sanitaria da Mariña

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas. Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Lara Méndez.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes a todos e a todas.

En primeiro lugar, gustaríame saudar a quen nos acompaña hoxe aquí, empezando pola alcaldesa de Burela, esa zona cero onde se encontra o Hospital da Costa, e membros da Xunta de Persoal, así como traballadores do Hospital da Mariña. E, sobre todo, darvos as grazas por ese traballo inxente que estades a realizar, aínda a custa moitas veces da vosa propia saúde, antepoñendo a saúde dos vosos veciños e veciñas para preservar a saúde da veciñanza por riba da vosa, unha dedicación que está por riba do que correspondería dende un punto de vista meramente profesional. Así que moitísimas grazas, de verdade, por todo ese traballo que estades a realizar. *(Aplausos.)*

E hoxe estamos aquí para pedir isto, isto é o que se quere pedir, algo moi sinxelo, que é recuperar a Área Sanitaria da Mariña, ter unha área sanitaria propia. E isto *(A señora Méndez López mostra un cartel.)* é un pequeno exemplo das moreas de carteis que día tras día se estiveron concentrando para pedir ter un hospital digno para atender as necesidades dos veciños e das veciñas.

Protexer, en primeiro lugar, e coidar a saúde das persoas e que despois tamén os propios traballadores poidan realizar o seu traballo nunhas condicións dignas, algo que dende o Partido Socialista xa temos presentado con anterioridade e sobre o que hoxe volvemos incidir. Porque nunha comarca como A Mariña lucense, con máis de 70.000 habitantes e que dende mañá mesmo eses habitantes van superar os 100.000, por acoller o Resurrection Fest na Mariña, e que así pasará tamén nos meses estivais pola afluencia de xente, pois non pode estar nas condicións nas que está.

E por iso no mes de marzo tivemos unha reunión coa Xunta de Persoal, con facultativos do hospital, con facultativos de Atención Primaria, con facultativos do PAC e con persoal sanitario de todas as administracións, e trasladáronnos que nos trinta e seis anos de vida que ten o hospital este nunca estivera en peor situación.

Mesmo no mes de maio os veciños e veciñas da Mariña participaban nunha manifestación... Non, perdón. Nese mesmo mes, no de marzo, veciños e veciñas da Mariña participaban nunha manifestación multitudinaria —participabamos—, e, mentres, o PP, como xa teño dito en máis ocasións, estíbese a facer un Mazón. Despois concentracións diarias todos os días ás 11 da mañá para acabar nunha concentración o 11 de xuño, que poñía de manifesto e na que querían visibilizar a precariedade na que está este hospital. Concentracións tamén que deixan de realizar, entre outras cousas, porque non se poden permitir o luxo de saír esa media hora para reivindicar os seus dereitos, pola falta e a carencia de facultativos e de persoal que hai e teñen que atender e lles prima e lles pode máis a responsabilidade de atender aos pacientes que non de reivindicar esta mellor situación.

E onde participaban tamén nesas concentracións e, sobre todo, nesa última concentración do 11 de xuño, a Plataforma da Mariña, a Xunta de Persoal, pero colectivos en defensa dos pacientes, Médicos No Vicedo Xa, Asociación do Casco Antigo de Viveiro e moitos cidadáns a



título persoal que están a sufrir en primeira persoa esta situación; e o PSdeG tamén estaba. ¿Saben quen non estaba alí? Pois ningún membro do Partido Popular; estarían nalgún Ventorro ou noutro lugar que se lle parecera, pero alí, defendendo os veciños e as veciñas, non estaban.

E o conselleiro do Partido Popular negando a maior; falando de cifras e datos, de número de operacións, de probas diagnósticas, de número de consultas, falando de concursos de traslados, de resolución de OPE, de cartos investidos, de metros cadrados ampliados...; e só faltaría, evidentemente, que se deixase de investir e que non houbese nin probas diagnósticas nin cirurxías, nin que por fin se fose ampliar ese hospital.

Pero o máis triste é que, aínda encima, os estaba a acusar de estar politizados e de que esas manifestacións, esas concentracións, esas reivindicacións, obedecían ou tiñan un fondo político. E isto é algo in-to-le-ra-ble. Pero o señor conselleiro así o dixo e non se ruborizou.

E, tal e como lle replicaba nesa pregunta, con isto non se solucionan os problemas, e tal como se ten demostrado, entre recursos que foron gañando grazas á presión do persoal e á presión social de milleiros de veciños, foron parcheando; primeiro negaron que había un problema e despois, de forma tácita, que non se notara moito, pois foron parcheando. Pero as solucións non hai que parchealas, hai que erradicalas, os problemas hai que erradicalos, como poden ser eses reforzos en medicina interna que puxeron.

E a saturación que están a sufrir os centros de saúde en distintos concellos da Mariña, por falta de médicos, de pediatras, fai que o Hospital da Mariña teña unha sobrecarga e que, en vez de asistir ao seu médico de cabeceira, accedan directamente ao hospital; e moitas veces, como digo, saturando e ás veces ata con diagnósticos tardíos, que dificultan moitísimo poder afrontar eses problemas de saúde.

E todos somos coñecedores da importancia da atención primaria, que daría para un capítulo á parte, pero esta situación está a afectar tamén gravemente ao funcionamento do hospital: citacións masivas concentradas, longas listas de espera, falla de persoal, xornadas esgotadoras... Listas de espera que superan en moitos casos os dez meses, nalgúns moitos máis; en cardioloxía, 159 días; en psiquiatría, 140 días; en uroloxía, 151 días; en medicina interna, só con tres facultativos; en uroloxía, só con un; atrasos en probas, en biopsias.

Esta é a realidade que está a vivir o Hospital da Mariña. E derivar tamén probas a Lugo, tendo en conta que ademais calquera concello da Mariña está mínimo a cen quilómetros do HULA. E iso, á parte de dificultar moitísimo a propia consulta, tamén dificulta moitas veces aos pacientes que non dispoñen de vehículo ou que teñen que estar internados e, polo tanto, teñen que facer pernocta en Lugo. E isto afecta moitísimo esas derivacións de probas que se fan en Lugo, como as radiografías panorámicas dentais, densitometrías, electromiografías, implantación de marcapasos e un longo etcétera.

E segue a haber moita carencia, tendo que acudir a centros privados. Porque cando a un lle vai a saúde niso, pois ás veces se opta por ir a un centro privado ou tamén atender algunha derivación que se fai pois do propio Sergas. O privado en detrimento do público. Esa é a política que practica o Partido Popular.



E falaba tamén desa ampliación do Hospital da Costa, 30 millóns de euros que se prometeran. Aínda me acordo do señor Balseiro, sendo deputado nese momento na oposición, que reclamaba e reivindicaba, por activa e por pasiva, a ampliación do hospital xa. E no ano 2010, sendo deputado pero xa do equipo de goberno, negouno ata en dúas ocasións. E estamos no ano 2011 e aínda está en fase inicial.

Polo tanto, hai que reforzar a plantilla médica e sanitaria, evitando longas esperas e desprazamentos; manter servizos básicos fundamentais, como poden ser as urxencias; garantir unha maior axilidade para responder a situacións de emerxencia; aproveitar mellor os orzamentos, para investir onde son realmente necesarios, sendo máis eficientes e eficaces. E A Mariña precisa unha sanidade forte, próxima e ben coordinada, para ofrecer dignidade e seguridade á súa poboación. Unha xestión directa e cercana que sirva para que cada paciente, viva onde viva, teña a cobertura e a asistencia que merece. Que o acceso á sanidade non dependa do código postal, tal e como está a acontecer, desgraciadamente.

A autonomía da Área Sanitaria da Mariña, con plena facultade na xestión de recursos, non é só unha demanda lexítima, senón que é urxente. E a comarca precisa de persoal estable, infraestruturas adecuadas, servizos harmonizados coas súas necesidades reais.

Polo tanto, hoxe o que vimos solicitar aquí non é outra cousa que recuperar a Área Sanitaria da Mariña...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...que nunca se tiña que ter perdido.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Mixto.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)

Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Miren, estaba buscando eu hoxe pola mañá así información de 2017, cando decidiron, no PP, acabar coa Área Sanitaria da Mariña. E non sei se foi o algoritmo ou que é o que foi, pero chegoume un enlace dunha noticia do propio Partido Popular, de 2013, en concreto; e esta non era de cando Bárcenas estaba no cárcere e lle dicía o presidente: «Luis, sé fuerte». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Esta era outra... ¡Ui!, ¿non llo facía? ¡¿non?! *(O señor Castro García fala entre risos.)* ¡Ah, bueno!



Esta é súa e, ademais, era do Partido Popular, ¿eh?; do Partido Popular de Lugo, e tiña un titular moi —moi, moi— interesante, xa que están con tantas ganas de sabelo. Decía isto, no ano 2013, en marzo, concretamente: «O PP da Mariña asegura que a Área Sanitaria Comarcal non desaparece e verase reforzada». —¡Carai!— E logo dicía o PP: «Todos os seus cargos públicos e responsables políticos garanten que o Hospital da Costa manterá todos os seus servizos, as unidades e as consultas e que incluso se incrementarán». «*Las vueltas que da la vida. El PP se burla de ti*», poderíase dicir. (Risos.) (Aplausos.)

Queda claro. Eu xa diría que, de novo —e van moitísimas veces—, lles dá absolutisimamente igual mentir á xente, pero o peor é cando xa comezan a insultala, e non o digo porque cando houbo 5.000 persoas en Viveiro reclamando máis sanidade pública, estivesen a menos dun quilómetro de comilona con Tellado — iso é outro tema—. Eu refírome a que cando imos de concentración multitudinaria en concentración multitudinaria na Mariña, o único que fan é dirixirse á poboación para chamala de «alborotadores», que «son uns manipulados» e que «menten». E eu creo que xa o saben, pero por recordalo non pasa nada.

A xente que se manifesta de xeito masivo na Mariña vota BNG, vota PSOE, vota PP —pódollelo asegurar que vota PP— ou non vota, e ao final, o que teñen en común todas estas persoas que se manifestan é que non queren ver como a súa sanidade pública desaparece, porque lles molesta sufrir e non poder ser atendidos; moléstalles, por exemplo, chegar ao seu centro de saúde e ver como non hai cita co médico de cabeceira en dúas semanas, en tres, en catro..., como, por exemplo, no Centro de Saúde de Viveiro —eu creo que poden entender que isto á xente lle moleste e a leve a manifestarse—; moléstalles ver como, por exemplo, nos dixeron, claramente os médicos e as médicas do Hospital, que teñen unha cita de 2021 e aínda a están pasando agora; 2021, ¿eh?, catro anos despois e pasando agora a cita para a revisión; saen, en definitiva, porque sofren, e vostedes —digamos— son, ademais, tan sectarios, pero tan, tan sectarios que o único que lles dan e o único que lles re-ceitan sería o insulto, e as enfermidades con insultos non se curan. Cúranse con moito máis financiamento da sanidade pública e cúranse con moitos máis investimentos, e non privatizándoa.

Entón, isto recordoume tamén ao que se dicía antes: «*Antes, en España, una ardilla podía pasar de árbol en árbol sin pisar el suelo*». E eu dígolles, de verdade, que, no día de hoxe —está comprobado, ademais—, podería ir de centro de saúde en centro de saúde de todos os concellos da Mariña, sen pisar un que estea con todos os facultativos con que está dotado; en todos os concellos: de Ribadeo, de Trabada, de Riotorto, da Pontenova, do Vicedo, de Viveiro, de Cervo, de Oulol, de Mondoñedo, de Burela, do Valadouro, de Foz... de todos, de absolutamente todos. E acabamos tendo que reclamar sempre —e sempre o fixemos— cousas tan extremas e tan utópicas, como que se cumpra cos facultativos con que están dotados os centros de saúde, porque, se non, as consecuencias é que vemos cousas como que no Vicedo, recentemente, estiveron unha semana enteira sen médicos, sen ningún. Os centros de saúde estiveron sen médicos nin médicas por unha semana. Ou que, entre agosto e setembro do ano pasado, concellos, como o de Oulol, tivesen no seu centro de saúde cero médicos en máis de tres semanas —que se di rápido—; tres semanas e media sen ningún médico nun centro de saúde. E vostedes din que a atención sanitaria está garantida e tiran para adiante...; e seguinte tema, non pasa nada. O que está detrás de todo isto é querer facer crer á poboación



que isto é o normal e que non hai outra solución; que isto é o normal, e que hai que fastidiarse —digámolo así finamente—.

Logo está o tema do Hospital da Costa. ¿Como era a frase?: «Máis e mellores servizos» —«Máis e mellores servizos»—. Desde o 2017 dixeron sempre: máis e mellores servizos, máis e mellores servizos para esa área sanitaria; esa que ían facer desaparecer, pero que non ían facer desaparecer, pero, logo, por sorpresa, si que a fixeron desaparecer.

Pois ben, «Máis e mellores servizos»: o que nos dixeron os médicos e as médicas é que hai problemas moi graves en cardioloxía, en uroloxía, en medicina interna, en dixestivo, en anatomía patolóxica...; tamén a media da atención en psicoloxía é máis dun ano e a media da atención en psiquiatría é seis meses...; sen Hospital de Día Infantoxuvenil, sen Unidade de prevención de suicidio, sen terapeutas ocupacionais... E o que si que houbo sempre —sempre, sempre— foron derivacións para Lugo, día si e día tamén. ¡Toma aquí!, señores e señoras do PP: «Máis e mellores servizos». Pero, por se lles parecía pouco, eu creo que no PP dixeron, na Xunta: total agora na Mariña case non hai xente e case non vai xente. ¿Que tal se no verán, ata mediados de setembro, quitamos 38 camas no Hospital da Costa, que lle van vir de marabilla? Total, ¿como pode ir a peor a situación da sanidade pública?

Isto, que é unha situación así semellante como a da manipulación da TVG —que pensas que vai chegar ao límite, pero sempre hai unha andar máis—, ante esta situación, que é ben miserenta —é ben miserenta—, cando todo o persoal, isto é, enfermeiros e enfermeiras, médicos, médicas, celadores, celadoras... se manifesta todas as semanas diante do Hospital, chega a represión da xente, e, se queren poñer unha faixa así en prol dos traballadores e dos doentes, pois hai que retirala, non vaia ser. Que, ¿logo, tamén se segue concentrando a xente? Pois, desde a dirección do Hospital, pídese o número e os datos, e quérese identificar todas as persoas que asisten. En termos do PP é «neutralidade ideolóxica», para que o teñades claro. E, despois, ¡vaia sorpresa!, o día antes de que haxa unha grandísima concentración na Mariña, vemos a directora do Hospital en actos do Partido Popular, e, así, xa se pecha o ciclo.

Pódese culminar, como a guinda do pastel, con que, cando 5.000 persoas se manifestaron en Viveiro pola sanidade pública, ¿cren vostedes que houbo aí ese día, en Viveiro, algunha cámara da Televisión de Galiza? Obviamente non, por suposto que non. Habería moita actividade en todo o país, estarían lonxe..., pois non; estaban en Mondoñedo ese día, cubrindo unha concentración de motos, de trescentos e de trescentas moteiras, porque así xa se pecha o ciclo e temos o resumo do que é o proceder do Partido Popular: primeiro, privatizas a sanidade pública; logo, reprimes a xente que se manifesta e que non queren ter unha sanidade pública privatizada; logo, xa o manipulamos nos medios públicos. Pechas o ciclo, acabouse o conto, e aquí non pasou nada. E isto é o día a día, e pasa coa sanidade e pasa con moitísimos outros sectores.

Para rematar, señores e señoras do Partido Popular, teñan coidado que, como xa se viu, cando aceleras tanto —tanto—, ás veces, pásaste de freada e píllante —e píllante— *con el carrito del helado*.

Así que, freen un pouco, pois, encima, na Mariña hai un pobo digno e á fronte de vostedes. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes de novo.

Moitas grazas, presidente.

Hoxe imos falar do Hospital da Mariña e da súa área sanitaria, e permítanme empezar recoñecendo, con humildade, que hai cousas que mellorar. Temos moito que mellorar na sanidade pública, e tamén na Mariña.

A principal cousa que hai que mellorar, e que é compartida por todos os hospitais comarcais de España, é a falta de profesionais especialistas; tema moi debatido neste Parlamento, e tema sobre o cal a única responsabilidade é do Goberno central. A Xunta de Galicia oferta o cen por cento das prazas dispoñibles para formar especialistas, (*Aplausos.*) e sabemos que o problema que temos nos comarcais é un problema real, especialmente cando se trata de atraer e de reter médicos neste tipo de hospitais. Tamén lles quero dicir, con claridade e con responsabilidade, que, sen unha área sanitaria única sería moito máis difícil —para non dicir imposible— manter e mellorar a atención sanitaria na Mariña.

A integración da Área Sanitaria non supuxo perda ningunha, como algúns afirman, todo o contrario. Grazas á Área Sanitaria única, optimizamos os recursos, ampliamos os servizos, reforzamos os equipos multidisciplinares e garantimos a continuidade asistencial dos pacientes da Mariña. E estes son feitos, non son opinións, porque, hoxe, o Hospital de Burela ten máis servizos, ten máis prestacións, ten máis especialización e máis calidade asistencial que nunca antes; e isto non se podería conseguir sen a coordinación e sen a planificación da Área. Non é certo que se debilitase o Hospital. Hoxe é significativamente máis forte que cando vostedes gobernaban.

Miren, o medible non é interpretable. Desde o ano 2010, o hospital da Mariña conta con 154 profesionais máis traballando no centro hospitalario, o que supuxo un incremento do 28,5 por cento. Agora mesmo, profesionais do Hospital Universitario de Lugo, do de Monforte, e do da Coruña estanse a desprazar á Mariña para reforzar aqueles servizos hospitalarios que o precisan, tanto en gardas como en consultas. As últimas medidas de reforzo adoptadas permitiron, por exemplo, atender, nos primeiros días do mes de xuño, máis de trescentos pacientes de cardioloxía, atendidos polo médico especialista. Sabemos que hai dificultades, pero créanme que o Goberno do Partido Popular está a facer todos os esforzos posibles que se poden. E hoxe, co Partido Popular no Goberno, estase a piques de resolver un concurso que xa permitiu incorporar cinco novos especialistas ao Hospital de Burela e que servirá —iso pretendemos— para cubrir dezasete prazas máis. Ademais, lonxe de recortar os servizos, como aquí se escoitou —porque parece que hoxe non hai o Hospital na Mariña—, incrementáronse, ao longo das lexislaturas do Partido Popular, ámbitos tan importantes, por exemplo, como na oncohematoloxía, con que se evitan milleiros de desprazamentos cada ano. Pregúntenlles —pregúntenlles— a eses pacientes oncolóxicos que, desde o ano 2014, por primeira vez na Mariña, deixaron de ter que desprazarse para Lugo



ou para A Coruña para recibir a quimioterapia, e, cando vostedes gobernaban —tanto o Partido Socialista como o BNG—, ese servizo non se prestaba en Burela —vostede era moi novo, non estaba daquela— pero non se obrigaba a desprazarse centos de quilómetros. Eses datos son incuestionables. No Distrito da Mariña, preto de tres mil persoas recibiron tratamento oncolóxico desde a posta en marcha deste servizo, evitándose 23.000 desprazamentos para Lugo.

Tampouco estaba en marcha, co Bipartito, o Servizo de hospitalización a domicilio; non había TAC; non había resonancia...; e estes servizos funcionan hoxe con plena operatividade. ¿De que deterioración falan? ¿A quen pretenden convencer? Miren, levan dezaseis anos mentindo sobre o futuro dos hospitais comarcais, xogando coa poboación, con ameazas de desmantelamentos e de recortes, e incluso chegaron a *buzonear* e a repartir folletos polos mercados con falsos peches que nunca se produciron.

E tamén se puxeron en marcha medidas de calado laboral para mellorar as condicións e para facer máis atractivas as prazas. Hoxe os profesionais que apostan por traballar na Mariña teñen unha puntuación adicional e teñen melloras para avanzar na carreira profesional. E o Hospital da Mariña tamén viu mellorada a infraestrutura desde 2018. Foi o Partido Popular que impulsou a súa ampliación e a súa remodelación. Non van negar aquí eses 6.000 metros cadrados; as novas habitacións de consultas; ese investimento xa feito de 20 millóns de euros; renováronse as tecnoloxías e prevese un novo investimento de 30 millóns de euros.

Por certo, señora Méndez, mentres que vostedes, no BNG e no Partido Socialista, anunciaban peches, a Xunta reforzaba servizos, reforzaba as infraestruturas e reforzaba o persoal. E sen unha área única isto non sería posible.

Mire, eu traio aquí o que vostedes pretendían no Bipartito. *(A señora Amigo Díaz mostra un documento.)* Isto é da Consellería de Sanidade, de 2008, que pretendía que esta área: *(A señora Amigo Díaz le un treito do documento mencionado.)* «El Área Sanitaria de Ferrol se encuentra repartida entre las provincias de A Coruña y Lugo, contando con cerca de trescientos mil ciudadanos. Y este área estaría formada por dos zonas sanitarias: Ferrol y la costa». Isto era o que propoñían vostedes.

Mire, crear unha área sanitaria propia, aí na Mariña —créame—, non ía resolver todos os problemas que hoxe teñen. Nós comprendemos perfectamente que a veciñanza exixa máis recursos e máis melloras, pero é lexítimo e é o natural, que exixa que o hospital mellore.

Nós tamén, desde logo, aspiramos a seguir mellorando, pero o que non se pode é disfrazar de reivindicación sanitaria o que claramente é unha estratexia política partidista, como vemos en certas plataformas ateigadas de cargos públicos e militantes do PSOE e do BNG. Non se pode facer da sanidade un campo de batalla electoral permanente nin utilizar o medo para debilitar a confianza da xente no sistema público. Nós non imos entrar nestas dinámicas. Nós non insultamos, non manipulamos, non xeramos alarmas e non mentimos. Nós traballamos, e traballamos con feitos; feitos, como que, grazas ás medidas adoptadas pola Xunta, hoxe temos prazas clave cubertas no Hospital da Mariña e nos centros de saúde da comarca, que, doutro xeito, estarían vacantes.



Vostedes non contan aquí nin lle din á veciñanza que isto foi posible porque se puxeron en marcha leis e convocatorias, que vostedes votaron en contra aquí, no Parlamento; e non unha vez nin dúas, senón ata tres veces votaron en contra da lei para cubrir prazas sen oposición, os concursos de méritos, as ofertas públicas de emprego e as melloras laborais que fixeron máis atractivas as prazas nos hospitais comarcais.

Por suposto, non negamos que seguimos tendo desafíos importantes por diante nesta comarca da Mariña e, aínda que lles pese, a veciñanza da Mariña confía maioritariamente en nós para xestionar o seu sistema público de saúde; así o demostra en todas cantas convocatorias se fan, nas cales o Partido Popular é a forza política máis votada en todos os concellos, sen excepción. Vostede, señora Lara, sábeo ben, xa que é de alí. *(Murmurios.)* Faino con certas dificultades, pero o Hospital de Burela avanza con máis servizos, con máis persoal e con máis investimentos.

Traen aquí unha proposta que non busca mellorar, o que busca é desgastar. Non busca sumar, busca confrontar, e iso, sinceramente, non fai ben á sanidade pública. Nós imos seguir defendendo, con traballo serio, con melloras reais e co convencemento de que só fortalecendo a Área Sanitaria se pode garantir unha atención digna e completa para toda a comarca.

A Mariña merece máis que discursos de confrontación, merece coherencia: máis coherencia e menos hipocrisía e cinismo. Desde logo, non nos van atopar, señora Méndez, no ruído, senón no compromiso.

Como lle dicía, A Mariña merece máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...estabilidade, máis planificación, máis investimentos e máis profesionalidade; non merece discursos de confrontación.

Iso é o que está a facer o Goberno do presidente Rueda. Estamos comprometidos coa mellora do sistema público de saúde da Mariña e do resto dos hospitais públicos de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Señora Amigo, voulle contar: o meu irmán naceu na casa porque naquel momento non había hospital en Burela, e non se arriscaban a facer esa quilometraxe, con infraestruturas aínda máis complicadas, non fose ser que tivese que nacer na metade do camiño.

¿Sabe quen impulsou o Hospital Comarcal da Costa? Un goberno socialista; *(Aplausos.)* un ministro como Ernest Lluch foi o que fixo ese hospital. ¡Claro, que me veña dicir agora que



se foi avanzando...! Por certo, ademais, o señor Balseiro tamén se arrogou esa potestade porque tamén dixo que fora o seu goberno que fixera alí o Hospital. Ao mellor, foi tamén un lapso, pois era un momento en que o señor Balseiro era membro aínda do Partido Socialista, pero a verdade é que foi un goberno socialista o que fixo ese hospital e foi un goberno socialista que o impulsou.

Señora Amigo, voulle dicir unha cousa: estanos atacando de mentir e de andar buscando a confrontación, cando o único que estamos a facer é ser o altavoz da Xunta de Persoal dos médicos e das administracións, porque os seus alcaldes tamén, coa boca pequena, van alí, xunto do seu veciño, pola tarde, á súa casa —para que non o vexa ninguén—, dicirlle: «Si, home, si..., é que a situación alí está moi mal e moi complicada, pero ¡bueno!, a ver se che podo facer unha xestión para ver se podes ir un pouquiño antes...». Isto é pola porta de atrás. Ao mellor, non sei se o fan ou non o fan, pero o que si é certo é que, coa boca pequena, lle recoñecen a mala situación que está a vivir o Hospital da Mariña porque é unha realidade, señora Amigo. E, á parte, pasa co Hospital da Mariña, en particular porque jé o peor hospital de toda Galicia! É o peor hospital e o que ten as peores condicións. Así o din: en 36 anos de vida, nunca estivo tan mal, nunca estivo peor.

Fala vostede sempre de botar balóns fóra e de culpabilizar o Goberno central. Voulle dar un dato: as prazas de formación especializadas no Goberno de Rajoy eran bastante —espere, é que, ao mellor, así non o coñecen: M. Rajoy— (*Risos.*) menos do que son agora —si, failles moita graza—; é dicir, gobernando o PSOE, incrementouse nun 48 por cento as ofertas desas prazas e as prazas MIR incrementáronse nun 35 por cento. E seguiremos a traballar para seguir mellorándoas.

Teñen que poñer máis recursos económicos, máis materiais e infraestruturas, e teñen que poñer máis persoal, e non en condicións precarias, porque o persoal, ao final, ten que marchar —¡ten que marchar!—. Unha internista do concello de Viveiro acabou marchando para Vigo pola precariedade que estaba a sufrir, sendo oriúnda de Viveiro e traballando no Hospital da Mariña. Ou como me pasou recentemente: parei a tomar un café e encontreime cunha médica, que parou tamén alí a tomar un café. Viña en taxi e, como coñecía o taxista, puxémonos a falar. Díxome que volvía de Burela para Vigo —que era onde ela traballaba— porque, desde Vigo, viña de facer unha garda. Xa non só desde Lugo, ¡desde Vigo!, ía facer unha garda ao Hospital de Burela! Esa é a situación que teñen: sen recursos materiais e sen infraestruturas —vai cando pode e, se non, prioriza Vigo e deixa sen atender o Hospital de Burela—. Xa digo: sen materiais; sen infraestruturas; sen recursos económicos; e con falta de persoal, un persoal moi precario, un persoal exhausto e un persoal que está que non aguanta máis a situación porque está afectando a súa propia saúde. Non queren desatender os seus pacientes, señora Amigo —cunhas listas de espera que son insoportables—, o que queren é ter a capacidade para poder facer o seu traballo con dignidade e, sobre todo, para atender os pacientes e protexer a súa saúde.

O que están a pedir non é outra cousa que recuperar a Área Sanitaria que o Partido Popular lles arrebatou.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Julio García Comesaña e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación coa protección ambiental e posta en valor do río Miño no seu treito internacional

O señor PRESIDENTE: Presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar o encabezado da parte resolutiva, que quedará redactado co seguinte texto:

Onde di: «O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, no marco das súas competencias, dirixirse ao Goberno de España para:»; debe dicir: «O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, no marco das súas competencias, promover a recuperación da dragaxe controlada e ambientalmente sostible na desembocadura do río Miño, como ferramenta para garantir a navegabilidade e a seguridade.»

Emenda de supresión.

Débese suprimir o punto número 4 do texto da parte resolutiva.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Brais Ruanova Vilas-Boas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a:

1. Demandar do Goberno Central a transferencia a Galiza das competencias sobre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, así como dos recursos necesarios para a súa xestión.

2. Namentres non se materializan esa transferencia, instar ao Goberno Central a aprobar, en coordinación co seu homólogo portugués, unha Estratexia Integral de Rexeneración Integral do Tramo Internacional do Río Miño, que free o grave deterioro que sobre o río no seu tramo final, que conteña unha planificación de medidas e actuacións respectuosas co medio ambiente, que garantan a actividade da pesca tradicional, o desenvolvemento sostible do turismo e a promoción económica, contando para iso con financiamento dos Fondos Europeos Transfronteirizos.



3. Colaborar coas administracións competentes para a adopción dun Plan para o control e eliminación das especies exóticas e invasoras da conca e das marxes do río Miño en todo o seu percorrido.

4. Denegar e paralizar os proxectos de ampliación e construción de macrocentrais hidroeléctricas de bombeo (ou reversibles), como a de Filgueira no concello de Crecente, polo seu impacto ambiental sobre a dinámica fluvial e sobre os caudais ecolóxicos do río.

5. Instar ao Goberno Central a impulsar conxuntamente co Goberno de Portugal a constitución dun organismo civil con competencias delegadas de xestión do tramo internacional do río Miño, do seu entorno natural e do seu cauce fluvial co obxectivo de velar pola súa protección ambiental, realizar o control dos verquidos, regulala actividade pesqueira e adoptar medidas de rexeneración e recuperación do treito internacional do Miño.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

A proposición non de lei que hoxe presentamos aquí non naceu do tacticismo político, senón que é un trámite parlamentario. Esta iniciativa naceu dun compromiso do Partido Popular cun territorio que leva demasiado tempo esquecido polo Goberno de España e polos seus socios.

Estamos a falar do treito internacional do río Miño, un espazo natural de enorme valor ecolóxico, social e económico, cuxa xestión e conservación competen directamente, señores do Partido Socialista —e dígoos de cara á emenda—, ao Estado e, concretamente, á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. É competencia exclusiva do Estado a xestión do treito internacional do río Miño.

O Miño é un dos grandes ríos da península. Ao longo do seu treito internacional, que marca a fronteira natural entre Galicia e Portugal, non só flúe a auga: flúe a historia, flúe a identidade, flúe a cooperación transfronteiriza, flúe a biodiversidade e flúe tamén o sustento de moitas familias e concellos, que ven como o seu río se deteriora día a día, sen que ninguén do Goberno central reaccione.

Na zona —como saben— coñécese o río como o «pai Miño». Esta é unha moción de petición de auxilio para o «pai Miño». Esta iniciativa recolle reivindicacións que, ademais, son compartidas por todos os concellos afectados —Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra, Tui, O Rosal, Tomiño e A Guarda—, con independencia da súa cor política, e tamén pola sociedade e por algúns dos responsables de aspectos importantes que atanguen ao río.

Hai unhas semanas, celebramos un acto simbólico nunha pesqueira tradicional no concello de Arbo coa participación dos nosos alcaldes, voceiros, concelleiros, deputados autonómicos, senadores e deputados no Congreso. Alí estivemos escoitando directamente as preocupacións



do territorio e, de alí, precisamente, despois de rexistrar esta iniciativa, xurdiu un movemento de iniciativas en distintos ámbitos.

Fronte á inacción do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o silencio da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o Partido Popular tomou a iniciativa e presentou propostas en todas as institucións: esta PNL no Parlamento —como dicía—; unha moción no Senado, xa debatida, por certo —co resultado que logo comentarei—; unha proposición que vén do Congreso; e mocións nos concellos afectados.

A situación do treito internacional do río Miño é crítica. Non o dicimos nós, senón que o din —como dixer— os alcaldes, os veciños, os clubs deportivos, os pescadores, os empresarios turísticos..., e dino tamén os feitos; pero existen problemas gravísimos que se cronificaron pola desidia do Goberno de España nos últimos anos e pola conivencia dos seus socios. E digo —insisto— «Goberno de España» porque é o que ten as competencias nese treito do río. Falamos da xestión irregular do caudal ecolóxico, con variacións bruscas que prexudican os ecosistemas piscícolas; da proliferación de algas e de especies invasoras, tanto de fauna como de flora; da sedimentación do leito fluvial, agravada pola prohibición absoluta de dragaxe, o que fai intransitables moitos tramos deste río; da falta de harmonización normativa entre as dúas marxes do río; da obsolescencia do Regulamento de navegación; do descontrol no transporte fluvial de pasaxeiros; ou das necesidades de conservar as tradicionais pesqueiras de que falaba antes.

A proposición que hoxe defendemos propón unha folla de ruta clara para atallar todos estes problemas. Non vimos só sinalar o que está mal; vimos con solucións. Propoñemos, entre outras medidas incluídas na PNL rexistrada, as seguintes: avaliar o cumprimento do caudal ecolóxico, desenvolver un plan de loita contra as especies invasoras, promover a dragaxe sostible e controlada, harmonizar as normativas e facilitar a xestión da biomasa, actualizar o Regulamento de navegación, reforzar a inspección das embarcacións de pasaxeiros e protexer —estrutural e patrimonialmente— as pesqueiras.

Non deixa de chamar a atención, neste caso, a postura do Bloque Nacionalista Galego, que, sendo —como digo— cómplice da inacción do Goberno do Estado, hai unhas semanas —despois precisamente de presentar a iniciativa no Parlamento de Galicia—, foi alí e propuxo unha idea tan absurda como innecesaria, como é crear unha autoridade única de gobernanza transfronteriza. Supoño que a persoa que debata esta PNL nos falará das bondades de crear ese ente e, logo, poderemos comentalo con máis detalle. Non deixa de chamar a atención que, mesmo neste caso —nesta situación—, ao BNG, lonxe de criticar a inacción do Estado, lle ocorra esta iniciativa.

Todo isto pasa mentres levamos dous anos reclamando sen éxito unha reunión entre os alcaldes ribeiráns e a ministra de Transición Ecolóxica, que xa foi pedida en dúas ocasións. Non entendo como o Bloque non axuda a que esta reunión se produza cando, ademais, moitos dos que están demandando esta reunión son alcaldes do BNG. Iso sería moi útil e realista.

A verdade é que a actitude da senadora do BNG o outro día, na comparecencia do presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, foi patética. A conclusión á cal chegaron foi que



a ver se pedindo un fondo transfronteirizo —un POCTEP— se podería arranxar a situación do río Miño. Eu creo que calquera que saiba o que son os proxectos de cooperación transfronteriza se dá conta do absurdo da petición. Por iso, é especialmente valioso que hoxe (*O señor García Comesaña olla para a Tribuna das convidadas e convidados e sinala para ela.*) nos acompañen aquí dous alcaldes da comarca, o de Arbo e o de Salvaterra —aos cales, por suposto, agradezo a súa presenza—, que levan anos loitando por isto nos seus concellos e que, a diferenza doutras forzas políticas, non veñen agora subirse ao carro, senón que levan tempo empurrando.

Señorías —como dicía—, esta iniciativa non busca culpables, senón solucións. A Xunta de Galicia leva anos demostrando o seu compromiso co Miño, pero a dimensión transfronteriza e multisectorial dos problemas que estamos comentando exige a implicación, claramente, do Goberno de España; implicación que ata hoxe brilla pola súa ausencia. O que pedimos non é nada extraordinario; pedimos que o Goberno sente a falar cos alcaldes do territorio —unha cuestión que nos parece bastante sinxela—; que trate o Miño como o que é, un patrimonio natural e cultural único, e un activo para o desenvolvemento rural —do que hoxe se falou aquí—; e un exemplo de cooperación internacional.

Señorías, esta proposición non de lei representa unha oportunidade para cambiar a dinámica do abandono pola dinámica do compromiso. Apoiar esta iniciativa non é apoiar un partido, é apoiar os veciños do Miño. Desde este grupo parlamentario, pedímoslles o seu voto favorable porque o Miño non pode esperar máis.

Señorías, cómpre insistir en que estamos ante un problema real e diario que afecta, diaria e directamente, a calidade de vida dos veciños e a sostibilidade do territorio. Non estamos ante unha reclamación abstracta, senón ante unha realidade que nos interpela como representantes públicos. E volvemos reiterar: a Xunta de Galicia cumpriu con esa parte, con investimento real —como é a promoción do río como recurso turístico e ambiental— ou con iniciativas para a conservación do ecosistema, pero sen unha implicación do Goberno central —insisto por terceira vez: o órgano competente da xestión dese treito do río na parte española— realmente é moi difícil, e, desde logo, é un muro de incompetencia e de silencio.

Cómpre lembrar tamén que os concellos ribeiráns —dicía— levan anos facendo un labor de contención: reclamando, informando e mesmo facendo labores que non sempre lles corresponden para, simplemente, non abandonar os seus veciños. Por iso, o noso compromiso non é cos titulares nin cos anuncios, senón con solucións concretas. Esta PNL representa unha chamada á responsabilidade política e institucional. Non podemos permitir que o Miño se converta nun río ignorado polas administracións ou nun río esquecido, nin pola súa historia, nin pola súa riqueza ecolóxica, nin polo que representa á identidade galega para a cooperación entre os pobos irmáns, como son o de Galicia e o de Portugal.

Eu pido ao Partido Socialista que non faga como na moción do Senado, que foi, neste caso, votar en contra, e pido ao Bloque absterse. Creo que temos que, de verdade, mollarnos polo Miño.

Móllense no Miño, móllense polo río Miño e móllense polo pai Miño.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pola quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Teño unha cuestión previa rapidísima, señora Pérez: eu non fixen ningún tipo de *performance*, simplemente me limitei a condenar o que é contrario aos meus principios. Entendo que vostede non ten iso na experiencia vital porque o Partido Popular fai condenas selectivas, pero ánimoa a que o faga porque é bo, sobre todo moralmente. Despois, dígolle que tampouco coñece vostede moito o concepto de *performance*; entón, para que vostede vexa unhas boas *performance*, recoméndolle a páxina do TikTok do Partido Popular de Galicia —do PPdeG—, e xa verá vostede algunhas *performance* estupendas que teñen alí.

Señor Comesaña, eu comparto moitas das cousas que vostede dixo e, acostuada aos debates que levamos facendo aquí durante todo o día, agradezo tamén o ton. Nós, no Grupo Socialista, valoramos tamén o noso río Miño, como símbolo da identidade, da historia e do presente e do futuro de Galicia. Tamén defendemos que é unha arteria de vida que alimenta a cultura e que vertebra moitas das comarcas que percorre. Dicía tamén que é importante para o futuro de Galicia porque as súas augas acollen unha gran biodiversidade e especies autóctonas que cómpre protexer. É unha reserva de vida que debe de ser preservada fronte calquera ameaza ambiental, dende a contaminación industrial ata a sobreexplotación dos recursos; debe de ser preservada tamén, dende o punto de vista económico, porque dá de beber a moitos dos nosos campos e sostén, polo tanto, a agricultura e a viticultura das súas comarcas. Ademais, tamén beneficia un turismo sostible. Nós defendemos, polo tanto, que a posta en valor deste río e a súa conservación son un deber político e social; para iso, hai que investir na conservación e promover proxectos de investigación, de educación ambiental e de xestión transfronteiriza do río.

Dito isto, creo que é importante falar aquí de competencias. A conca hidrográfica do río Miño comprende, por unha banda, un tramo fluvial, sen influencia das mareas e, por outra banda, un tramo próximo á desembocadura, con influencia das dinámicas costeiras. A competencia da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil circunscríbese ao dominio público hidráulico, mentres que, augas abaixo do río Caselas, no tramo internacional con influencia das mareas, o dominio público marítimo-terrestre é competencia da Dirección Xeral de Costas, a través do Servizo de Costas de Pontevedra. Creo que esta aclaración de competencias é importante, sobre todo para xustificar a nosa emenda e o noso posicionamento. Creo que esta proposta non estivo moi consensuada co Goberno da Xunta do Partido Popular. Faltou aquí a coordinación. ¿Por que? Voulle explicar: aquí piden vostedes, no punto primeiro da iniciativa, o cumprimento do caudal ecolóxico mínimo. Pois ben, están vostedes pouco informados porque isto xa está suficientemente regulado. Por unha banda, está o Real decreto 35/2023 do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Miño-Sil —o ciclo de planificación é 2022–



2027—, no cal se establece, de forma trimestral, o réxime de caudais ecolóxicos mínimos para todas estas masas de auga superficiais da demarcación e o réxime de caudais mínimos de baleirados. Despois, a maiores, isto é reforzado co Convenio sobre cooperación para a protección e aproveitamento sostible das augas das concas hidrográficas hispano-portuguesas; un convenio que entrou en vigor no ano 2000 e que foi posteriormente revisado no ano 2008. Este establece mecanismos para a coordinación de accións para promover e protexer o bo estado das augas superficiais, para o aproveitamento sostible desas augas e para mitigar os efectos tanto das inundacións como dos períodos de seca ou de escaseza, establecendo tamén un réxime de caudais mínimos nas diferentes concas.

Infórmolles tamén de que o artigo 2 do Convenio —que lin agora— establece esa estación de control no salto da Frieira; establece os réximes de caudais mínimos integrais, que teñen que ser de 3.700 hectómetros cúbicos ao ano; e establece tamén cando se aplicarán e cando non estes mínimos. Di que non se aplicarán cando na conca, dende o inicio do ano hidrolóxico —dende o 1 de outubro ata o 1 de xullo—, sexa a precipitación media acumulada inferior ao setenta por cento no mesmo período. Incluso, para reforzar este protocolo, fíxose recentemente unha revisión do Convenio, e establecéronse como caudais integrais trimestrais mínimos os seguintes: do 1 de outubro ao 31 de xaneiro, 440 hectómetros cúbicos; do 1 de xaneiro ao 31 de marzo, 530 hectómetros cúbicos; do 1 de abril ao 30 de xuño, 330 hectómetros cúbicos; e do 1 de xuño ao 30 de setembro, 180 hectómetros cúbicos. Polo tanto, está suficientemente regulado e, a maiores disto, está reforzado tamén co Sistema automático de información hidrolóxica e cun sistema automático de información e de control de caudais. Polo tanto, encárganse ambos da adquisición, do control e da supervisión destes datos hidrolóxicos.

Pedían vostedes tamén, no punto segundo, o control de especies exóticas e invasoras. Este labor de recuperación, de mellora na composición e de mellora dos hábitats estase a facer dentro do Programa de conservación e mellora do estado ecolóxico dos ríos da conca do Miño-Sil, da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Ademais, lévanse a cabo esas actuacións que dicía: de detención, de seguimento e de erradicación de especies invasoras. Falaba vostede do proxecto POCTEP, ese programa operativo de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal. Existe vixente un programa co horizonte 2021-2027 que, ademais, está coordinado coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, en que intervén tamén a Universidade de Santiago de Compostela e no cal interveñen tamén universidades homólogas portuguesas, como a APA —a Axencia Portuguesa do Ambiente— e o Instituto da Conservación da Natureza e das Florestas, cun orzamento da Confederación Hidrográfica de máis de cincocentos mil euros.

No punto catro —aí vai a nosa emenda—, vostede falaba da dragaxe. Nós cremos que é importante esa dragaxe controlada e ambientalmente sostible para mellorar a navegabilidade e a seguridade do río, pero cremos tamén que o tramo no cal se valora a necesidade da dragaxe pertence a unha parte do río que é competencia da Xunta de Galicia, porque é a parte da conca; polo tanto —como lle dicía—, é competencia da Xunta, e diso vai a nosa emenda. Se vostedes coinciden con nós nesas necesidades, espero que a acepten e a asuman.

Falaba tamén do cumprimento das obrigas en materia de xestión da biomasa, e dígolle que, a través do Real decreto que lle mencionaba antes, tamén se está a facer. Sobre a actualiza-



ción do Regulamento da navegación do río Miño hai, neste momento, un tratado internacional vixente entre España e Portugal que se encarga da seguridade desa navegación náutica de recreo nese tramo internacional.

Señorías do Partido Popular, creo que esta iniciativa non ten moito sentido porque moitas das cousas que vostedes piden estanse a facer e outras son tamén competencia da Xunta de Galicia; pero como cremos que defender o Miño é defender Galicia, cremos e apostamos por un futuro sostible e estamos orgullosos do noso patrimonio natural, imos, polo tanto, apoiar a iniciativa. Por outra banda, pídolles tamén que apliquen vostedes o conto na conservación dos ríos, como, co río Ulla, porque parece que ese, para vostedes, non paga a pena ou non existe.

Por último, dicimos que na Confederación Hidrográfica, así como no Goberno de España, son conscientes da necesidade da conservación do río Miño. Pedimos tamén ao Goberno galego a mesma implicación porque o río Miño non pertence a unha soa administración, senón que pertence a varias e tamén pertence a toda a cidadanía galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pola quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidenta.

Cada vez que se fala do río Miño, a min sempre me vén á cabeza ese cadriño de Castelao titulado *Á beira do Miño*. Nese cadro, un rapaz e un vello están á beira do río, efectivamente, e o rapaz preguntalle ao vello: «E logo, ¿os da beira de aló son máis estranxeiros cós de Madrid?».

Xa daquela Castelao identificou moi ben o sentir das galegas e dos galegos que viven na beira do Miño transfronteirizo, que, realmente, nunca foi unha fronteira para nós. Máis ben, todo o contrario. O río Miño, lonxe de ser un muro para Galiza é, e debe de seguir sendo, unha ponte: unha ponte entre dous pobos cunha historia común; unha ponte entre dous pobos cun sentir e cun vivir compartillado; e unha ponte que, hoxe en día, significa servizos compartidos, dinamismo económico, cooperación, irmandade e moito, moito máis.

A iniciativa que trae o Partido Popular é unha iniciativa, efectivamente, de moi boas palabras, pero no Bloque Nacionalista Galego entendemos que non está centrando as cuestións centrais de por que o río Miño internacional está como está. É unha iniciativa coa cal, no BNG, podemos compartir gran parte dos puntos que nela se propoñen, pero que non vai ás causas raíz dos problemas ambientais do río Miño.

A situación do río Miño transfronteirizo, sobre todo, xorde de dúas cuestións que non son menores. En primeiro lugar, é que, no día de hoxe, o río Miño internacional é unha fronteira militarizada, onde o único organismo que existe é a Comisión Permanente Internacional do



Río Miño, creada no século XIX e con mando militar —por unha banda, a Comandancia Naval da Mariña, en Tui, e, pola outra, a Capitanía do Porto de Caminha—. O que precisamos para a xestión e para a posta en valor do río Miño non son figuras do século XIX, son instrumentos do século XXI. Esta comisión, con apenas competencias en materia de pesca e de caza, non está supoñendo un verdadeiro organismo de cogoberno.

En segundo lugar, o río Miño é un río privatizado. En termos xerais, hai que sinalar que a conca do Miño-Sil é unha das máis explotadas polas empresas eléctricas; empresas que non respectan nin tan sequera o caudal biolóxico mínimo, que está subordinado aos seus intereses económicos. Cada vez que se abren as comportas, os sedimentos son arrastrados alterando o sistema fluvial, as correntes, e tendo un impacto moi negativo na pesca. O río Miño está practicamente privatizado en mans de empresas multinacionais eléctricas que controlan e regulan o caudal do río á súa conveniencia. Polo tanto, estes dous elementos son o cerne do que deriva o conxunto de problemáticas que levaron ao río Miño, nomeadamente no seu tramo internacional, ao seu estado actual.

O Partido Popular, lonxe de querer poñer algunha solución ás cuestións que son a raíz da problemática, propón unha iniciativa que —como digo— relega todo aos parches, ao pos-tureo e, o que é máis preocupante, ao centralismo. As galegas e os galegos que sabemos o que significa vivir e, sobre todo, que sabemos o que significa compartir vida nunha zona transfronteiriza, tamén sabemos que o treito internacional do río Miño debe de ser unha cuestión política de primeiro nivel para este país. Por iso, é moi preocupante como o Partido Popular de Galiza se instala nunha posición de deixar que fagan dende Madrid e nin tan se-quera reclama un marco competencial completo sobre un elemento como é o Miño interna-cional, que é fundamental para o desenvolvemento e as nosas relacións con Portugal. Pero o peor de todo é que non nos sorprende porque, como levamos vendo, estamos diante do PP máis centralista e antigalego de toda a historia. Vímolos ao comezo deste pleno, cun Partido Popular votando en contra de que Galiza teña a chave dos seus cartos a través dun concerto económico; vémolos nese control ideolóxico que queren impoñer no ensino e onde membros da Xunta —agora xa sen reparo ningún— comparten o discurso máis nocivo da extrema dereita; e vémolos tamén nun presidente que encobre, protexe e despide entre louvanzas un presunto agresor sexual, membro do seu Goberno. *(Aplausos.)*

Realmente, hai moito tempo que están tirados ao monte e usan incluso este Parlamento como un elemento máis do discurso ultra contra o BNG —ao que dedicou gran parte da súa intervención, señor Comesaña— e tamén contra o Goberno central. Esta iniciativa —que, efectivamente, podía ser unha oportunidade para avaliar escrupulosamente as causas das problemáticas do río Miño, ou incluso para aumentar as nosas competencias e a nosa sobe-ranía— trouxérona aquí unicamente para seguir nese *pim-pam-pum* que teñen co Partido Socialista, que no BNG non fai máis que reafirmarnos no noso posicionamento de sermos nacionalistas galegos e galegas. Para o BNG, a situación do río Miño si é unha cuestión prio-ritaria e, por iso, presentamos unha emenda que, fronte aos parches, fai fincapé nos pro-blemas raíz aos que se enfronta o río Miño.

En primeiro lugar, hai que aumentar o marco competencial que ten este país pedindo a transferencia das competencias da Confederación Hidrográfica. É certo que, mentres non se



materializan, hai que exixirlle ao Goberno do Estado que cumpra certos requisitos e, por iso, tamén propoñemos que colabore co seu homólogo portugués nun plan integral de rexeneración do río. Neste punto, recollemos en gran medida as demandas que fai o Partido Popular na súa iniciativa.

Tamén hai que poñer deberes ao Goberno galego na colaboración da eliminación de especies invasoras, mais tamén en denegar e en paralizar proxectos de ampliación e de construción de macrocentrais hidroeléctricas, como a de Filgueira, no concello de Crecente. Está moi ben que na súa iniciativa falen de variacións de caudal e de dinámica fluvial, pero non propoñen nada para actuar sobre quen está causando iso, que son as empresas hidroeléctricas.

En último lugar, propoñemos —efectivamente— instar o Goberno central ao impulso dun organismo civil —¡civil!— de verdadeira cogobernanza do río. Hai exemplos no mundo que están funcionando cun organismo de cogobernanza civil, con competencias delegadas, que abandone dunha vez por todas as fórmulas militares de hai dous séculos para que as persoas que viven no Miño transfronteirizo poidan deixar de dicir, dunha vez por todas, que no Miño mandan moitos e non manda ninguén.

Señorías do Partido Popular, no BNG levamos traballando anos polo río Miño internacional; levamos anos indo ao territorio, identificando as problemáticas e facendo propostas como as que traemos hoxe; levamos anos traballando en termos económicos, ambientais e de mobilidade; levamos anos traballando incluso dende Europa a través desa eurodeputada que tanto lle molesta ao Partido Popular.

¿E para que vai o Partido Popular ao río Miño transfronteirizo nos últimos anos? Pois xa llo digo eu: *(O señor Ruanova Vilas-Boas amosa unha fotografía.)* para inaugurar un cruceiro. Isto é o que lle importou ao Partido Popular o río Miño transfronteirizo nos últimos anos, ¡inaugurar un cruceiro! *(Aplausos.)*

Remato xa, presidenta.

Se realmente queren traballar para poñer solucións reais que melloren o sistema ambiental do río Miño e se, de verdade, queren traballar para que as persoas que viven e fan vida no río Miño transfronteirizo teñan condicións adecuadas ao século XXI —se de verdade queren facer iso—, únanse á proposta que traemos dende o BNG, que está traballada no territorio con moito, moito tempo de traballo. Pero se o único que buscan con esta iniciativa é o pos-tureo, *(O señor Ruanova Vilas-Boas volve amosar a fotografía anterior.)* nese sentido, non contenco BNG, señorías. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

É a quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa quenda de intervención.

Pecha, entón, o autor da proposición non de lei, o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Grazas, presidenta.



Ben, se iso era postureo, isto e isto tamén é postureo, ¿non? (*O señor García Comesaña amosa dúas fotografías.*) (*Aplausos.*) ¡Claro!... (*Murmurios.*)

Ben, para escapar das fotografías, en primeiro lugar, señora Castro, vostede falaba das iniciativas. A primeira proposta é moi doada, pode facela agora mesmo: chame á ministra de Transición Ecolóxica e pídalle a reunión cos alcaldes, cos dous que están aquí, cos do Bloque e cos do Partido Socialista. É moi sinxelo: unha reunión coa ministra de Transición Ecolóxica. ¿Para que? Para que o Ministerio, que ten as competencias, as exerza. Ese é o primeiro punto, moi doado, facilísimo —se vostede quere—.

Segundo, o que pedimos é que se analice o cumprimento do caudal ecolóxico. O que está sucedendo —díó moita xente, os alcaldes aquí presentes tamén— é que hai oscilacións bruscas. O problema está na brusquidade das oscilacións, e o que pedimos é que se analice. O caudal ecolóxico pódese garantir vendo os litros que vostede di, pero o importante é como se producen esas variacións e aí, o señor Ruanova, ten razón: o que ocorre moitas veces é que son bruscos os cambios. Pois, o que pedimos é que se analice, que iso é o que contempla a iniciativa.

Sobre as especies exóticas, señora Castro, falar dun problema desta magnitude, desta dimensión, para resolvelo cun POCTEP eu creo que calquera... Insisto: o seu compañeiro de escano sabe o que é un POCTEP. Cun POCTEP non se vai a ningún lado. Cun POCTEP faise unha análise, analízase a información, pero non é unha solución para nada. Iso foi o que —insisto— lle contestou o presidente da Confederación á senadora do Bloque; díxolle que era no que estaban traballando. Esta invasión da fauna e da flora require accións moito máis potentes, e é o que pedimos na iniciativa, non pedimos outra cousa.

No punto catro, eu supoño que vostede di que son competencias da Xunta a partir do 1 de xullo, cando, despois da transferencia de Costas, sexan da Xunta, pero creo que ata o de agora —hoxe mesmo— son do Goberno. Polo tanto, cando sexan da Xunta, xa as abordaremos, pero de momento esas competencias son do Goberno de España. O que estamos pedindo, señores do Bloque e do PSOE, é que quen ten as competencias as exerza. Non creo que sexa tan complicado entender isto. E cando sexan doutros, xa as abordaremos tamén, evidentemente. (*Murmurios.*)

Dende logo, estamos de acordo con que o río Miño ten que ser unha ponte en lugar dun muro. Quedo con estas declaracións do Bloque Nacionalista Galego, que lle vou comentar aos meus compañeiros da bancada: «*cómpre superar, dunha vez por todas, a idea da fronteira como unha barreira*». Isto díó o Bloque falando do río Miño. Sexan benvidos a esa cooperación internacional e benvidos a esa concepción do río Miño.

Vostede fala de que é unha fronteira militarizada. Ben, si... Pregúntelle ao comandante dese destacamento militarizado que pensa da situación do Miño. Vostede tamén fala dese marco competencial. No DEA —no debate do estado da nación—, este grupo parlamentario trouxo unha proposta para nomear o director. ¿Que votou o BNG? ¿Que votou? *Cri, cri, cri, cri, cri...* ¿Que votou o BNG? (*Risos.*) ¡Abstívose! Ben, ¡menos mal!... (*Aplausos.*)

Claro que queremos as competencias e loitaremos por elas, o que non queremos é esa entidade transfronteiriza, transnacional e civil para resolver un problema que ten nome e ape-



lidos: o Goberno do Estado, que non fai nada —o Partido Socialista, por iso llelo dicimos—, e o Bloque Nacionalista Galego mira para outro lado. Si, fai manifestacións e organiza unha manifestación mañá nas sedes do Partido Popular. Iso é o que fai o Bloque Nacionalista Galego cando o Partido Socialista non fai nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

¿As emendas? ¿Ningunha das dúas aceptan?

O señor GARCÍA COMESAÑA: Si... As emendas non as imos aceptar polo que acabo de expoñer agora. Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Vale, perfecto.

Continuamos, pois, coa última proposición non de lei da sesión plenaria desta tarde.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Taibo Corsanego e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que pida desculpas pola organización dunha recepción ao representante da Embaixada de Israel tendo en conta a situación en Palestina

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda.

Para defendela, ten a palabra a señora Taibo.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

A Oficina de Dereitos Humanos das Nacións Unidas denuncia que máis de 400 palestinos e palestinianas foron asasinados nas últimas semanas cando tentaban acceder á axuda humanitaria. O Estado de Israel, só desde outubro de 2023, asasinou máis de 56.000 persoas, derrubou hospitais, está a matar sen escrúpulos miles de crianzas, asasina xornalistas para tentar ocultar o masacre e o xenocidio planificados e utiliza a fame como arma de guerra, convertendo a Faixa de Gaza nun auténtico campo de exterminio, ignorando, impunemente, todo o dereito internacional. Digo só desde outubro de 2023 porque non podemos esquecer que en maio o pobo palestino conmemora a denominada Nakba, en lembranza do momento no que en 1948 estas persoas foron forzadas polo Estado de Israel a abandonaren os seus fogares. Iniciouse un éxodo masivo con millóns de persoas refuxiadas. De acordo coa Axencia das Nacións Unidas para a poboación refuxiada palestina no Oriente próximo, foron 6 millóns de persoas.

Nestes últimos días, asistimos a un perigosísimo salto, coa participación dos Estados Unidos nos ataques a Irán, en apoio de Israel e dos seus propios intereses no territorio. Agar-



damos que o cesamento do fogo se manteña, pois lembremos que o secretario xeral da ONU cualificou o ataque dos Estados Unidos a Irán de «ameaza directa á paz internacional e á seguridade» e chamou a todos os estados membros da ONU a respectaren as súas obrigas, de acordo coa Carta fundacional da ONU e as demais regras da Lei internacional. O que está a acontecer en Palestina non se trata dunha guerra, senón dun xenocidio planificado. (*Aplausos.*)

Trátase dun xenocidio planificado no que se violan todas as leis do dereito internacional e do dereito internacional humanitario. Israel está a violar o dereito de autodeterminación do pobo palestino e a executar o exterminio racista deste pobo. Non o di unicamente o BNG: a ONG Human Rights Watch denomina os ataques de Israel «crimes de *apartheid*»; Amnistía Internacional denuncia que Israel está a cometer un xenocidio en directo; Médicos sen Fronteiras afirma que as autoridades e as forzas israelís están a levar a cabo unha campaña de castigo colectivo e de limpeza étnica contra os palestinos de Gaza; e o Tribunal Penal Internacional ordenou o arresto de Benjamin Netanyahu por crimes de guerra e de lesa humanidade. Un informe do Servizo de Asuntos Exteriores da Unión Europea, de hai só uns días, corrobora as acusacións da ONU de que Israel é culpábel de ataques indiscriminados, fame, tortura e *apartheid* contra Palestina. Este documento determina que existen indicios de que Israel estaría a incumprir as súas obrigas en relación cos dereitos humanos derivadas do acordo da asociación entre a Unión Europea e Israel. O mesmo informe determina que o bloqueo de alimentos por parte de Israel estaría a provocar que medio millón de persoas en Gaza —unha de cada cinco— poidan morrer de fame e recoñece que Israel está a usar a fame como arma de guerra, ademais de falar de ataques indiscriminados con armamento pesado en lugares nos que se refuxiaban civís, entre os que se atopaban bebés, crianzas e persoas con discapacidade.

O informe da Unión Europea fala do asasinato dun importante número de xornalistas e asume que estes asasinatos forman parte dunha tentativa deliberada de Israel para limitar a información de cara a Gaza e para evitar que se coñezan as consecuencias dos seus ataques. Este informe europeo fai referencia a documentos do Tribunal Penal Internacional sobre segregación racial e *apartheid* na agresión israelí na ribeira occidental, en Xerusalén oriental. Por desgraza, onte o Consello Europeo decidiu, a pesar deste informe, non suspender o acordo de asociación entre a Unión Europea e Israel, retratando cal é o verdadeiro compromiso da Unión Europea co pobo palestino e cos dereitos humanos. Esta decisión danará a credibilidade europea para sempre, xa que este informe fai que sexa imposíbel, a día de hoxe, afirmar que a Unión Europea descoñeza o xenocidio e a limpeza étnica, cruel e criminal que está a cometer Israel.

Por outra banda, o pobo galego demostra, sempre que ten ocasión, que rexeita o xenocidio ao que está sometido o pobo palestino. Así o demostran as moitas concentracións que se organizan nas vilas e nas cidades galegas desde outubro de 2023 en apoio do pobo palestino. O pasado 10 de xuño tivo lugar en Vigo unha manifestación, apoiada por máis de 42 colectivos, que colapsou o centro da cidade, na que se defendeu o dereito do pobo palestino á súa autodeterminación e na que se rexeitou calquera vínculo que poida implicar o máis mínimo apoio, implícito ou explícito, á lexitimidade do Goberno de Israel na súa cruel e racista política de exterminio. Isto tamén, por certo, fai referencia ao comercio de todo tipo, especialmente de armas, con Israel, que debe de ser cancelado inmediatamente, custe o que custar.



Ao mesmo tempo que todo isto acontece, Alberto Núñez Feijóo afirma que Netanyahu «*no es un genocida; el pueblo israelí no es genocida*». Ao mesmo tempo que outros gobernos do mundo se desmarcan da política asasina de Israel —lembramos, por exemplo, os nove países do Grupo da Haia, que están a iniciar accións para responsabilizar Israel polas súas violacións do dereito internacional— e que estes países, institucións e entidades de todo tipo —dos que estamos a falar— condenan a política de Israel, o Goberno galego e a vicepresidenta primeira do Parlamento de Galiza reciben o encargado de negocios da embaixada de Israel en España, que na actualidade está a exercer como embaixador en funcións. Esta reunión coincide cun dos momentos máis graves desta masacre, cando Israel está a mostrar a súa faciana máis agresiva contra o pobo palestino, unhas horas despois de que bombardease unha escola que servía de refuxio e de que ordenase unha evacuación masiva en Gaza.

O señor Gamallo, director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, que foi quen se reuniu co representante israelí, afirmara na Comisión 1ª uns días antes —estas son declaracións literais do señor Gamallo—: «O que está pasando neste momento en Palestina, o que quere facer o Estado de Israel en Palestina, é inaceptable».

Daquela non entendemos a que se debe esta recepción, a que obxectivos responde e por que se fai precisamente neste momento no que o Estado de Israel está cuestionado polo xenocidio que está a acometer. Non entendemos nin moito menos compartimos que se faga un xesto simbólico de apoio totalmente innecesario, indigno e inhumano desde as institucións de todos os galegos e galegas ao representante dun estado xenocida e criminal. (*Aplausos.*)

Ás veces parece que o Partido Popular considera que as institucións dos galegos e das galegas son da súa propiedade. Se cadra por iso, o señor Rueda non sente a obriga de cesar un conselleiro denunciado por agresión sexual, se pon do lado da persoa denunciada e nin un só membro do Goberno galego nestes vinte días enviou unha mensaxe de apoio á vítima. O Partido Popular ás veces esquece que Goberno galego está ao servizo de todos os galegos e galegas, e entrégase aos postulados máis ultras, como, por exemplo na Inspección Educativa, e tamén neste asunto.

Nós rexeitamos calquera apoio a esta escalada bélica, rexeitamos que o Goberno galego apoie a estratexia do Goberno de Israel e rexeitamos calquera ataque contra a soberanía do pobo palestino. Rexeitamos que o Partido Popular utilice as institucións do pobo galego para poñelas ao servizo do Estado criminal e xenocida de Israel.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

¿Señor Ojea? Renuncia á súa quenda de intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Ben, non é a primeira vez que debatemos este tema no Pleno, que falamos do que está a suceder en Oriente Medio. E xa vai aproximadamente un mes dende



que falamos, dende que debatemos aquí, por última vez, sobre este tema. E, por desgraza, temos que seguir lamentando as mortes de civís e a actitude antihumanitaria que está a levar a cabo o Estado de Israel.

Pareime a pensar, na preparación desta intervención, nas novidades que había neste conflito dende o último debate nesta Cámara e, con desolación, decateime de que ningunha noticia positiva me veu á cabeza. No último mes, os ataques contra a poboación mantivéronse, e a isto sumouse o control total da axuda humanitaria por parte de Israel, que, non só humilla unha poboación famélica, senón que tamén os tirotea cando van recoller alimento. Unha forma de proceder que supera con creces a definición de inmoralidade e que, cando pensas que o nivel de crueldade contra esta poboación é insuperable, decátaste de que non é así.

Outra novidade neste conflito é o ataque de Israel e dos Estados Unidos a Irán, que está a tremer a estabilidade da paz internacional, con consecuencias que prefiro nin imaxinar.

Pois ben, nese escenario belicista no que nos atopamos, cada vez son máis voces na rúa as que piden o cese destes ataques e da limpeza étnica que se quere facer en Palestina.

E, falando de limpeza étnica, tamén me gustaría lembrar un texto que lin hai uns días que facía unha referencia, porque neste ano, 2025, se cumpren oitenta anos da liberación do campo de Auschwitz, data ademais na que se conmemora o Holocausto: seis millóns de xudeus foron asasinados. É importante lembrar tamén a similitude entre o que fixo Hitler co xudeus e o que está a facer Netanyahu co pobo palestino. Decía este artigo como Europa nos anos corenta permanecía allea ao que estaba a pasar, e contaba tamén como Hitler, con sospeitas de poder perder a guerra, buscou a denominada solución final; solución final á existencia de xudeus europeos. E foi cando os enviou en masa aos campos de exterminio. Europa quixo reaccionar, pero xa chegou tarde. Pois, por desgraza, oitenta anos despois, estamos a ver que Europa está a chegar tamén tarde.

En febreiro do ano 2024, hai un ano e varios meses, Pedro Sánchez e o primeiro ministro de Irlanda xa lle pediron a von der Leyen que revisase se Israel cumpría as condicións dende o punto de vista dos dereitos humanos. E obtiveron a calada por resposta.

Pasaron quince meses e trinta mil mortos para que isto se decida; se decida e se revise timidamente. Porque din dende a Unión Europea que entenden que hai indicios de incumprimento dos dereitos humanos e ameaza en suspensión. E tamén, por primeira vez, se revisan eses acordos comerciais entre Israel e os 27.

E, neste clima, Dan Poraz, o embaixador israelí en funcións, foi recibido por partida dobre en Galicia. Por unha banda, no Parlamento, onde se reuniu coa señora Candia, vicepresidenta da Cámara. E, por outra parte, co Goberno galego, co director xeral de Relacións Exteriores. Encontro, ningún dos dous, na axenda oficial. ¿A que tiñan medo? ¿Que agachaban, señorías do PP? Pois eu voules dicir que agochaban vostedes.

Por unha parte, agochaban, con relación ao encontro co Parlamento da señora Candia, que vulneraban vostedes a separación funcional e de competencias que garante o equilibrio de



poderes dentro da nosa autonomía, porque dixeron que pediron consentimento ao Goberno. Vulneraron os principios de neutralidade, transparencia e respecto á pluralidade política que ten que representar esta Cámara. Para nós, supón un uso unilateral e politizado da representación institucional do Parlamento de Galicia que vulnera o principio de imparcialidade e bo funcionamento democrático desta Cámara. Unha falla de transparencia e de diálogo previo que constitúe un feito moi grave, ao tratarse dun acto de carácter diplomático, que, ademais, transmitiu unha imaxe de apoio a unha posición política que para nada representa a totalidade desta institución nin foi avalado democraticamente polos grupos que a conformamos.

E, por outra banda, en relación á recepción por parte do Goberno galego do embaixador en funcións de Israel, tendo en conta a situación na que nos atopamos, parécenos —e refírome ás relacións diplomáticas entre España e Israel— dunha deslealdade e unha provocación total. E, para iso, só é necesario escoitar a Poraz cualificando de moi radicais os ministros españois que falan de xenocidio; ou cando, hai un mes, tivo que ser convocado polo, señor Albares, tras o ataque israelí contra unha declaración diplomática en Cisjordania na que había un español, ou outras declaracións —podo poñer moitos máis exemplos—, como as declaracións ou ameazas en relación co sistema Pegasus ou o bloqueo do barco de axuda humanitaria, onde tamén había españois.

Señorías do PP, ¿de que lado están vostedes? ¿De que lado está o Goberno galego? ¿Do lado do Estado español ou do lado de Israel, que está arrinconando e asasinando unha poboación con intención de ocupar o seu territorio? Porque vostedes, tan patriotas que son e tanto que se enarboran en bandeiras cada vez que saen á rúa, aclárennos de que lado están vostedes.

Nós, os socialistas, témolo claro; así o manifestamos dende o inicio. Estamos e estaremos coa postura que vén mantendo o Estado español, e insistiremos en que a resposta dun Estado ao ataque dun grupo terrorista non pode ser o exterminio dunha poboación. E condenamos os sucesivos ataques do Goberno de Israel en Palestina e, especialmente, na Franxa de Gaza, que están a causar unha das maiores catástrofes humanitarias do século XXI.

Neste contexto, señorías do Partido Popular, non caben nin silencios, nin branqueamentos, nin equidistancias. Non se trata de política exterior, senón de defender o respecto aos dereitos humanos dende os nosos territorios, pero tamén dende a responsabilidade ética, coa denuncia da barbarie, o apoio á legalidade internacional e a defensa da dignidade humana. E iso non se fai con estas recepcións, senón que se fai pedindo dende o Goberno galego o alto ao fogo, a apertura de corredores humanitarios que freeen a fame e os padecementos que está a sufrir a poboación e, por suposto, con diplomacia internacional orientada a esa paz estable e duradeira que constituiría o recoñecemento dos dous estados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.



Señorías, é difícil atopar un exemplo máis claro de incoherencia que o do BNG con esta iniciativa que estamos a debater, á que se sumou agora o PSOE despois da intervención da señora Castro.

Na exposición de motivos desta iniciativa, acúsase o Estado español —tamén a Unión Europea, pero o Estado español— de ser cómplice dun xenocidio. Tamén se acusa o Goberno de España de ocultar —abro aspas— «vergoñentos contratos coa industria militar sionista». Acúsase o Goberno de España de non romper relacións militares, comerciais e diplomáticas co Estado de Israel. E, despois de todo isto, chégase á conclusión de que é a Xunta de Galicia a que debe de pedir desculpas por cumprir coas súas obrigas.

Certamente sorprendente. Porque, señorías, forma parte das obrigas de calquera administración pública manter relacións coas delegacións diplomáticas de calquera nación, independentemente das simpatías que as actuacións do seu Goberno poida esperar, e —iso si, señora Castro, que se lle esqueceu— sempre en consonancia coas directrices establecidas por quen ten a competencia exclusiva en materia de relacións exteriores, que é o Goberno de España a través do seu Ministerio de Exteriores.

Foi o Goberno do señor Sánchez quen rompeu o consenso relativo ao referendo de autodeterminación do Sáhara. Foi o Goberno do señor Sánchez quen decidiu recoñecer unilateralmente o Estado palestino. Foi o Goberno do señor Sánchez quen decretou un embargo na compra de armamento israelí. Foi o Goberno do señor Sánchez quen decidiu romper ese embargo e mercar armamento a Israel. Foi o Goberno do señor Sánchez o que, despois de asinar ese contrato, decidiu rompelo, pagar o custo das armas que xa non íamos recibir, e permitir a un fabricante israelí duplicar o seu beneficio revendendo esas mesmas armas a outro terceiro comprador. Pois, señorías, é tamén o Goberno socialista o que decidiu que sigamos a manter relacións diplomáticas con Israel, pero —iso si— o BNG considera que é a Xunta quen debe de desculparse. Non o Goberno de España, non os seus socios, non os que teñen a competencia exclusiva, non; ten que ser a Xunta por cumprir a súa obriga. ¡Que enorme grado de cinismo, señorías! ¡Que enorme grao de cinismo! (Aplausos.)

A Xunta de Galicia, señorías, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo toda a súa actividade internacional, sempre, sempre, dende o escrupuloso respecto ao marco diplomático establecido polo Goberno de España, e así o vai seguir facendo. E cómpre recordar —que parece que non o fan as súas señorías— que España non rompeu por agora relacións con ningún país nin con ningunha delegación. Ata agora, a medida máis dura que se adoptou foi a retirada da nosa embaixadora en Bos Aires, en resposta ás alusións do presidente arxentino aos casos de corrupción da presidenta do Goberno. Unhas ofensas que o señor Sánchez, á luz da decisión tomada, considera de maior gravidade que o que está acontecendo en Ucraína, en Gaza ou en Venezuela, por citar só algúns exemplos.

O Goberno galego recibiu o representante de Israel, do mesmo xeito que se ten reunido cos representantes rusos, cos representantes venezolanos e tamén cos representantes palestinos. Non hai demasiado, co seu embaixador e tamén cos representantes da prensa palestina. E sempre o fai na busca de preservar os intereses de Galicia neses países, e sen que iso supoña, en ningún caso, compartir as decisións, as actuacións ou os réximes dos gobernos e



os seus países; todo o contrario. O Goberno galego ten expresado con total claridade a necesidade dos avances democráticos en cada un deses países, e son outros grupos parlamentarios os que teñen manifestado a súa simpatía por algún destes réximes totalitarios e os que os teñen branqueado, como branquearon os seus abusos, os seus crimes e os seus *pucheros*, sen ata agora pedir perdón. Hai que ter moi pouca memoria ou moi pouca vergoña para vir aquí dar leccións de humanidade cos seus antecedentes.

Pregúntovos, señorías: ¿onde estaba o BNG namentres, segundo datos da OEA, o réxime de Maduro asasinaba máis de 18.000 venezolanos? ¿Onde estaba o BNG namentres, segundo esa mesma organización, o réxime do señor Maduro practicaba torturas e máis de 15.000 detencións ilegais? ¿Onde estaba o BNG namentres 7,9 millóns de refuxiados venezolanos tiñan que abandonar o seu país pola represión e a fame? ¿Onde estaban vostedes namentres se detiñan os candidatos dos partidos da oposición venezolana? ¿Onde estaban namentres se perpetraba un *puchero* e o señor Maduro se autoproclamaba presidente sen facer público o escrutinio? Pois recórdolle eu. Estaban ao lado do tirano, xustificando os seus abusos, insultando a oposición democrática e branqueando o infame *puchero* para bochorno de todos os galegos. Leccións de vostedes, moi poucas nesta materia, señorías. (*Aplausos.*)

o PSOE non. O PSOE estaba en Barajas recibindo unha señora perseguida por crimes contra a humanidade, tamén de maneira vergoñenta, e ocultando a información ao conxunto dos españois. Vostedes non poden dar leccións disto. Vostedes estaban co tirano, como antes estiveron con outros tiranos en Cuba, en Nicaragua, en tantos outros lugares.

A Xunta de Galicia, non. O Goberno galego reuniuse co representante israelí para trasladarlle a mesma postura que vén defendendo publicamente con total claridade: o rexeitamento da dramática situación que se está vivindo en Gaza e a necesidade de avanzar na busca de solucións para rematar o conflito, en busca dunha paz estable e duradeira en Oriente Medio, baixo as mesmas premisas que xa foron desgranadas, por certo, neste Parlamento: rexeitamento dos ataques terroristas perpetrados por Hamas no 7 de outubro de 2023; apertura de corredores humanitarios que permitan a chegada de axuda para a poboación civil sen obstáculos; cese da actividade militar contra a poboación civil cunha resposta armada totalmente desproporcionada; negociación e respecto dun alto o fogo entre as partes; liberación dos reféns israelís e dos presos palestinos; evitar a escalada rexional do conflito, e manter a colaboración que xa mantemos dende hai anos coa ONU a través da Axencia de Refuxiados para Palestina.

Como dixeron hai uns días, as imaxes de morte e barbarie que cada día recibimos de Gaza resultan sobrecolledoras e insoportables. Como insoportables e sobrecolledoras foron as imaxes dos atentados sufridos por civís israelís. E non, señorías, non é equidistancia. É constatar que nos doe por igual a morte dun neno palestino que a dun neno xudeu; a morte dunha muller palestina que a dunha muller xudía, e a morte de calquera vítima civil, sexa cal sexa a súa raza, a súa cor, a súa relixión ou o seu pensamento político. Iso marca unha clara diferenza.

Galicia seguirá apostando polo diálogo e pola negociación como as mellores ferramentas para solucionar conflitos internacionais e para procurar a paz estable e duradeira que creo que todos desexamos, dende a lealdade aos nosos aliados, e, por suposto, con respecto aos nosos cidadáns. A situación en Oriente Medio creo que é o suficientemente grave e preocu-



pante como para ser abordada con rigor e sen un populismo que en nada contribúe a solución. Nós seguiremos a tomarnos en serio a solución de conflitos internacionais e humanitarios, sen necesidade de recorrer...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...á banalización ou á demagogia.

Por certo, señora Taibo, eu pídolle un mínimo de rigor. Vostede afirmou aquí que o señor Feijóo dixo: «*Netanyahu no es un genocida*». Voulle ler as súas declaracións: «Un Estado non é xenocida. Pido que non se mire para outro lado ante a atrocidade que está producindo o Goberno de Netanyahu». Hai unha gran diferenza entre os estados e os gobernos que toman as decisións. Por certo, hai tamén algunhas diferenzas importantes nas comparacións que fai vostede, señora Castro. Eu voulle dar só un dato que creo que talvez lle faga reflexionar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...—remato xa—. A poboación en Gaza, dende que está alí asentado Israel, multiplicouse por dez. Os xudeus europeos pasaron de nove millóns e medio en 1933 a tres millóns e medio despois da guerra.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ¿Cre que é o mesmo multiplicar a poboación por dez que reducil a menos da metade? (*Aplausos.*) Eu, señorías, simplemente lles recordo que o termo «xenocidio» se inventou para describir tal barbarie que vostede se permite banalizar.

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señor Pazos. Moitas grazas.

(*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor. Silencio.

Turno de peche para a autora da proposición.

A señora TAIBO CORSANEGO: Señor Pazos, a verdade é que estou bastante abraiada. Despois de case sesenta mil mortos, esa é a súa argumentación.

Teño moito que dicir, mais comezo polo argumentario. Eu alégrome de que aluda vostede a Venezuela. Só lle faltou falar de Bildu e da UPG para chegar ao bingo do argumentario do Partido Popular.

Pedíame vostede un pouco de rigor. Unha busca rápida en Google nestes segundos do xornal *Público*: «*Feijóo se niega a hablar de genocidio en Palestina y pide frenar el acoso y derribo contra Israel*». (*Aplausos.*)



Está ben que nos indique que a súa obriga, a obriga do Goberno galego do Partido Popular, é reunirse cun Estado que está a cometer un xenocidio. Por iso, se cadra, non o comunicaron aos grupos parlamentarios. Por iso non se falou e se fixo pola porta de atrás.

E queríalle lembrar tamén que —non sei se o sabe— o Bloque Nacionalista Galego non está no Goberno do Estado.

En todo caso, vostede fala de que o Goberno galego se reúne con todo tipo de gobernos e que iso non significa que compartan a súa ideoloxía. Agradecemoslle tamén que nos aclare o contido dese encontro. Parece ser que recibiron o representante do Estado de Israel para dedicarse a equiparar vítimas e verdugos. Parece ser que ese foi o contido principal dese encontro.

Falaba vostede de que non quere dedicarse á equidistancia, que non é o seu argumento. En todo caso, insisto, non é un conflito, señor Pazos, é un xenocidio. E non o di o Bloque Nacionalista Galego. Lémbrolle todo o que lle acabo de explicar hai uns minutos do que din as entidades internacionais de axuda humanitaria e o que di tamén a Organización das Nacións Unidas.

Non sei se o señor Gamallo —tal e como lle dicía hai uns momentos— está de acordo, se se sentiu obrigado a participar nese encontro ou se está de acordo coas afirmacións que se fixeron hoxe aquí. Dende logo, a nós parécenos extremadamente grave que se utilice —como dicía hai uns minutos— calquera institución pública, que se utilicen institucións que son de todos os galegos e as galegas, para reunirse cun Estado que está a cometer un xenocidio e que está a asasinar a poboación civil cando vai procurar axuda humanitaria.

Fala de que isto se fixo de xeito normal, de xeito habitual, como se fai en todos os tipos de encontros diplomáticos. Non entendemos, insisto, que se fixese ocultando esa información aos demais grupos —xa se fixo no seu día, e o Bloque Nacionalista Galego fixo explícito o seu rexeitamento a esta forma de proceder— e insistimos en que si que está a exercer a equidistancia o señor Pazos. O que está a acontecer entre Israel e Palestina non é un conflito, non é unha guerra, e as vítimas e os verdugos non poden estar colocados na mesma posición. Non é un conflito, señor Pazos; é un xenocidio.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Taibo.

Como xa lles indiquei no inicio do debate, esta era a última proposición non de lei.

Rematamos a sesión polo día de hoxe.

Quedará suspendida e reanudarase mañá ás 10.

Boa tarde noite a todas e todos.


Suspéndese as sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

